

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 10

SESION ORDINARIA DE 26 DE ABRIL DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	Iglesias Carrera, José Manuel
Arias Moreira, José Carlos	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Barros Punte, Miguel	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Calviño Rodríguez, Julio	Méndez Piñeiro, María José
Coello Bufill, Antonio	Molares Pérez, Lucía Emilia
Comesaña Abalde, Carlos	Pérez Castrillo, Lois
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Mariño, Ventura
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Polo Lima, María Soledad
Fernández Davila, María Olaia	Porteiro García, María Josefa
Fernández Fernández, Amador	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Figueroa Vila, José Manuel	Sío Lourido, Belén
Graña Barcia, María Luisa	Soto Ferreiro, Manoel
Guerra Fernández, Javier Jorge	Toba Girón, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dezasete minutos do día vinteseis de abril do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA.- Antes de comezar queremos gardar un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero en España durante todo o que levamos de ano, retomando así o acordado no anterior mandato. Prégolles a todos que se poñan de pé.

Neste intre todas as persoas presentes no salón de sesións, postas en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (93).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 23/27.02.04 E 2/8.03.04)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes as sesións do Pleno da Corporación ordinaria de 23 de febreiro e extraordinaria do 27 do mesmo mes, así como as actas das dúas sesións extraordinarias que tiveron lugar os días 2 e 8 de marzo de 2004.

2.- (94).- INTERVENCIÓN DE REPRESENTANTE DA "MARCHA MUNDIAL DAS MULLERES".

ANTECEDENTES.- Con data 21 de abril de 2004, a "Marcha Mundial das Mulleres" solicita por mediación do Consello Municipal da Muller, a intervención perante o Pleno da Corporación dunha representante da devandita Marcha.

A PRESIDENCIA: No Consello da Muller do pasado 21 de abril a Coordinadora da "Marcha Mundial das Mulleres" solicitou presentar ó Pleno do Concello este grande evento que se realizará na nosa cidade o vindeiro 22 e 23 de maio e que vai reunir na nosa cidade a máis de 30.000 mulleres de toda Europa, por iso a Presidenta do Consello da Muller, a Concelleira da Muller, Sra. Molares, trasládame esta petición.

Ímoslle pasar a palabra a D^a Aurea González González, vicepresidenta do Consello Municipal da Muller.

INTERVENCIÓN DE D^a AUREA GONZÁLEZ: A Coordinadora Europea da Marcha Mundial das Mulleres decidiu celebrar na Galiza a mobilización europea do ano 2004. En concreto será a cidade de Vigo a que durante os días 22 e 23 de maio

acolla todas as actividades desta mobilización, que van moito máis alá dun simple encontro entre mulleres. As previsións sinalan que ó redor de 30.000 mulleres procedentes de toda Europa estarán na nosa cidade baixo o lema da mobilización "Diferentes si, desiguais non".

Os obxectivos fundamentais da Marcha Mundial das Mulleres son loitar contra a violencia de xénero e contra a feminización da pobreza. A Coordinadora Galega ten participado activamente na Marcha Mundial das Mulleres, unha iniciativa xurdida en Quebec no ano 2000 e que supón unha rede feminista internacional que loita a prol dun mundo máis xusto, democrático, en paz e igualdade. Ante o gravísimo problema da violencia de xénero e da pobreza das mulleres, a Marcha Mundial considera necesario e urxente un cambio da estrutura social que permite que milleiros de mulleres morran ano tras ano debido á violencia masculina ou á fame. Esa convicción é a que leva marcado as mobilizacións da marcha a nivel europeo, en Bruxelas ou, a nivel mundial, en Washington e Nova Iorque.

Agora tócanos ás mulleres galegas e especialmente ás mulleres de Vigo artellar e protagonizar unha iniciativa que non ten antecedentes nin no país nin na cidade. Ó redor de 30.000 mulleres de toda Europa chegarán a Vigo porque, a pesar dos quilómetros que nos separan e das realidades diferentes que vivimos, compartimos soños, esperanzas e propostas para construír unha Europa diferente máxime nun momento no que se está a debater a futura Constitución Europea, a Carta Magna que sentará as bases do noso futuro.

As mulleres de Europa queremos unha Europa de todas. Queremos unha Constitución que recolla a plena equiparación de mulleres e homes na vida política, económica, social e cultural; que garanta os dereitos sociais e a calidade de vida; que defenda e preserve os sistemas públicos de protección social; que permita a chegada e a integración das persoas inmigrantes, que defenda o dereito das mulleres a dispoñer do noso corpo e a elixir o noso modo de vida, a nosa sexualidade, a nosa orientación sexual. Unha Europa da igualdade, a xustiza e a solidariedade.

Qué vai ter lugar en Vigo? A activa presenza das galegas na rede que conforma a Marcha Mundial das Mulleres foi determinante á hora de decidir que Vigo fose o escenario da mobilización europea.

Qué é o que vai acontecer os días 22 e 23 de maio na cidade? O programa deste encontro europeo abrangue iniciativas que combinan a reivindicación, a reflexión intelectual, o intercambio e debate de ideas e o aspecto

lúdico-festivo, con forums, feira feminista, concertos e unha grande mobilización das mulleres de toda Europa que percorrera as rúas da nosa cidade o día 23 de maio. É dicir, queremos visibilizar a nosa presenza e protagonismo no conxunto da sociedade e poñer enriba da mesa os principais problemas que nos afectan, pero tamén formular as nosas propostas e alternativas e amosar a enorme creatividade que posuímos.

Por todos estes motivos, a Marcha Mundial das Mulleres solicita:

A adhesión do Pleno do Concello de Vigo á mobilización europea da Marcha Mundial das Mulleres dos días 22 e 23 de maio na nosa cidade baixo o lema "Diferentes si, desiguais non" cos obxectivos de loitar contra a pobreza e a violencia de xénero.

3.- (95).- APOIO DO CONCELLO DE VIGO Ó LEMA "DIFERENTES SI, DESIGUAIS NON", DA MARCHA DAS MULLERES A CELEBRAR EN VIGO OS DÍAS 22 E 23 DE MAIO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de abril de 2004 a "Marcha mundial das mulleres" solicita ó Consello Municipal da Muller que o Pleno da Corporación manifieste o seu apoio á Marcha mundial das mulleres que, co lema "Diferentes si, desiguais non", se vai celebrar en Vigo os próximos días 22 e 23 de maio.

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Como responsable da Concellería da Muller quero mostrar a nosa adhesión a este lema "Diferentes si, desiguais non". A marcha mundial de mulleres está organizando este grande acontecemento na nosa cidade que pretende reunir a máis de 30.000 mulleres de toda Europa e leva colaborando connosco durante estes meses na organización deste grande evento.

Dende distintos departamentos do Concello, a través do departamento de Cultura, de Festas, de Xuventude, Policía, Departamento de Tráfico estamos, xunto con elas, tentando preparar este evento para que sexa un grande acontecemento e que todas as mulleres que veñan á nosa cidade sintan unha grande acollida e unha boa organización.

Para iso o Concello de Vigo aportará máis de 60.000 euros, ademais de poñer ó dispor da Marcha mundial das mulleres locais e instalacións e todo o noso apoio.

Pero este grande evento, ademais de reunir a tantas mulleres, é un momento importante para as mulleres de toda Europa. En Europa a realidade das mulleres, a situación na que viven é diferente, pero non tan diferente que non nos permita estar xuntas reivindicando un posicionamento sobre os dereitos da muller.

Xa Aurita comentaba que hai dous temas moi importantes: a violencia de xénero e a feminización da pobreza. Xuntas temos que reivindicar e reflexionar para acadar unha sociedade mellor para todas e todos.

Por tanto eu, ademais de solicitar dos demais Grupos esa adhesión ó lema "Diferentes si, desiguais non" quero salientar tamén o traballo que veñen realizando estas mulleres, que van seguir contando con todo o noso apoio e que xuntos todas as viguesas e vigueses poidamos acadar que ese evento, os días 22 e 23 de maio, sexa un grande acontecemento para as mulleres de toda Europa e que academos mellorar a situación real das mulleres, mellorar o seu posicionamento na vida social, cultural, económica e tamén na vida política, entre todos solidarizármonos e facer que as mulleres acaden o posto que se merecen na sociedade.

SR. SOTO FERREIRO: Brevemente para dicir en primeiro lugar que asumimos todo o dito pola representante da organización da Marcha, que esperamos e desexamos que sexa un fito histórico no longo camiño en que as mulleres de todo o mundo están a traballar para acadar a súa liberdade.

Dixen en máis dunha ocasión e dígoo unha vez máis que o tema da violencia de xénero é a máis vergoñenta das escravitudes e é unha escravitude deste século.

Ás veces non serve demasiado ou non abonda o feito de que teoricamente se poida ser libre. A sociedade ten que albeirar con dereitos, ten que garantir proporcionando medios suficientes ás persoas para que cada unha delas poida exercitar a liberdade. ¿De qué serviría a liberdade de todos nós se nunha esquina de calquera rúa, calquera individuo ameázanos e impídenos facer o que, sen prexudicar ós demais, queremos facer?

As mulleres están constringidas dun xeito moito máis grave ca este leve exemplo que acabo de expoñer. Están constringidas moitas veces ás súas casas, a non as abandonar por razóns que moitas veces engádense unha á outra; a de que non queren, non poden ou non deben quizais (non sei en qué sentido, Deus me libre de entrar en xuízos dese tipo) abandonar ós seus fillos, porque os poden abandonar ós mesmos feitos gravísimos que elas

están a sufrir en carne propia, nunca mellor dito, ó tempo que a violencia lles provoca unha situación, pola organización social que temos de tempo atrás, de absoluta indefensión porque non saben qué facer cos seus fillos ó día seguinte se realmente ousan dar o valente paso de abandonar a quen as maltrata.

Espero que o máis axiña posible a sociedade sexa quen de rematar con esta lacra social porque é unha auténtica lacra social e para rematar con ela todos os medios que se empreguen serán poucos.

Eu aprobei no seu día -ademais encantando- a moción que propuxo aquí, coido que foi a Sra. Gandón (que me corrinxan os señores do BNG se erro) que precisamente propuxo gardar un minuto de silencio cada vez que houbera unha muller morta. Ademais fixo un paralelismo que daquela a algúns nos desconcertou pero que hoxe teño absolutamente asumido. É certo que en España, e é unha estatística terrorífica, hai moito maior número de mortes por violencia de xénero que por terrorismo de ETA. A seguir que cada quen pense cara dentro e que pense sobre todo o Goberno de España: ¿Empregamos os mesmos medios técnicos e humanos para que non haxa esas mortes por violencia de xénero? ¿Empregamos os mesmos medios ca os que usamos para loitar contra o terrorismo de ETA? Se non é así, porque non é así ¿Por qué non, se hai moitas máis mortes?

Queda moito por facer, pero en todo caso eu quero abrir unha porta á esperanza. Coido que o Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero, e dígoo con absoluta contundencia, contemplou proposicións no seu programa electoral que espero que se materialicen canto antes, non para resolver milagreiramente este tema, que non se vai facer dun día para outro, pero si para empezar a lle poñer -espero- o principio do fin.

Gracias ás mulleres polo traballo que están a facer, porque traballando por si mesmas están a traballar por toda a sociedade. Moitas gracias.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: En primeiro lugar queremos agradecer a intervención de D^a Aurea González que en nome da Coordinadora da Marcha mundial das mulleres nos acaba de expoñer o programa e os obxectivos que as xornadas do 22 e 23 de maio se propuxeron nesta cidade de Vigo. Agradecerllo sinceramente porque para nós é unha satisfacción poder vivir nesta cidade un acontecemento das características que nos acaba de expoñer a Sra. González, porque quero lembrar que no inicio, cando a Marcha mundial de mulleres comezou a funcionar, diferentes grupos de mulleres do noso país

comezaron a aglutinarse ó redor desta Coordinadora da Marcha mundial que hoxe está constituída e participaron en distintos eventos que a nivel internacional, europeo, etc., se fixeron.

Polo tanto é unha satisfacción, como digo, porque foi a virtude destas mulleres que, aínda pertencendo a distintos colectivos, se organizaron de tal xeito que poideran coordinar unha serie de traballos que para a loita e o traballo en defensa da igualdade de xénero son fundamentais.

Polo tanto, o traballo desta Coordinadora e destas mulleres galegas, entre as que hai moitas mulleres de Vigo, fixo que a nivel Europeo se tivera o suficiente prestixio para que se considerara axeitado que Galicia fose ese lugar para facer estas xornadas da Marcha mundial dos días 22 e 23 de maio. É de agradecer, pola miña satisfacción, comprobar que algo que semellaba moi difícil, como facer unhas xornadas destas características e co nivel con que están organizadas, sexa efectivamente unha realidade.

Dende logo, tendo en conta que esta é unha efemérides artellada por unhas organizacións, digamos non vinculadas ás institucións, pero que foron quen de involucralas e a outras entidades co traballo que fixeron, evidentemente isto é moi de agradecer porque quere dicir que neste país e nesta cidade temos mulleres cunha capacidade de traballo e sobre todo de ilusión para loitar polos dereitos da igualdade das mulleres que realmente as institucións se deben sentir obrigadas a apoiar.

Entendemos que efectivamente o apoio do Concello de Vigo é algo que debe ser indiscutible e alegrámonos de que Vigo disfrute desas xornadas. Volvemos felicitar á Marcha mundial e volvemos agradecer, porque repito que para nós é unha grandísima satisfacción actos coma este e sobre todo a vontade que teñen estas mulleres para defender a igualdade e para loitar contra esa violencia de xénero da que antes se falaba, son fundamentais e imprescindibles para acadar os obxectivos. Moitas grazas.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Sra. Concelleira, nós transmitímoslle -como non- a adhesión do noso Grupo municipal a esta iniciativa e agradecemos a presenza no Pleno da representante da Coordinadora e á súa vez felicitámola coma nova Vicepresidenta do Consello Municipal da Muller, cargo que ten máis que merecido pola súa traxectoria e que tivo o voto unánime de todas as persoas que integramos ese Consello.

Querería salientar, e gustaríame facer esta reflexión en común con todas as compañeiras e compañeiros da Corporación, que este é un paso máis en algo

que caracteriza á cidade e ó Concello de Vigo que é a continuidade no compromiso co traballo a prol das mulleres.

Hei salientar que todas as Corporacións democráticas desta cidade tiveron sempre un compromiso inequívoco neste terreo. Coido que é algo que dignifica de xeito extraordinario a imaxe dunha cidade que ás veces os analistas consideran carente de elementos, de sinais, de identidade ou de elementos que favorezan a súa autoestima. Nada que nos poida facer ter alta a autoestima, nada máis nin nada mellor que algo coma isto que é unha continuidade no tempo e eu quero personalizar neste momento o meu agradecemento na figura da actual Concelleira da Muller, Sra. Molares, que non só non desbota o traballo encetado por outras Corporacións mesmo de signo político diferente, como dicía antes a Sra. Fernández, no momento en que era Concelleira da Muller polo BNG, nun momento inmediatamente anterior a este que era unha Concelleira do Grupo Socialista, e vostede, Sra. Molares, asume, mantén e proxecta un traballo que pola acumulación e pola sinerxia será eficaz.

Querería salientar que a cidade de Vigo vai ter unha visibilidade internacional que nos debe axudar a proxectar este compromiso dos movementos sociais e dos gobernos, porque sen ambas patas non se pode facer o camiño.

Gustaríame propoñerlle ó Goberno, neste caso á Sra. Alcaldesa, que cursara a invitación pertinente tanto ós representantes institucionais da Xunta de Galicia como do Goberno central para que tomen parte, para que polo menos visiten, estean en Vigo e participen dun evento desta categoría e transcendencia internacional. Estamos ante un momento no que o cambio social xa se está a producir; de xeito lento, como sempre nos semella ás persoas que temos unha, non digo que especie de sensibilidade, senón unha preocupación ó mellor máis antiga neste tema, con medidas lexislativas contra a violencia de xénero como a que proximamente teremos ocasión de debater no Parlamento español, cunha posición contra intervencións bélicas por parte do Goberno como todos coñecemos (tampouco quero facer máis fincapé niso), tamén con medidas tendentes á paridade real nos órganos de goberno do país que coido que están a facer de España un lugar que chama a atención, que vai ser un referente internacional no compromiso a favor da posición das mulleres na sociedade.

Evidentemente que a feminización da pobreza e que a violencia de xénero sexan os dous argumentos centrais desta Marcha só nos pode facer felicitar

á organización, desexarlle o maior éxito posible e lamentármonos en todo caso da falla de apoio institucional doutras instancias políticas de máis alto nivel que obrigan a que o Concello de Vigo asuma na súa totalidade o custo desta iniciativa que en principio paga a pena en todo caso aínda que así sexa.

Gustaríanos tamén que a iniciativa privada nalgún momento se mostrase solidaria con este tipo de iniciativas, sería importantísimo e coido que sería o seguinte paso que habería que dar e así llo formularemos no seu momento ó Consello Municipal da Muller. Do mesmo xeito que se patrocinan eventos deportivos, actividades culturais, con moita máis razón a iniciativa privada terá que se comprometer tamén co custo de actividades deste tipo.

Por tanto, Sra. González, grazias, noraboa, adiante e que todos esteamos aí e nos sintamos ben representados.

A PRESIDENCIA: Dende logo que estou convencida de que a Marcha mundial das mulleres fará as invitacións -e eu póñoome á súa disposición- a todas as institucións que sexan necesarias.

Agradezo o traballo que se está a facer por parte da Coordinadora e co noso compromiso de apoio pediría que esta votación fose por aclamación. Votamos por aclamación o apoio do Concello de Vigo a este lema "Diferentes si, desiguais non" da Marcha mundial das mulleres que se vai realizar os días 22 e 23 de maio. Moitas grazias.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Manifestar o apoio do Pleno da Corporación Municipal de Vigo á Marcha mundial das mulleres que, co lema "Diferentes si, desiguais non", se vai celebrar en Vigo os próximos días 22 e 23 de maio.

4.- (96).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DO 15.04.04, DESIGNANDO REPRESENTANTE DO CONCELLO NO PATRONATO DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS. (EXP. 1282/406)

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 13 de abril de 2004, a Alcaldía-Presidencia emitíu a seguinte resolución:

"Vista a Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, publicado no BOE do 2 do mesmo mes.

Visto o artigo 7.2.C) da devandita Lei que sinala que formará parte do Patronato un representante de cada un dos Concellos que abranguen o termo municipal no que está ubicado o Parque Nacional.

En uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar representante do Concello para formar parte do Patronato do Parque Nacional marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, ó concelleiro delegado do Medio Ambiente, D. José Manuel Figueroa Vila.

Segundo.- Notificar a presente resolución ó director de "Parques Nacionales" da Secretaría Xeral do Medio Ambiente.

Terceiro.- Dar conta ó Pleno do Concello da presente resolución."

A comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior resolución.

De todo a anterior a Alcaldía-presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este enterado.

5.- (97).- ESCRITO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL SOCIALISTA PROPOÑENDO O NOMEAMENTO DA CONCELEIRA M^a LUISA GRAÑA BARCIA COMO MEMBRO DO CONSELLO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO EN SUBSTITUCIÓN DA CONCELEIRA M^a XOSÉ PORTEIRO GARCÍA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 22 de abril, o voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Pérez Mariño, o cambio da concelleira D^a M^a Xosé Porteiro García, nomeada membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión plenaria do día 29 de decembro de 2003, pola concelleira do mesmo grupo D^a M^a Luisa Graña Barcia.

(No momento da votación están ausentes as Sras. Fernández Davila e Molares Pérez e o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Nomear membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo á concelleira do Grupo Municipal Socialista D^a M^a Luisa Graña Barcia, en substitución da concelleira do mesmo grupo D^a M^a José Porteiro García.

6.- (98).- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE ENTRE AS RÚAS JENARO DE LA FUENTE, CATALUÑA E EXTREMADURA. PROPOSTA DESESTIMATORIA (EXP. 7920/411).

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2004, o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"1º. Con data 30 de xaneiro de 2004, o técnico de administración xeral do servizo de Planeamento e Xestión emitíu o informe que segue:

"Con data do 24 de setembro de 2002 a mercantil "Grupo Empresarial CYL, S.L." presentou, para a súa aprobación por esta Administración municipal, un estudo de detalle para reordenar a edificabilidade prevista na totalidade da superficie dunha parcela situada fronte ás rúas Jenaro de la Fuente, Cataluña e Extremadura, de 627 m² de superficie, dos cales unha parte atópase en solo clasificado como urbano, remitido ás determinacións do estudo de detalle e proxecto de compensación de Jenaro de la Fuente, cun volume máximo de 4.850,96 m³, equivalente a 1.616,98 m² de superficie construída, e o resto clasificado como solo urbano, cualificado coa ordenanza 1.1.B de edificación en quinteiro pechado.

O estudo de detalle redactouse polo arquitecto D. Jose A. Martín Curty e conta con visado do COAG de datas 13 de setembro e 29 de outubro de 2002.

A aprobación deste estudo de detalle ten de ser informada desfavorablemente.

Dunha parte, porque trala entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os estudos de detalle, de acordo co seu artigo 73.1, só poderán redactarse para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas. Como queira que

o estudo de detalle presentado refírese a unha concreta parcela do quinteiro definido polas rúas Jenaro de la Fuente, Cataluña, Extremadura e Monforte de Lemos e non ó quinteiro completo, e que a devandita norma lle é aplicable ó estudo de detalle presentado por disposición da transitoria terceira da LOUGA, procede rexeitar a aprobación do mesmo.

Doutra parte, porque o estudo de detalle parte de considerar como cualificada coa ordenanza 1.1.B unha porción da superficie da parcela incluída no ámbito do estudo de detalle de Jenaro de la Fuente, ó non ter sido incluída esta no proxecto de compensación do dito ámbito, sendo así que aínda que tal superficie non se incluíra no dito proxecto de compensación, sí se incluíu no ámbito do estudo de detalle que é a figura á que corresponde ordenar os volumes edificables do ámbito e que non contempla, na superficie a que nos referimos, ningún volume susceptible de ser ordenado no estudo de detalle que nos ocupa.

A exclusión da referida superfice do proxecto de compensación xera un problema que deberá resolverse, ben coa modificación do propio proxecto de compensación, ou ben con ocasión da revisión do Plan Xeral en marcha, pero non alcanza a provocar -tal exclusión- a modificación da ordenación aprobada polo referido estudo de detalle de Jenaro de la Fuente."

2º.- Á vista do anterior informe, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 16 de febreiro de 2004, acordou rexeitar a aprobación inicial do dito estudo de detalle.

3º.- É o caso que por sentenza do 27 de novembro de 2003, dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 02/4815/1999, interposto por D. José Fernández Aguiar, contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 7 de outubro de 1999, polo que se denegou a aprobación definitiva dun estudo de detalle na rúa Couto de San Honorato, estimouse o dito recurso por considerar que a competencia para tal denegación era do Concello-Pleno e non do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, ó corresponder a aquel, di a sentenza, "la aprobación que pone fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación e gestión previstos en la legislación urbanística y nada distinto puede extraerse de los artículos 15 y ss. del Reglamento de Gestión que al tratar de las Gerencias Urbanísticas no les reconoce competencia para la aprobación definitiva de estos instrumentos.

(...) cuando el Ayuntamiento alega -prosigue a sentencia no seu fundamento xurídico terceiro- que para la aprobación de los instrumentos es desde luego competente el Pleno pero no así para las denegaciones, que puede dictar la Gerencia, está utilizando un argumento falaz, por la sencilla razón de que rechazar la aprobación de cualquier instrumento de planeamiento o, en general, de cualquier solicitud, es tanto como hurtar al Pleno la posibilidad de otorgarla, es decir, cercenar de raíz sus propias competencias."

4º.- Por todo o exposto e á vista da doutrina contida na dita sentenza, procede que o Concello-Pleno se pronuncie sobre a desestimación acordada pola Xunta de Goberno Local..."

Polo exposto, o técnico asinante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 25 de marzo de 2004 propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente a Sra. Fernández Davila)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, do vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Rexeitar a aprobación inicial do estudo de detalle presentado polo "Grupo de Empresas CYL, S.L.", con data do 24 de setembro de 2002, redactado polo arquitecto D. Jose A. Martín Curty, con datas de visado do COAG do 13 de setembro e 29 de outubro de 2002, para a reordenación da edificabilidade prevista para a totalidade da superficie dunha parcela situada fronte ás rúas Jenaro de la Fuente, Cataluña e Extremadura, de 627 m² de superficie, dos cales unha parte atópase en solo clasificado como urbano, remitido ás determinacións do estudo de detalle e proxecto de compensación de Jenaro de la Fuente, cun volume máximo de 4.850,96 m³, equivalente a 1.616,98 m² de superficie construída, e o resto en solo clasificado como urbano, cualificado coa ordenanza 1.1.B de edificación en cuarteirón pechado.

Segundo.- Notifíquese en legal forma o presente acordo ós interesados no expediente.

7.- (99).- APROBACIÓN INICIAL DO ESTUDO DE DETALLE NA TRAVESÍA DE VIGO NÚM. 51. PROPOSTA DESESTIMATORIA. (EXP. 8134/411).

ANTECEDENTES.- Con data 17 de marzo de 2004, o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"1º. Con data do 6 de febreiro de 2004, o técnico de administración xeral do servizo de Planeamento e Xestión emitíu o informe que segue:

"Con data do 27 de xaneiro de 2003 o arquitecto D. Ramon Reboreda Martínez, en representación de D^a María Concepción Ríos Parga e D. Javier Romero González, presentou ante esta Administración municipal un estudo de detalle para a parcela sinalada co número 51 da Avda. Travesía de Vigo, dunha superficie de 430 m², co obxecto de reordenar o volume edificable de toda a parcela, considerándoa en toda a súa totalidade cualificada coa ordenanza 1.1.B, de edificación pechada.

O arquitecto municipal, con data do 6 de marzo de 2003, informou desfavorablemente o estudo de detalle presentado, polas razóns que seguen:

- Erro no cómputo da edificabilidade asignada polo PXOU á parcela que é de 1.711,36 m² e non de 2.046,33 m².*
- Os criterios para a aplicación da excepción de altura son aplicables na ordenanza 1.1, pero neste caso as edificacións que supostamente xustifican a excepción están situadas nunha zona de ordenanza 1.2.C e deben considerarse como fóra de ordenación.*
- O estudo de detalle presentado aumenta a superficie de ocupación da ordenanza 1.1.B, en contra do disposto no artigo 73.2 da LOUGA, no que se establece que os estudos de detalle non poden alterar o destino urbanístico do solo.*

Polo demais, os estudos de detalle, de acordo co devandito artigo 73 da LOUGA, deberán redactarse para quinteiros ou unidades urbanas equivalentes completas, non admitíndose, como ocorre no presente caso, para parcelas individuais, non constitutivas dun quintero ou unidade urbana equivalente completa."

2º.- Á vista do anterior informe, a Xunta de Goberno Local, en sesión do 23 de febreiro de 2004, acordou rexeitar a aprobación inicial do dito estudo de detalle.

3º.- É o caso que por sentenza do 27 de novembro de 2003, dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 02/4815/1999, interposto por D. José Fernández Aguiar, contra o acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 7 de outubro de 1999, polo que se denegou a aprobación definitiva dun estudo de detalle na rúa Couto de San Honorato, estimouse o dito recurso por considerar que a competencia para tal denegación era do Concello-Pleno e non do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, ó corresponder a aquel, di a sentenza, "la aprobación que pone fin a la tramitación municipal de los planes y demás instrumentos de ordenación e gestión previstos en la legislación urbanística y nada distinto puede extraerse de los artículos 15 y ss. del Reglamento de Gestión que al tratar de las Gerencias Urbanísticas no les reconoce competencia para la aprobación definitiva de estos instrumentos.

(...) cuando el Ayuntamiento alega -prosigue a sentencia no seu fundamento xurídico terceiro- que para la aprobación de los instrumentos es desde luego competente el Pleno pero no así para las denegaciones, que puede dictar la Gerencia, está utilizando un argumento falaz, por la sencilla razón de que rechazar la aprobación de cualquier instrumento de planeamiento o, en general, de cualquier solicitud, es tanto como hurtar al

Pleno la posibilidad de otorgarla, es decir, cercenar de raíz sus propias competencias."

4º.- Por todo o exposto e á vista da doutrina contida na dita sentenza, procede que o Concello-Pleno se pronuncie sobre a desestimación acordada pola Xunta de Goberno Local..."

Polo anteriormente exposto, o técnico asinante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do 25 de marzo de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Molarez Pérez e o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Rexeitar a aprobación inicial do estudo de detalle, con visado do COAG do 30 de decembro de 2002, presentado o 27 de xaneiro de 2003, polo arquitecto D. Ramon Reboreda Martínez, en representación de D^a María Concepción Ríos Parga e D. Javier Romero González, sobre a parcela sinalada co número 51 da Avda. Travesía de Vigo, dunha superficie de 430 m², para a reordenación do volume edificable da mesma.

Segundo.- Notifíquese en legal forma o presente acordo ós interesados no expediente.

8.- (100).-RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN DA RÚA MANUEL ALVAREZ. (EXP. 147/413).

ANTECEDENTES.- Con data 15 de marzo de 2004 a técnica de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sra. Parajó Calvo, informa do que segue:

"Visto o expediente referenciado no asunto, resultan relevantes para a resolución do mesmo os seguintes feitos:

1.- O Pleno do Concello de Vigo, por acordo adoptado en sesión ordinaria de data 6 de xuño de 2003 resolveu, en base ós antecedentes e fundamentos xurídicos que constan na súa parte expositiva:

"Primeiro.- Estimar, estimar parcialmente e desestimar as alegacións interpostas durante o trámite de información pública no procedemento de referencia, no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

Segundo.- Aprobar definitivamente a declaración de utilidade pública e necesidade de ocupación dos concretos bens e dereitos afectados polo ensanche e mellora da rúa Manuel Álvarez, entre a rúa Ramón Nieto e estrada vella de Madrid -implícita na aprobación do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana, de acordo co proxecto e planos elaborados pola oficina de Ordenación urbana-, de acordo co proxecto e planos elaborados pola oficina municipal de actuacións viarias, e co listado que se reproduce no Anexo deste acordo, (expte. 147/413).

Terceiro.- Solicitar da Administración autonómica a declaración de urxente ocupación dos terreos afectados pola expropiación, polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo.

Cuarto.- Publíquese este acordo no BOP, no DOG, nun diario dos de maior circulación da Provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello. Notifíquese o seu contido íntegro ós interesados, alegantes, Ministerio Fiscal, e Oficina de Actuacións Viarias, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso de reposición no prazo dun mes ante esta Administración municipal, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses."

Este acordo notificouse e publicouse debidamente no Taboleiro Oficial de anuncios do Concello de Vigo, no Faro de Vigo do 26 de setembro de 2003, no Boletín Oficial de Pontevedra nº 193, do 7 de outubro de 2003, no Diario Oficial de Galicia do 21 de outubro de 2003.

2.- Contra o acordo anteriormente exposto interpuxéronse oito recursos de reposición:

- a) Con rexistro de entrada de data 14 de agosto de 2003 e número de documento 30070406, por don DELIO RODRÍGUEZ PÉREZ.
- b) Con rexistro de entrada de data de 29 de agosto de 2003 e número de documento 30073406, por dona FELISA DOVAL BLANCO.
- c) Con rexistro de entrada de data 9 de setembro de 2003 e número de documento 30076119, por don JOSÉ LAGO ALONSO.
- d) Con rexistro de entrada de data 19 de setembro de 2003 e número de documento 30079929, por don ROBERTO IGLESIAS GÓMEZ.
- e) Con rexistro de entrada de data 22 de setembro de 2003 e número de documento 30080218, por dona ROSA FERNÁNDEZ VILLAR.
- f) Con rexistro de entrada de data 1 de outubro de 2003 e número de documento 30083272, por dona MARÍA-ELISA BUENO MACIA.
- g) Con rexistro de entrada de data 1 de outubro de 2003 e número de documento 30083380, dona MARÍA-GLORIA MARTÍNEZ ESTÉVEZ achega recurso de reposición interesando a rectificación da parcela P-071, manifestando descoñecer se resulta afectada unha galería situada preto do xardín.
- h) Con rexistro de entrada de data 2 de outubro de 2003 e número de documento 30083670, por dona MARÍA-DEL-CARMEN PEREIRA MOLEDO.

3.- Dos recursos interpostos déuselle traslado á oficina municipal de actuacións viarias, que os informou a excepción do achegado por dona MARÍA-GLORIA MARTÍNEZ ESTÉVEZ, segundo consta no documento con rexistro de entrada do 4 de decembro de 2003 e número 30107266, do seguinte teor literal:

"RECORRENTE: D. Delio Rodríguez Pérez.
DOCUMENTO: 30070406.
OBXECTO: Impugna o acordo interesando a rectificación do inventario de bens correspondente á parcela P-014, manifestando igualmente que descoñece os metros cadrados que resultan afectados polo proxecto de referencia.
INFORME: Polo que atinxe ó motivo de impugnación referente ó inventario tómase razón dos bens que segundo o recorrente resultan afectados, non obstante será no levantamento da acta previa á ocupación, ó que será oportunamente convocado, cando se concretarán con exactitude os bens que resultan afectados na dita parcela. En canto á superficie que se expropia na parcela de referencia é a que consta no proxecto de expropiación publicado e aprobado.
PROPOSTA: Desestimar o recurso.

RECORRENTE: D^a Felisa Doval Blanco.
DOCUMENTO: 30073406.
OBXECTO: Impugna o proxecto de referencia solicitando que o vial teña un ancho de 12 metros no lugar dos 14 metros previstos e que a execución do mesmo se faga de maneira que se afecte o menos posible á propiedade da recorrente, representada no plano parcelario como parcela P-038.
INFORME: Polo que atinxe ó motivo de impugnación o ancho e a aliñación da vía proxectada son os previstos no PXOU 1993, que aínda está vixente, e polo tanto o presente proxecto axústase ás previsións contidas no planeamento.
PROPOSTA: Desestimar o recurso.

RECORRENTE: D^a Rosa Fernández Villar.
DOCUMENTO: 30070406.
OBXECTO: Impugna o acordo interesando a rectificación do inventario de bens correspondente á parcela P-036. Manifiesta a súa preocupación polas medidas que deberán adoptarse en relación á contención de terras e solicita a reposición do muro de peche da súa propiedade.
INFORME: Polo que atinxe ó motivo de impugnación relativo ó inventario de bens, tómase razón dos bens que segundo a recorrente resultan afectados, non obstante será no levantamento da acta previa á ocupación, ó que será oportunamente convocada, o momento no que se concretarán con exactitude os bens que resultan afectados na parcela da súa propiedade. En relación ás medidas constructivas que deberán observarse na execución do presente vial, están contempladas no proxecto de urbanización. Por último, en canto á reposición do peche que resulta afectado, a propietaria na acta previa á ocupación da súa parcela poderá realizar as alegacións que estime convenientes en relación á reposición do peche.
PROPOSTA: Desestimar o recurso.

RECORRENTE: D. Roberto Iglesias Gómez.
DOCUMENTO: 30079929.

OBXECTO: Impugna o acordo interesando a rectificación do inventario de bens correspondente á parcela P-009.

INFORME: Polo que atinxe ó motivo de impugnación, tómase razón dos bens que segundo o recorrente resultan afectados, non obstante será no levantamento da acta previa á ocupación, ó que será oportunamente convocado, o momento no que se concretarán con exactitude os bens que resultan afectados.

PROPOSTA: Desestimar o recurso.

RECORRENTE: D. José Lago Alonso.

DOCUMENTO: 30076119.

OBXECTO: Impugna o acordo interesando a rectificación do titular da parcela P-053, para que se faga contar como titulares da mesma a don JOSÉ LAGO ALONSO e a dona VISITACIÓN LAGO ALONSO. Achega fotocopia de escritura de compravenda outorgada en data 15 de febreiro de 1973, perante o notario don TEODORO AZAUSTRE TORRECILLA, baixo o número 162 do seu protocolo.

INFORME: Polo que atinxe ó motivo da impugnación, tómase razón do mesmo procedendo a convocar ó acto do levantamento da parcela P-053 a D. José Lago Alonso e a D^a Visitación Lago Alonso, aclarando nese acto os posibles erros que poideran existir en canto á titulariedade da dita parcela, á vista da documentación que aporten.

PROPOSTA: Desestimar o recurso.

RECORRENTE: D^a M^a del Carmen Pereira Moledo.

DOCUMENTO: 30083670.

OBXECTO: Impugna o acordo interesando a rectificación do inventario de bens correspondente á parcela P-069, manifestando igualmente que descoñece se en relación ó galpón que resulta afectado na dita parcela se procederá á súa reposición ou ó aboamento do seu valor.

INFORME: Polo que atinxe ó motivo de impugnación, tómase razón dos bens que segundo a recorrente resultan afectados, non obstante será no levantamento da acta previa á ocupación, ó que será oportunamente convocada, o momento no que se concretarán con exactitude os bens que resultan afectados na parcela da súa propiedade. En canto ó galpón cómpre sinalar que os propietarios afectados por un expediente expropiatorio teñen dereito a ser indemnizados co valor dos bens e dereitos expropiados, e isto sen prexuízo de que decidan solicitar a reposición dos ditos bens, en cuxo caso será a Administración expropiante a que, previa petición formulada polo propietario, deberá decidir se accede á reposición no lugar de aboar o valor do ben afectado.

PROPOSTA: Desestimar o recurso.

RECORRENTE: D^a M^a Elisa Bueno Macía.

DOCUMENTO: 30083272.

OBXECTO: Impugna o acordo interesando a rectificación do titular da parcela P-017, que constaba a nome de titular descoñecido, solicitando que se faga constar como titular da mesma a dona MARÍA ELISA BUENO MACÍA. Achega fotocopia de escritura de compravenda outorgada en data 25 de maio de 1999, ante o notario don JOSÉ-PEDRO RIOL LÓPEZ, baixo o número 1.687 do seu protocolo.

INFORME: Polo que atinxe ó motivo de impugnación, tómase razón do mesmo procedendo convocar ó acto do levantamento da parcela P-017 a D^a.María Elisa Bueno Macía, aclarando nese acto os posibles erros que puideran existir en canto á titularidade da dita parcela, á vista da documentación que aporten.

PROPOSTA: Desestimar o recurso."

4.- Por Decreto 424/2003, do 20 de novembro, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 238, do 9 de decembro de 2003, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta do Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local, declarou a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Vigo, dos bens e dereitos necesarios para a realización das obras do proxecto de alongamento e mellora da rúa Manuel Álvarez.

5.- Con data do 9 de xaneiro de 2004 o Sr. concelleiro delegado de Urbanismo ordena a publicación do anuncio de levantamento das actas previas á ocupación do proxecto de expropiación da rúa Manuel Álvarez, que foi debidamente notificado e publicado no Taboleiro Oficial de anuncios do Concello de Vigo, no xornal "FARO DE VIGO", do 16 de xaneiro de 2004 e no Boletín Oficial de Pontevedra nº 14, do 22 de xaneiro de 2004.

6.- Nas actas previas á ocupación correspondentes ás parcelas dos recorrentes levantadas en datas de 4, 6, 9 e 10 de febreiro de 2004, obrantes no expediente, fanse constar as relacións de bens afectados, así como a descrición dos títulos da propiedade.

A estes feitos, sonlle de aplicación os seguintes fundamentos de dereito:

I. En canto á competencia, segundo o artigo 116 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, correspóndelle ó Pleno do Concello de Vigo.

II. En canto á tramitación do recurso de reposición, resultan de aplicación ademais os artigos 107 a 113 e 117 da mesma Lei.

III. En canto á obriga de resolver e resolución extemporánea, resultan de aplicación os artigos 42, 43 e 84 do mesmo corpo legal.

IV. En canto ós motivos alegados nos recursos de reposición, resulta de aplicación ós interpostos por don DELIO RODRÍGUEZ PÉREZ, don JOSÉ LAGO ALONSO, don ROBERTO IGLESIAS GÓMEZ, dona ROSA FERNÁNDEZ VILLAR, dona MARÍA-ELISA BUENO MACIA, dona MARÍA-GLORIA MARTÍNEZ ESTÉVEZ e dona MARÍA-DEL-CARMEN PEREIRA MOLEDO, o establecido no artigo 52.3ª da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 "*En el día y hora anunciados se constituirán en la finca que se trate de ocupar el representante de la Administración, acompañado de un Perito y del Alcalde o Concejel en que delegue, y reunidos con los propietarios y demás interesados que concurran, levantarán un acta, en la que describirán el bien o derecho expropiable y se harán constar todas las manifestaciones y datos que aporten unos y otros y que sean útiles para determinar los derechos afectados, sus titulares, el valor de aquéllos y los perjuicios determinantes de la rápida ocupación. Tratándose de terrenos cultivados, se hará constar el estado y extensión de las cosechas, los nombres de los cultivadores y el precio del arrendamiento o pactos de aparcería en su caso. Si son fincas urbanas, se reseñará el nombre de los arrendatarios, el precio del alquiler y, en su caso, la industria que ejerzan. Los interesados pueden hacerse acompañar de sus peritos y un notario*". Como informa a oficina municipal de actuacións viarias, é nese momento procesal do levantamento das actas previas á ocupación cando procede a concreción dos bens que resultan afectados nas parcelas e clarexar a titularidade das mesmas.

V. En canto ó recurso de reposición achegado por dona FELISA DOVAL BLANCO, informa a oficina municipal de actuacións viarias que o ancho e aliñación da vía proxectada son os previstos no PXOU de 1993, vixente, polo que en aplicación do principio de obrigatoriedade dos instrumentos de planeamento recollido no artigo 56 da anterior Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, e no artigo 101 da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, procede a súa desestimación.

VI. Asemade resulta de aplicación ó manifestado por Dona Rosa Fernández Villar o disposto no artigo 31 da anterior Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia e no artigo 110 da da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, de xeito que, como informa a oficina municipal de actuacións viarias, as medidas constructivas que deberán observarse na execución do presente vial están contempladas no proxecto de urbanización."

Visto o exposto anteriormente, a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 25 de marzo de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Molarez Pérez e o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Estimar parcialmente os recursos de reposición interpostos por don DELIO RODRÍGUEZ PÉREZ, don JOSÉ LAGO ALONSO, don ROBERTO IGLESIAS GÓMEZ, dona ROSA FERNÁNDEZ VILLAR, dona MARÍA-ELISA BUENO MACIA, dona MARÍA-GLORIA MARTÍNEZ ESTÉVEZ dona MARÍA-DEL-CARMEN PEREIRA MOLEDO, contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo, adoptado en sesión ordinaria de data 6 de xuño de 2003, polo que se aprobou definitivamente o proxecto de expropiación da rúa Manuel Álvarez, no senso de que as cuestións suscitadas por estes recorrentes haberíanse de ter en conta no levantamento de actas previas á ocupación, como consta nas actas que obran no expediente.

Segundo.- Desestimar o recurso interposto por dona FELISA DOVAL BLANCO contra o acordo do Pleno do Concello de Vigo, adoptado en sesión ordinaria de data 6 de xuño de 2003, polo que se aprobou definitivamente o proxecto de expropiación da rúa Manuel Álvarez, por canto o ancho e a aliñación da

vía proxectada son os previstos no PXOU 1993, que aínda está vixente e polo tanto é de obrigado cumprimento.

Terceiro.- Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados coa expresión de que contra el procede a interposición de recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses, sen prexuízo de que exerciten calquera outro que estimen procedente.

9.- (101).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDO DE DETALLE DO CUARTEIRÓN NÚM. 90 DO PEEC. (EXP. 7565/411).

ANTECEDENTES.- Con data 25 de marzo de 2004, o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"Con data 18 de marzo de 2002 a entidade mercantil "Red Inmobiliaria Diz S.L." presenta no Rexistro Xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, solicitude para aprobar un estudo de detalle no cuarteirón 90 do Plan especial de edificios a conservar, definido polas rúas Lóriga, Ecuador, Finisterre e Venezuela, segundo proxecto redactado polos arquitectos D. José Manuel Ogando, D. Enrique Urdiales Santiago e D. Minguel Marín Irazola, visado polo colexio correspondente o 12 de marzo e 17 de xullo de 2002.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 30 de abril de 2003, aprobou inicialmente o estudo de detalle que ten por obxecto fixar as aliñacións interiores do cuarteirón, os seus fondos edificables e as alturas de cornixa de cada fronte de rúa, finalidades previstas no artigo 73.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 65.1 do Regulamento de planeamento urbanístico do 23 de xuño de 1978, de aplicación segundo o establecido na Disposición transitoria sexta da citada Lei.

Sometido o expediente ó trámite de información pública mediante a inserción de anuncios no xornal diario "Faro de Vigo" do 30 de maio de 2003, DOG nº 134, do 11 de xullo de 2003 e BOP do 12 de xuño de 2003, e notificado individualmente ós propietarios e demais interesados directamente afectados comprendidos no ámbito territorial do estudo de detalle, non se presentou durante o prazo conferido ó efecto ningunha alegación.

O estudo de detalle inicialmente aprobado axústase ás finalidades e determinacións dos artigos 73 da Lei 9/2002, do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 65 do Regulamento de planeamento urbanístico. Na súa tramitación seguíuse o procedemento sinalado no artigo 86.2 da LOUGA, e obtívose o informe favorable do Sr. director xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia,

S.Ordinaria 26.04.06

de conformidade co previsto no artigo 54 da Lei de patrimonio cultural de Galicia, en canto a actuación afecta ó edificio catalogado sinalado co número 24 da rúa Ecuador."

Visto o anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 1 de abril de 2004, propón o Pleno da Corporación a aprobación da citada proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Nós imos votar en contra porque cada vez que sae un tema deste tipo xa argumentamos que nos parece que cando se modifican fondos e rasantes por medio da figura urbanística, o que se fai non é actuación consonte coa legalidade vixente.

Coido que para iso habería que facer en todo caso unha modificación do Plan Xeral e, como non se fai, coido que o que se propón a votación é claramente ilegal.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Molares Pérez e Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintetrés votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Ponte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Ssoto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudo de detalle para fixaR as aliñacións interiores, fondos edificables e as alturas de cornixa de cada fronte de rúa no cuarteirón 90 do Plan especial de edificios a conservar, definido polas rúas Lóriga, Ecuador, Finisterre e Venezuela, segundo proxecto redactado polos arquitectos D. José Manuel Ogando, D. Enrique Urdiales Santiago e D. Minguel Marín Irazola, visado polo Colexio correspondente o 12 de marzo e 17 de xullo de 2002, conforme a documentación da súa aprobación inicial, expediente 7565/411.

Segundo.- Proceder á publicación da aprobación definitiva no Diario Oficial de Galicia e Boletín Oficial da Provincia, con notificación individual ós propietarios afectados.

10.- (102).-CORRECCIÓN DE ERRO NA CARTOGRAFÍA DO PXOU EN RELACIÓN COA ORDENANZA ASIGNADA Á PARCELA NA QUE SE EMPRAZA A CLÍNICA RESIDENCIAL "EL PINAR", NO NÚCLEO 09.09-A M MEIXUEIRO. (EXP. 8958/411).

ANTECEDENTES.- Con data 7 de abril de 2004 o técnico de administración xeral da oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González Yebra-Pimentel, informa do que segue:

"1.- Con data 26 de marzo de 2004, D^a. Mónica Vazquez Noguerol, en representación da entidade "Clínica Residencial El Pinar, S.L." solicitou desta Administración municipal se clarexe o posible erro padecido polo vixente PXOU de Vigo á hora de calificar os terreos sobre os que se empraza o sanatorio psiquiátrico do que é titular a devandita entidade, no núcleo urbano existente 09.09.A "Meixueiro" e se lle informe, de xeito vinculante, sobre cal é a ordenanza de aplicación directa ós devanditos terreos.

2.- Con ocasión da solicitude de licencia para a ampliación da Clínica-Residencia El Pinar -expediente nº 26419/421- de data 21 de febreiro de 1997, a arquitecta municipal informante advertiu que:

"La parcela en la que se enclava dicha edificación con una superficie según escrituras de 5.296 m², se encuentra en suelo urbano dentro del núcleo urbano existente 09.09 Meixueiro, figurando en los planos como ordenanza de aplicación 1.3.B de vivienda unifamiliar aislada de media densidad. Sin embargo entre las ordenanzas de aplicación directa de la ficha del núcleo de Meixueiro, en la que se reconoce la existencia de la clínica psiquiátrica, figura además de la 1.3.B, 1.3.A y 3.3. (cultural), la ordenanza 4.5 de otras instituciones sin que esta venga reflejada en los planos dentro del ámbito del núcleo, por lo que cabe suponer que esta debería ser la ordenanza de aplicación, como en el resto de los sanatorios privados que el plan reconoce."

De acordo co anterior, a arquitecta municipal, con data 11 de xuño de 1997, dirixiuse á oficina municipal de Planeamento en solicitude do informe "sobre la ordenanza aplicable a la parcela de referencia en la que sitúa la Clínica Residencial El Pinar, puesto que si bien la ordenanza grafiada en los planos de ordenación del Plan General es la 1.3.B de vivienda familiar aislada de media densidad, poco apropiada para el uso y que dejaría la edificación existente en situación de fuera de ordenación, la ficha del núcleo 09.09 Meixueiro y la memoria del Plan General recogen la existencia

de ese equipamiento sanitario y dentro de las ordenanzas de aplicación directa 4.5 de zonas para otras instituciones."

3.- O arquitecto municipal en contestación á devandita solicitude de informe emitíu, con data do 16 de xuño de 1997, o que segue:

"Segundo as determinacións do PXOU vixente, por aprobación do Consello da Xunta de Galicia do 29/04/03, o terreo obxecto deste informe atópase situado no núcleo 09.09 Meixueiro, delimitado na parroquia de Lavadores, con 27,31 Has. de superficie, das que 22,37 Has. (entre os que se atopa o terreo da Clínica "El Pinar") clasifícanse como solo urbano directo, 2,56 Has. como solo urbano en unidade de execución, con ordenación remitida a estudo de detalle e 2,37 Has. en solo urbanizable programado, pendente de Plan Parcial.

A ficha de características do núcleo recolle como usos de equipamentos deste núcleo o Hospital Xeral (que curiosamente non está dentro da área delimitada como núcleo, senón nas súas proximidades) e o Sanatorio Psiquiátrico, en clara alusión á Clínica "El Pinar" obxecto deste informe.

Entre as ordenanzas de aplicación directa que figuran na ficha están as ordenanzas 1.3.A, 1.3.B (ambas de vivenda familiar illada), a 3.3 (cultural) e a 4.5 (outras institucións).

Non obstante, nos planos non figuran máis ordenanzas grafiadas no núcleo que as 1.3.B e 1.3.A, non reflectíndose o resto das ordenanzas relacionadas na ficha.

Débase facer constar que a memoria xustificativa do Plan Xeral fai expresa mención, na páxina 71, da existencia como equipamento sanitario privado do Sanatorio Psiquiátrico "El Pinar", do que engade "en estado de conservación óptimo" e que a ficha do núcleo tamén o cita, razóns que nos debe levar a que o Plan non pode considerar o devandito sanatorio "fora de ordenación" senón que, pola contra, debe considerarse recollido nas determinacións do PXOU vixente en canto a usos e ordenación.

En canto a usos, interpretando que a ordenanza de aplicación é a 4.5, de outras institucións, como a xeralidade dos sanatorios privados que o Plan recoñece, e segundo a ordenanza que figura escrita na ficha, aínda que non reflectida no plano.

En canto á ordenación non considerando a edificación existente como "fóra de ordenación".

Todo isto referido, únicamente, á parcela orixinal, é dicir, á vencellada ó sanatorio no momento de aprobación do PXOU."

4.- No mesmo sentido, en contestación á solicitude de información do 26 de marzo de 2004 da entidade "Clínica Residencial El Pinar, S.L.", o aparellador municipal, con data 31 de marzo de 2004, emitíu o informe que segue:

"(...) a parcela sinalada no plano adxunto figura de acordo ás determinacións do PXOU vixente, aprobado definitivamente con data 29 de abril de 1993 e segundo o plano P 21-28 do Plan Xeral en solo clasificado como urbano e

cualificado coa ordenanza 1.3.B. de vivendas unifamiliares illadas de media densidade do núcleo 09 09 Meixueiro. A ficha de características do núcleo recolle como usos de equipamento o Hospital Xeral e o Sanatorio Psiquiátrico obxecto de informe. Con respecto ó Hospital Xeral, este equipamento non se encontra neste núcleo. Entre as ordenanzas de aplicación directa no solo urbano do núcleo, figuran as de vivenda unifamiliar illada 1.3.A. e 1.3.B., a 3.3. de uso cultural e social e a 4.5. doutras institucións. Consultados os planos do núcleo pódese comprobar que as únicas ordenanzas grafitadas nos mesmos son as 1.3.A. e a 1.3.B., non reflectíndose nin a 3.3. nin a 4.5.

A memoria informativa do Plan Xeral, (paxina 71), fai expresa mención da existencia dun equipamento sanitario privado (Sanatorio Psiquiátrico El Pinar), do que engade "en estado de conservación óptimo" e que a ficha tamén o cita, razóns pola que puidera pensarse que o Plan Xeral non considera o citado sanatorio e uso como fóra de ordenación e pola contra podería considerarse recollido nas determinacións do PXOU vixente en canto a usos e ordenación, todo isto referido á parcela orixinal vencellada ó sanatorio na aprobación do PXOU."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- En primeiro lugar cabe dicir que non procede emitir unha información vinculante sobre a cualificación da parcela de referencia, toda vez que a atribución dunha concreta clasificación ou cualificación urbanística ós distintos solos do termo municipal de Vigo, ven determinada polas específicas disposicións establecidas polo Plan Xeral para tales solos e non polas informacións facilitadas ós distintos particulares sobre as ditas clasificacións e cualificacións urbanísticas, de xeito que os sempre posibles erros que se poden cometer nas informacións facilitadas sobre tales extremos non alcanza a modificar as determinacións do Plan Xeral en relación ós mesmos.

II.- Non obstante, á vista dos informes técnicos transcritos nos antecedentes e da contradicción que os mesmos advirten na cualificación urbanística da parcela en cuestión, si cabe proceder á rectificación do erro que tal contradicción implica de acordo co disposto no artigo 105.2 LRX-PAC, segundo o cal "as Administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

Como queira que do conxunto da documentación do Plan Xeral resulta que a ordenanza de aplicación á parcela vencellada ó Sanatorio no momento da súa aprobación é a 4.5 -de zonas para outras institucións- o que por erro, que cabe cualificar de material ou de feito, non se reflectiu así no Plan Xeral, cualificándose esta parcela coa ordenanza 1.3.B, procede a rectificación desta última cualificación, no sentido sinalado, de acordo co dito artigo 105.2 LRX-PAC.

III.- É competente para a dita corrección o Concello-Pleno como órgano competente para a aprobación provisional do Plan Xeral (artigo 85.5 LOUGA e 123.1.i) LRBRL); corrección que deberá ser ratificada polo órgano autonómico competente para outorga-la aprobación definitiva."

Polo anteriormente exposto o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 15 de abril de 2004, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a corrección do erro padecido na cartografía do vixente Plan Xeral de ordenación urbana de Vigo en relación coa cualificación urbanística da parcela de 4.877,78 m² de superficie, ocupada polo Sanatorio Psiquiátrico El Pinar, emprazada no núcleo urbano existente 09.09 A "Meixueiro", que debe figurar cualificada coa ordenanza 4.5, de zonas para outras institucións, e non coa que por erro figura cualificada na cartografía do Plan Xeral, de vivenda unifamiliar illada de media densidade, ordenanza 1.3.B.

Segundo.- Dease traslado do presente acordo para a súa ratificación, se o estima procedente, á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

Terceiro.- Notifíquese o acordo en legal forma á interesada no expediente.

11.- (103).-AUTORIZACIÓN DE INCREMENTO DA PARTIDA DE "PRODUCTIVIDADE".
(EXP. 14969/220).

ANTECEDENTES.- Con data 18 de marzo de 2004 o xefe da Unidade de Persoal, Sr. Córdoba Ardao, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

"No vixente orzamento prorrogado atópanse vacantes os seguintes postos no servizo da Policía Local (cod. 212):

- a) 30 postos de Garda da Policía Local, que foron nomeados funcionarios en prácticas e que tomaron posesión da súa praza con data 9 de xaneiro de 2004, e que durante o primeiro semestre do presente ano, mentres realicen o regulamentario curso de formación na Academia Galega de Seguridade, percibirán unicamente o salario base do posto de traballo que figura no orzamento.

- b) 23 postos de Garda da Policía Local que corresponden a vacantes non cubertas na OEP correspondente ó ano 2001, xubilacións, invalideces, excedencias voluntarias ou falecemento dos seus titulares durante o pasado ano 2003.
- c) 1 posto de Cabo da Policía Local, vacante por se atopar en situación de excedencia voluntaria o que o ocupaba, por ascenso a Suboficial.
- d) 2 postos de Sarxento da Policía Local, vacantes por se atopar en situación de excedencia voluntaria os que o ocupaban, por ascenso a Suboficial.

Como queira que os postos contidos nos apartados b), c) e d) non van ser ocupados alomenos ata o 1 de xullo de 2004, os seus créditos poderían ser utilizados a trimestre vencido, nunha vindeira modificación presupostaria con cargo ós postos e partidas que a continuación se detallan. Así mesmo, poderían utilizarse os créditos dos 30 postos contidos no apartado a) no que respecta ás retribucións complementarias, toda vez que estas non poder ser aboadas ós interesados ata que sexan nomeados funcionarios de carreira ou ata que as prácticas as realicen facendo tarefas propias dos funcionarios do corpo para as que non sexa preciso contar coa condición de funcionarios de carreira, no que neste caso, se lle aboarían tamén as retribucións complementarias do posto durante o tempo que realicen ditas funcións (que en todo caso tería lugar durante os meses de xullo e setembro de 2004).

	POSTO	SERVICIO	PART.	Nº POSTOS	BASICAS (PART. 120.00.00)	COMPLEMENT (PART. 121.00.00)	TOTAL POR PRAZA	TOTAL PRAZA
99	Sarxento Policía Local	Policía Local	222,2	2	4.552,89 €	7.624,11 €	6.088,50 €	12.177,00 €
126	Cabo Policía Local	Policía Local	222,2	1	1.861,41 €	3.044,04 €	4.905,45 €	4.905,45 €
134	Garda Policía Local	Policía Local	222,2	30		86.265,00 €	2.875,50 €	86.265,00 €
134	Garda Policía Local	Policía Local	222,2	19	36.527,46 €	54.634,35 €	4.797,99 €	91.161,81 €
134	Garda Policía Local	Policía Local	222,2	3	6.914,79 €	8.626,47 €	5.180,42 €	15.541,26 €
TO				55	49.856,55 €	160.193,97 €		210.050,52 €
TA	Garda Policía Local	Policía Local	451,1	1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
TO				1	2.360,37 €	2.875,50 €	5.235,87 €	5.235,87 €
Ta								215.286,39 €

A transferencia de créditos obxecto desta proposta enténdese necesaria para facer fronte ós compromisos de gasto imputables á partida de productividades, especialmente habida conta a recente implantación dun programa de dispoñibilidade horaria para o persoal adscrito ó corpo da Policía local durante o primeiro semestre de 2004."

Polo exposto e entendendo o funcionario informante que é competencia do Pleno autorizar as implementacións das partidas de productividades (art. 5.5 do RD 861/86, do 25 de abril), formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 19 de abril de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Esta autorización para o incremento da partida de produtividade ten un obxecto que é continuar co programa de dispoñibilidade da Policía Local.

Imos pois ó obxecto porque o noso Grupo xa manifestou no momento en que o anterior Concelleiro de Tráfico nos presentou este acordo que o entendiamos como unha proposta exclusivamente temporal que remataba a 31 de decembro. Agora vémosla prorrogada e queremos expresar que, dende o noso punto de vista, este non é o camiño.

No ano 2000 o Goberno anterior puxo en marcha un programa de dispoñibilidade da Policía Local que derivaba dun acordo que se refrendou en Comisión informativa de Réxime Interior e presentaba o problema que naquel momento había na Policía Local e que era a escaseza do cadro de persoal. Efectivamente había unha escaseza no cadro de persoal, á parte doutros problemas que tamén foron analizados naquela Comisión, e formulábase a necesidade de aumentar o cadro de persoal da Policía Local precisamente por esas datas.

Dende aquela o cadro de persoal da Policía Local aumentou substancialmente no sentido de que dende o ano 99 ata o ano 2003 -e sen contar o citado 2003- o número de prazas creadas de policía local foron 86 (e non conto o 2003 porque a oferta de emprego público quedou pendente de negociación). Había 86 novas prazas de policía local o que trouxo consigo un incremento orzamentario de gasto no Capítulo I realmente moi importante que expresou o compromiso daquela Corporación anterior co reforzamento en persoal dun servizo que efectivamente tiña déficits.

Ese incremento orzamentario cífrase case nun 40% en relación con datos do ano 99 e tomando como datos a cifra que o Concelleiro de Facenda expresa no proxecto de orzamentos para o ano 2004 que non ten en conta a oferta de emprego público do ano 2004 que está por separado. Pasamos de 6 millóns de euros aproximadamente no Capítulo I de Policía Local, a máis de 8 millóns de euros, incremento exactamente do 37,4%. Ben, xa temos cadro de persoal suficiente de policía local. Estamos nas cifras que se pactaron no ano 99 e no ano 2000.

Polo tanto aquel acordo de dispoñibilidade do ano 99 e 2000, que se substanciaba na necesidade de suplir con xornada de dispoñibilidade -exactamente 16 xornadas de dispoñibilidade- os déficits de cadro de persoal que había na Policía Local está rotundamente superado, agás se existe algún informe que non coñezo da Xefatura da Policía Local que

expresen maiores incrementos do cadro de persoal, cuestión que en principio discutiríamos moi a modiño porque esta administración non debe ir pola lei das rendibilidades decrecentes.

En canto ó acordo propiamente dito, como xa o expresamos cando o anterior Concelleiro de Tráfico o trouxo a este Pleno, entendendo que naquel momento se xustificaba dito acordo en razón das múltiples obras que había na nosa cidade (particularmente citáronse polo anterior Concelleiro de Tráfico as obras do aparcadoiro de Urzáiz e non só esas, senón máis) en función da realización de eventos entre os que estaba a propia realización da World Fishing durante o derradeiro trimestre do ano pasado e a mesma participación do Club da cidade na Liga da Champions, asumindo que se trataba dun acordo temporal, coma un voto de confianza, aceptamos.

Pero o acordo é francamente malo e esta vez si pensamos que non está xustificado. Cada xornada de dispoñibilidade da Policía Local vaille custar a esta administración 171,36 €, cada xornada de axente, é dicir, máis de 28.000 pesetas unha xornada.

No ano 2001, que tamén tiñamos acordo de dispoñibilidade da Policía Local porque naquel momento o cadro de persoal non estaba cuberto, se estaba realizando o concurso do ano 2000, o custo desa xornada era de 10.187 pesetas, agora ímonos a 28.000. Como manteñen vostedes o acordo anterior, iso quere dicir que a diferenza dos acordos dos anos 2000, 2001 e 2002, que aseguraban a efectiva realización destas xornadas, con este acordo non se asegura. Con isto esta administración estaría aboando máis cantidade sen evidentemente acadar máis eficiencia.

Baixo o noso punto de vista é o momento de parar e estudar o cadro de persoal da Policía Local que neste momento ten 90 efectivos máis que no ano 99 e racionalizar os usos do cadro de persoal e o gasto municipal, é o momento. Dende logo que pensamos que non é o momento para continuar prorrogando un acordo que sinceramente xa no mes de novembro non nos gustaba e ademais sabemos que se está executando dende xaneiro de 2004 sen pasar por este Pleno, sen que se discutira a autorización deste Pleno para incrementar o gasto, e polo tanto e con toda a seguridade ímonos ver obrigados, outravolta, a recoñecementos extraxudiciais de crédito.

Mal no fondo e mal nas formas. Este non é o camiño. Gracias.

SR. COELLO BUFILL: Querería precisar con todo o respecto algunha das cousas que manifestou o Sr. Toba.

A dispoñibilidade horaria é un concepto xurídico que naceu co ánimo de dar resposta a múltiples problemas que atopan as corporacións locais á hora de dar servizo á cidadanía. Con esta figura poden superarse obstáculos tales como problemas conxunturais non previstos, escaseza do cadro de persoal ou efectivos dispoñibles en determinadas épocas do ano.

A este respecto teño que puntualizar que nestes momentos se están a formar 30 policíaas na Academia Galega de Seguridade da Estrada, entón son recursos que aínda non temos e que o 30 de xuño estarán xa dispostos neste Concello de Vigo.

Por tanto quero dicirlle ó Sr. Toba que eses 30 policíaas que nestes momentos non temos, veñen reforzar un cadro de persoal que aínda é escaso e que en determinados momentos, como acabo de explicitar, precísanse campañas específicas. Por exemplo no día de de hoxe temos o Xacobeo que como ben sabe vostede é un polo de atractivo importantísimo na nosa Comunidade, chega xente de todos os países limítrofes.

Eu quero dicirlle que teña un pouco de comprensión nesta materia porque é importante a presenza da policía nas nosas rúas.

Tamén lle quero dicir concretamente que o expediente se fixo legalmente e con todos os pronunciamentos. A Xunta de Goberno Local, en sesión realizada o 9 de febreiro de 2004, aprobou o programa de dispoñibilidade horaria para a Policía Local ata o mes de xuño, segundo proposta da súa Xefatura.

Por parte do servizo de Policía Local remitíronse ó departamento de Persoal as liquidacións correspondentes ós meses de xaneiro, febreiro e marzo. En data 2 de abril a Intervención municipal informa que se realizará a modificación da partida correspondente a produtividade.

A liquidación correspondente ó mes de xaneiro tramítase coma indemnización substitutiva por se ter realizado a xornada con anterioridade á aprobación.

Por último, a proposta remítese ó Pleno. Consiste en incrementar, coma ben se dixo, a partida de produtividade cos créditos non consumidos dos meses de xaneiro, febreiro e marzo.

Quería rematar dicindo que o noso compromiso de acordo formal neste Pleno é que unha vez incorporados os 30 policíaas que se están a formar na Academia Galega de Seguridade, loxicamente e con ese incremento do cadro de persoal (que xa discutiremos se non é necesaria algunha proposta máis de aumento de efectivos policiaais) estamos xa dispostos a reconsiderar o plan de dispoñibilidade que nestes momentos para nós si ten virtualidade. Moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Coido que as reflexións introducidas polo Sr. Toba merecen seren analizadas.

É certo que vostedes tamén se atopan cunha realidade obxectiva, que teñen uns números na Academia que aínda non teñen efectividade nas rúas. Pero os datos, as cifras, as exposicións e motivacións que alegou o Sr. Toba tamén están vixentes.

Alén do que dixo tamén o Sr. Toba sobre en base a qué seguen facendo isto, prefiro non calificar o feito de que se fagan cousas sen estar axustadas a dereito, pero dixo outro dato que nos fixo reflexionar a todos. Ás veces en circunstancias extraordinarias hai que facer cousas ben extraordinarias e as retribucións que se están facendo son absolutamente extraordinarias, non sei se é popular ou non o dicir, pero digo honestamente o que sinto. Polo tanto esa excepcionalidade debe durar o que sexa absolutamente imprescindible.

Estou absolutamente convencido e todos ou case todos os que estamos aquí sabemos que estas situacións poden axudar ó mellor funcionamento municipal nun momento determinado, pero son situacións absolutamente desexables polos funcionarios que perciben estas compensacións, cousa humanamente comprensible, pero pasa que a nós, independentemente de que teñamos a parte humana de comprensión, tamén temos a parte de administración dos bens de todos e polo tanto de qué facemos con eles.

Sr. Concelleiro de Seguridade, eu estou disposto, porque estamos na situación que estamos, en marcha, pero dende logo que se nos ten que dicir concretamente qué cadro de persoal realmente precisa a Policía Local, qué obxectivos e polo tanto qué programas e carga de traballo teñen que ter todos e cada un dos axentes e en función diso tomar determinacións ou non complementarias.

Estou disposto responsablemente a que saian do que ó mellor é un atranco dificilísimo, por qué non o dicir, porque hai unha situación en marcha á que hai que lle poñer unha solución, pero dende logo que non é prolongala sen unha xustificación debida que hoxe para min, facendo miñas as verbas do Sr. Toba, non existe. Gracias.

SR. TOBA GIRÓN: Sres. Corporativos e Corporativas, o noso deber é a xestión da cousa pública. Seguramente que humanamente se entende case todo pero o noso deber é a xestión da cousa pública e para iso estamos aquí. O noso

obxectivo é acadar que iso funcione ó custo axeitado. Claro que poden funcionar moito mellor pagando cantidades desorbitadas, cal é este o caso. Pero, primeiro, ou iso está xustificado de xeito absolutamente extraordinario e entón hai que o xustificar de xeito extraordinario ou non podemos seguir percorrendo este camiño.

Como xa lle dixen no seu momento ó Sr. Calviño, como vostedes lembrarán e ademais está nas actas, as cifras son extraordinariamente altas. Estamos falando que no ano 2001 por unha xornada de dispoñibilidade, ó noso dispor, para entendérmonos e ademais unha xornada que se pagaba só cando se realizaba, se non se realizaba non, estabamos pagando unha cantidade de 10.000 pesetas por axente ou 13.000 pesetas por suboficial. Eran cantidades altas, as máis altas xa daquela neste Concello. Pero miren, é que agora estamos falando de aboar 28.000 pesetas por cada xornada, tres veces máis no caso dun axente. No caso dun suboficial estamos falando da frioleira de 40.000 pesetas.

¿Qué xustificación hai? Toda a xustificación que hai no expediente é unha nota da Xefatura na que di que dese xeito se estaba funcionando moi ben. Esa é toda a xustificación que hai no expediente. ¿Cómo non ía funcionar moi ben? Fantástico, se aínda por riba con aquel acordo mesmo se podía aboar sen realización das xornadas.

Nós entendiamos aquilo como extraordinario porque había feitos extraordinarios, pero, Sr. Coello, non nos trae feitos extraordinarios.

O do cadro de persoal xa non existe, era efectivo no 99 pero agora non o é. Vostede, todos e todas contamos con maior cadro de persoal na Policía Local. Haberao que organizar mellor. Por suposto que á Xefatura o máis comodo é dicir: segan vostedes gastando os cartos dos vigueses nun programa de produtividade que agora non se ve xustificado.

Cando se decide gastar o euro público haino que gastar ben, con rigor. Cando se traballa no Capítulo de Persoal hai que traballar con ámbitos de igualdade. Ningún funcionario desta Casa cobra por unha xornada tanto como un axente da Policía Local por unha única xornada de dispoñibilidade. Isto non é normal, hai que o cortar xa, non podemos seguir nesa especie de cabaliños que se acelera cada vez máis. ¿Cal vai ser o punto final? ¿Quen renegocia situacións que non teñen retorno? ¿Onde vai parar esta administración? Este non é o camiño.

Entendemos o compromiso do Sr. Coello e ademais anunciamos que o noso Grupo está disposto a traballar na resolución dos problemas do persoal desta Casa

e tamén, evidentemente, nos problemas da Policía Local. Hai que actuar con cadro de persoal, con orzamentos, pero o crecemento dos orzamentos non é indefinido e as cantidades de cartos públicos deben ser utilizadas de xeito racional e con rigor porque aquí xestionamos os cartos dos vigueses e viguesas e non para favorecer a ningún colectivo, senón para a consecución de mellores servicios porque ademais ise é o noso obxectivo.

Esa consecución de servicios, cando ademais ten que ver coa área de Seguridade, require sobre todo de estudar e asegurar un cadro de persoal axeitado.

Iso fíxose no mandato anterior e teño as cifras aquí. Non falo do 2003 porque xa non nos tocou, pero no mandato anterior se crearon 86 prazas de Policía Local. ¿Vostedes saben cantas se crearon no mandato anterior a ese? Foron 18. Esa diferenza é unha política de compromiso coa seguridade dos vigueses e viguesas. Baixo a perspectiva do noso Grupo, así non podemos seguir andando, é o momento da xestión rigorosa. Non hai feitos nin situacións extraordinarias.

Con todo e co documento da primeira xustificación, se mo permiten, a de final do ano, falábase de cousas coma a festividade da Policía Nacional e da Garda Civil como se fosen absolutamente extraordinarias. Pero é verdade que había acontecementos extraordinarios, había unha serie de acontecementos na cidade que eran realmente extraordinarios, pero aquí non hai ningunha situación extraordinaria, vostedes nin o xustifican, nin o motivan. A única nota da Xefatura di que o Servicio estaba funcionando francamente ben, o que por outra banda, case humanamente (aí si sigo a intervención do Sr. Soto) comprendo que funcionara "francamente ben" porque isto está a custos de asesoría de alto standing.

Isto non pode seguir así. É o momento de se deter. Dende logo o noso Grupo hoxe di que vale xa. Se hai problemas nos reunimos e os discutimos, pero dende logo que seguir pola vía dunha mala xestión de recursos públicos, non. Gracias.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Farei unha intervención que quizais tería que ser un pouquiño longa, pero procurarei ser o máis breve posible para poñer o acento en algo que coido absolutamente importante.

Non é necesario salienta a situación na que o Goberno municipal, logo destas eleccións, atopou ó corpo municipal de Policía, nin as necesidades

polas que pasaba ese Corpo tan importante para o bo funcionamento do Concello.

Había grandes retos a abordar na política de Seguridade, Tráfico e Transportes e había que coller o “touro polos cornos”. Coido que había unha situación de excepcionalidade, como se comentou aquí, por unha serie de acontecementos que había na cidade que obrigaban a que se tomaran medidas especiais que posibilitaran que, entroutras cousas, se dera un salto cualitativo importante no funcionamento do Corpo municipal de Policía.

Non entro xa na necesaria e imprescindible campaña que todos coñecemos como a da dobre fila que significou un grande avance. Á marxe de que na situación actual descendera o seguimento desa campaña e as melloras acadadas no tráfico con ela, coido que Vigo xa non é a cidade específica onde a dobre fila era un gravísimo problema e coido que daquela o problema era necesario abordalo con toda a forza e excepcionalidade que o caso requiría.

Coido que a maior eficiencia foi evidente. Estamos a falar de produtividade e a do Corpo municipal de Policía multiplicouse e dende logo, se falamos de xestionar os cartos públicos, eu diría, á marxe dalgunhas exposicións que me semellan especialmente curiosos, á marxe de que non son “custos de asesoría de alto standing”, nin moito menos, son custos das xornadas de dispoñibilidade de Concellos tan próximos á nosa cidade como poden ser o da Coruña e algúns municipios bastante máis pequenos.

Coido que se conseguiu o obxectivo. Dende o punto de vista económico os ingresos que recibiu este Concello por esa situación excepcional foron moi amplos e coido que compensa claramente no termo de produtividade o que se acadou co que se pretende acadar tamén no futuro.

Polo que formulou o Sr. Toba, é certo que se deu un salto importante en número de prazas da Policía Municipal. De todos os xeitos todos estamos a dicir que non chegan os policías, todos e o primeiro o cidadán. Coido que é algo que temos que estudar con calma, temos que estudar tamén cara a ese cadro de persoal do ano que ven o incremento que se está a propoñer de ó redor de 10 policías, coido que é algo que aínda podemos revisar, pero o fundamental é que en todo caso se acadou unha maior eficiencia.

Eu dende logo de estar no Goberno municipal non sei se estaría na situación que están a propoñer nestes intres dunha prórroga do acordo ou dunha nova negociación do acordo de dispoñibilidade horaria ata xuño, que é o intre no

que se poden incorporar os novos policías que están na Academia, non sei se faría esa mesma proposta porque coido que o reto nestes intres está na reorganización do Corpo municipal, reorganización que eles mesmos están a pedir.

Ese é o reto crucial para que, en efecto, esa eficiencia non teña que ser exclusivamente ás costas duns cartos públicos que coido que obviamente se recuperou dabondo coas campañas que se estiveron a promocionar dende a Concellería de Seguridade, Tráfico e Transportes.

Quizais por esa situación e porque o tema está en marcha e porque está funcionando, o noso Grupo vai facer nesta ocasión unha aportación positiva á proposta, vai apoiar a proposta tendo en conta a excepcionalidade de novo, a grande excepcionalidade que isto supón, son moitos meses ata xuño, pero tendo claro que este ten que ser o punto final, que en todo caso o que nos temos que presentar é o que xa se debe estar empezando que é a reorganización da Policía Municipal.

SR. COELLO BUFILL: Agradecer as verbas do antigo Concelleiro de área e tomo o reto de que evidentemente hai que ir a unha reestructuración do Corpo da Policía Local.

Sr. Toba, eu tamén agradezo a súa crítica en certo modo constructiva, pero teña en conta que estou convencido que para un Goberno municipal é fundamental a prioridade da Policía Local. Calquera Goberno que se precie ten que ter na Policía a imaxe externa do que o Goberno pretende. Nós, collendo un pouco a estela que deixou o Grupo Socialista, vimos con absoluta claridade que era necesario por un tempo prudencial (acabo de dicir na miña primeira intervención que só sería ata o mes de xuño e quedaría resolto nesa data) o que viamos como elemento moi positivo: que a cidadanía (anque evidentemente existía a Policía) descubriera que esa demanda que pedía con certa sensibilidade se atopara na rúa.

Coido que iso tivo resultados moi beneficiosos para o que é o Concello de Vigo, non dende un punto de vista persoal de Grupo de Goberno, porque eu tamén estou convencido, Sr. Toba, que a Policía non é de ningún Grupo de goberno, é dos cidadáns a quen serven e de toda a Corporación Local. Esa é a imaxe que eu, con moitas dificultades que vostede seguramente coñece, tento transmitir.

Eu desexo unha Policía eficaz, unha Policía (que xa o fai) humanitaria, de auxilio, informativa, que colabore cos Corpos e forzas de seguridade coma o

está a facer coa Policía Nacional e Policía Autonómica. É dicir, esa imaxe é de todos os corporativos de Vigo, porque todos somos funcionarios (sabe vostede que eu o son), pero ter un uniforme e unha placa é algo totalmente distinto.

Hoxendía o mundo cambiou e sabémolo perfectamente cando nos asomamos ós medios de comunicación e vostede tamén sabe que hai unha Lei, apunto que moi ben negociada entre a Xunta de Galicia, as centrais sindicais e os corpos da Policía Local, na que a Policía Local ten que saltar cualitativamente na súa calidade de prestación -que xa o fai- a outros servicios de colaboración, nese marco legal que eu espero que a Xunta de Galicia e a Consellería correspondente impulsen definitivamente porque os sindicatos policiaais están a pedilo.

Tamén están a pedir unha reestructuración da Policía Local de Vigo. Para min é unha preocupación e non recuarei no empeño ata que teñamos unha Policía na que todas as viguesas e vigueses teñan un espello onde mirar as virtudes de todos os funcionarios e de todos os corporativos que servimos nesta función pública, que para min é absolutamente prioritaria nestes momentos.

Para non me alongar máis e para non os cansar direilles que hai determinados eventos neste horizonte. Non o entenda coma unha demagogia porque sabe que eu non a fago, sabe vostede do meu talante persoal. Entón dígolle que concretamente hoxe, acabamos de escoitar, aplaudimos e temos un reto importante como é o da "Marcha mundial das mulleres".

Eu dicíalle esta mañá á Sra. Alcaldesa antes de chegar aquí que todos os Corporativos e en definitiva o Grupo de Goberno temos que liderar a cidade, porque eses dous días van estar todas as cámaras pendentes de Vigo, cámaras nacionais e europeas. Teremos que preparar todos os dispositivos policiaais necesarios para que todo saia con pulcritude e normalidade democrática, por non citaren que temos tamén o Xacobeo que comezou este ano.

En canto ós nosos turistas (facemos votos para que veñan máis e mellores), se a Policía Autonómica trae efectivos para o Xacobeo, na nosa cidade tamén debemos colaborar nalgo tan fundamental como é que as nosas rúas estean en perfecto estado de revista. Por non citaren, por exemplo, a Eurocopa porque ó estaren limítrofes cos nosos irmáns os portugueses imos ter un grande movemento transfronterizo entre os dous países.

Quérolle agradecer ó Sr. Calviño as súas xenerosas verbas de alento e collo a testemuña. Podemos reunirmonos cando vostedes queiran para facer unha

reflexión profunda sobre o Corpo da Policía Local e coa axuda de todos vostedes fixaremos o número de policías, tanto por riba coma por baixo, porque sabe vostede que temos que tocar puntos que chegan á cabeza e puntos que chegan ós pés. Estou á súa disposición, Sr. Toba, Sr. Calviño e Sr. Soto. Moitas gracias.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Punte, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 121.0.150.00.00 -productividade-, aplicando os créditos non consumidos nas partidas e servicios que a continuación se relacionan, nunha contía de 215.286,39 €, segundo o resume de créditos seguintes:

	POSTO	SERVICIO	PART.	Nº POSTOS	BASICAS (PART. 120.00.00)	COMPLEMENT PART. 121.00.00	TOTAL POR PRAZA	TOTAL PRAZA
99	Sarxento Policía Local	Policía Local	222.2	2	4.552.89	7.624.11	6.088.50	12.177.00
126	Cabo Policía Local	Policía Local	222.2	1	1.861.41	3.044.04	4.905.45	4.905.45
134	Garda Policía Local	Policía Local	222.2	30		86.265.00	2.875.50	86.265.00
134	Garda Policía Local	Policía Local	222.2	19	36.527.46	54.634.35	4.797.99	91.161.81
134	Garda Policía Local	Policía Local	222.2	3	6.914.79	8.626.47	5.180.42	15.541.26
TO				55	49.856,55	160.193,97		210.050,52
TAM	Garda Policía Local	Policía Local	451.1	1	2.360.37	2.875.50	5.235.87	5.235.87
TO				1	2.360,37	2.875,50	5.235,87	5.235,87
TO								215.286,39

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para que autorice expresamente a transferencias de créditos das anteriores partidas, segundo o disposto no artigo 179.2 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Terceiro.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.

12.- (104).-DAR CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDAD POR IMPORTE DE 203,93 € POLA INSERCIÓN NA PRENSA LOCAL DUN ANUNCIO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. (EXP. 1930/307).

ANTECEDENTES.- A Xuxnta de Goberno Local, na súa sesión do día 8 de marzo de 2004, adouptou o seguinte acordo:

"18(255).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE ANÓNIMO PUBLICIDAD POR IMPORTE DE 203,93 € POLA INSERCIÓN NA PRENSA LOCAL DUN ANUNCIO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 1930/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable da interventora xeral, do 17.02.04, o documento contable RC polo importe do gasto que se propón realizar e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 15.01.04, conformado polo concelleiro delegado de dito Servicio, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- A indemnización substitutiva de 203,93 euros a favor da empresa "ANÓNIMO PUBLICIDAD" (CIF B-36721900) pola xestión da inserción dun anuncio do Servicio de Patrimonio Histórico na prensa local na data do 17/11/2003, conforme á súa factura nº 2003/561, do 30/11/2003, presentada no Rexistro Xeral na data do 10/12/2003 (nº doc. 30109011).

2º.- Imputalo á partida 4531.2260200 PUBLICIDADE E PROPAGANDA dos orzamentos do ano 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido do anterior acordo.

De todoo anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da corporación quedando este enterado.

13.- (105).-DAR CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TERCEIROS POR IMPORTE DE 763,66 € POLA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA OBRAS DE MANTEMENTO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. (EXP. 2043/307).

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 8 de marzo de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"19(256).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE TERCEIROS POR IMPORTE DE 763,66 € POLA ADQUISICIÓN DE MATERIAIS PARA OBRAS DE MANTEMENTO DE PATRIMONIO HISTÓRICO. EXPTE. 2043/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe favorable da interventora xeral, do 26.02.04, o documento contable RC polo importe do gasto que se propón realizar, o informe xurídico do 17.02.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 26.01.04, conformado polo concelleiro delegado de dito Servicio, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- A indemnización substitutiva a favor das empresas e polo importe e nº de factura que de seguido se relacionan:

EMPRESA	Nº FACTURA	DATA FACTURA	IMPORTE (E)
FORSAI, SL	67/03	01/12/2003	446,00
GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS, SL	5669	30/11/2003	52,90
GRACIANO RODRÍGUEZ E HIJOS, SL	5730	15/12/2003	14,96
TORRES Y SÁEZ	T3899	30/11/2003	54,51
PINTURAS PROA	327.849	28/11/2003	195,29

e polo concepto de adquisición de materiais para obras de mantemento de Patrimonio Histórico durante os meses de outubro, novembro e decembro de 2003.

2º.- Imputar os gastos relacionados á partida 4531.2210900 MATERIAL TÉCNICO ESPECIAL dos orzamentos correspondentes ó ano 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de tódalas atencións do exercicio corrente na conseguinte partida."

A comisión informartiva de Xestión Municipal, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido do anterior acordo.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando esta enterada.

14.- (106).-DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 19 DE ABRIL DE 2004 POLO QUE SE APROBA O CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO REFERENTE Ó "PROGRAMA VIGO 2005".

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do día 19 de abril de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"36(474).- PROXECTO DE CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "PROGRAMA VIGO 2005". EXPTE. 1176/110.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local do 15.04.04, o informe favorable da interventora xeral do 16.04.04, a proposta da Alcaldía a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-lo proxecto de convenio específico de colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do "Programa Vigo 2005", co texto que de seguido se transcribe.

CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO "PROGRAMA VIGO 2005"

En Vigo, a de de 2004

REUNIDOS

Dunha parte, a Excma. Sra. Corina Porro Martínez, en calidade de Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra parte, o Ilmo. Sr. Pablo Egerique Martínez, Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Inteveñen en razón dos cargos que ámbolos dous ostentan, representando ás respectivas institucións en nome das que actúan e con capacidade e lexitimación.

EXPOÑEN

I.- Que o Consorcio da Zona Franca de Vigo é unha administración institucional de carácter estatal que ten por obxecto, de conformidade co art. 80.1 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais Administrativas e da Orde Social, a xestión da Zona Franca de Vigo así como o desenvolvemento de actividades de fomento propias das administracións territoriais que o integran.

Que o Concello de Vigo é unha administración local de carácter municipal que, como tal e de conformidade co art. 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, pode, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contibúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

II.- Que en virtude do exposto as partes conveñen establecer as bases de colaboración para as seguintes actuacións:

a) Ante os importantes eventos a celebrar na cidade nos próximos meses como son a saída da Volta ó Mundo de Vela -Volvo Ocean Race- e o ano Xacobeo 2004, e en aras á súa inmediata execución, proceder a programar e definir as actuacións enmarcadas nos ámbitos da rehabilitación e revitalización prioritarios que o Concello determine.

b) Planificación, xestión e execución de programas de interese xeral que redunden nun maior desenvolvemento da cidade e que o Concello considere adecuado xestionar conxuntamente, dentro da normativa legal de aplicación.

c) Executar programas que resposten á consecución de fins mutuamente compartidos facilitando o exercicio coordinado das súas respectivas competencias.

En base ó exposto e, en desenvolvemento do citado Protocolo, as partes intervintes ó abeiro do sinalado nos arts. 57 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local e 6 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, acordan subscribir este CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN económica, técnica e administrativa con fin de acadar a execución das actuacións e proxectos citados ata levalas a efecto.

Para tales propósitos establécense as seguintes

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Obxecto e ámbito do convenio.

É obxecto do presente convenio regula-la colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo e o establecemento de bases e condicións para a realización das actuacións urbanas referidas á dinamización socioeconómica, desenvolvemento, recuperación, remodelación e revitalización da área urbana prioritaria que o Concello determine, dentro do ámbito coñecido como "Centro de Vigo", así como, a planificación, execución e desenvolvemento de programas compartidos de interese xeral.

SEGUNDA.- Compromiso das partes:

A) O Concello de Vigo obrígase a fixar e delimita-las concretas zonas ou ámbitos urbanos de actuación, así como o contido e programas da cada unha, os cales serán remitidos no seu momento ó Consorcio para a redacción dos proxectos técnicos de execución correspondentes, que deberán ser aprobados polo Concello.

Designará a dirección facultativa de cada unha das obras a executar.

B) O Consorcio obrígase á redacción dos proxectos de execución correspondente unha vez recibidas do Concello as delimitación de cada zona, con seus contidos e especificacións. Ditos proxectos técnicos serán remitidos ó Concello para a súa aprobación.

Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiará na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos.

TERCEIRA.- Comisión de Seguimento.

Acórdase a constitución dunha Comisión Paritaria para o control, seguimento e execución do presente convenio.

Dita Comisión dictaminará e estudiará tanto as zonas urbanas de actuación, como a idoneidade dos proxectos técnicos redactados, formulando as pertinentes propostas ó Concello, así mesmo impulsará as actuacións que corresponden ó Consorcio nos expedientes de contratación que esta entidade pública debe incoar para o bo fin dos obxectivos previstos.

A comisión estará integrada por catro membros, dous en representación do Consorcio, que serán designados dentro dos catro días seguintes á sinatura deste documento pola Alcaldía-Presidencia e polo Delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo. Actuará como Presidente da mesma un representante do Concello de Vigo.

CUARTA.-

O custo das actuacións obxecto deste convenio, estímase na cantidade límite de NOVE MILLÓNS DE EUROS (9.000.000 €), dos cales TRES MILLÓNS DE EUROS (3.000.000 €) serán aportados polo Concello e os SEIS MILLÓNS DE EUROS (6.000.000 €) restantes polo Consorcio. Ditas aportacións faranse, tralas modificacións orzamentarias que resulten precisas, mediante ingresos na conta aberta ó efecto.

Os pagamentos correspondentes ás diferentes actuacións, asistencias e obras, oxeo do presente convenio, unha vez realizadas e executadas, efectuaranse con cargo á expresada conta, contra presentación das correspondentes facturas ou certificacións, segundo proceda, conformadas, en todo caso, polas partes intervintes.

QUINTA.-

Tendo en conta que as obras e actuacións obxecto do presente convenio específico, son de propiedade municipal, as cales ó seu termo pasarán formar parte do inventario de bens municipais, e que as mesmas serán financiadas en parte polo Consorcio, o Concello de Vigo comprométese a compensa-lo importe dos pagamentos realizados por dito Consorcio.

En base a isto, as cantidades que o Consorcio con cargo ós seus orzamentos tivera satisfeito polos conceptos sinalados e ata o límite dos expresados 6.000.000 de euros, serán recoñecidas como dereito de crédito a favor do mesmo, cos efectos de "acto administrativo" e co alcance e efectos previstos no artigo 71 da vixente Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Ditas cantidades, debidamente xustificadas, serán reintegradas ó Consorcio sen custo adicional ningún por compensación contra pagamentos de liquidacións tributarias esixibles ó mesmo, tanto periódicos como puntuais, con motivo da realización de obras, tenza de bens inmobles ou xestión de servicios, ó igual que as taxas que por tódolos conceptos foran esixibles con cargo ó Consorcio.

A efectos xustificativos destes pagamentos, convense que será documento bastante, as correspondentes actas de finalización de obras, asinadas por ambas partes e nas cales farase constar expresamente as cantidades pagadas en cada unha con cargo ós orzamentos do Consorcio.

Sen prexuízo do procedemento de reembolso por compensación establecidos nesta estipulación, as cantidades satisfeitas polo Consorcio poderán ser tamén reembolsadas por medio de actuacións urbanísticas conxuntas, cesións ou calquera outro medio admisible en dereito e pactado polas partes intervintes.

SEXTA.-

Sen prexuízo da plena eficacia do pactado neste convenio e da súa inmediata execución, as partes asinantes prevén a posibilidade de que as actuacións obxecto do mesmo, poidan desenvolverse e executarse no futuro a través dunha organización común, baixo a forma, estatutos e demais condicións que se pacten, toda vez que a participación do Consorcio da Zona Franca, na forma convida, implica a colaboración nunha competencia de interese público compartida polos dous entes asinantes.

SÉTIMA.- Aprobación.

O presente convenio, para os seus plenos efectos, deberá ser aprobado polos órganos competentes do Concello e do Consorcio.

OITAVA.- Prazo de vixencia e réxime xurídico.

O presente convenio manterá a súa vixencia ata que se produza o total cumprimento das finalidades e obxetivos nel establecidos, o seu réxime xurídico exclúese do previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, conforme ó previsto no artigo 3.1.c) da citada norma. Seralle de aplicación o indicado supletoriamente na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente CONVENIO ESPECÍFICO DE COLABORACIÓN no lugar e data arriba indicados.

DEBATE.- SR. PÉREZ CASTRILLO: Ainda que este punto comeza aquí e remata no punto seguinte, eu querría aproveitalo para lles dicir, señores e señoras Corporativos e Sra. Presidenta, que aquí nós nos damos conta. Dámonos conta de que vostedes hai un mes trouxeron un convenio e este é completamente diferente en forma, en contido e en cumprimento dos seus obxetivos.

Teño que dicir que para o Grupo do BNG é unha profunda decepción porque o que podía ser unha boa idea, mesmo unha idea ilusionante, este convenio hoxe concreta esa idea nunha absoluta decepción.

Vostedes recibiron a nosa confianza entusiasta nunha proposta que trouxeron o mes pasado pero é que isto non ten nada que ver co anterior,

absolutamente nada que ver. Entre o que ven escrito e o que levan facendo dende hai un mes, eu dubido que o obxectivo de Vigo-2005 se poida levar a cabo.

No Pleno anterior nós manifestamos primeiro a nosa satisfacción pola colaboración entre dúas administracións tan importantes para a cidade como son o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca. Unha colaboración que se estendía sobre o cofinanciamento nun conxunto de proxectos de reforma urbana e, ó mesmo tempo, a creación de instrumentos de xestión que posibilitaban a axilidade necesaria para que eses proxectos estiveran optimizados no ano 2005 para a Vigo Cup. Tamén manifestamos a nosa satisfacción porque parecía ser que se daba unha fórmula, unha solución de promoción e xestión pública ós aparcadoiros subterráneos.

Manifestabamos tamén a nosa opinión satisfactoria porque era a continuidade dun convenio-marco estratéxico de colaboración asinado no ano 2002 entre o Concello de Vigo e a Zona Franca.

Un mes despois nós temos que dicir que a Comisión que demandamos o mes pasado, un mes longo, máis de 30 días, pediamos que os cartos dese convenio foran debatidos, discutidos, priorizados, analizados ou propostos outros novos nunha comisión do Pleno; esa comisión non se convocou. Nós pensabamos que era urxente a convocar porque era urxente comezar a facer actuacións que permitiran que en xaneiro de 2005 esas actuacións estiveran feitas e polo tanto non sobrava o tempo.

Ainda hoxe esa comisión que nós considerabamos urxente e considerabámola urxente porque vostedes no Anexo a ese convenio só presentaron 8 liñas xenéricas de actuación pero non as concretaron en proxectos e nós dicíamos que había suficientes proxectos xa realizados ou outros novos dos que poderíamos encargarnos a súa realización que deberían ser estudados e priorizados por ver o que se podería facer primeiro ou logo, o que interesa máis, e poñérmonos de acordo todos os Grupos da Corporación, pois resulta que esa comisión aínda hoxe non se realizou, os proxectos non están priorizados pero en troques señores do Goberno, o que si vemos é que xa hai actuacións en marcha que vostedes din que son con cargo a Vigo-2005.

Non é que nós digamos nada sobre que se reforme o bulevar da Gran Vía, que se cambien as flores, pero francamente nós non pensamos que esa sexa a primeira actuación que deba facer un convenio entre Zona Franca e Concello de Vigo para algo tan importante como Vigo-2005; non pensamos que deba ser a primeira, pensamos que das actuacións urxentes en reforma urbana que

precisa Vigo para acoller ós milleiros de visitantes que van vir á Volvo Cup, esa sería mellor facela máis tarde. Pois é polo primeiro que se empeza.

Por iso nós queríamos unha comisión e por iso o Pleno e vostedes mesmos coincidiron connosco que era mellor crear unha comisión que determinara qué proxectos eran os principais.

Nós consideramos que efectivamente queda bonita a Gran Vía, haino que recoñecer. Nos poríamos unhas flores que non fosen de tempada coma o tulipán porque iso quere dicir que para dentro dun ano haberá que as cambiar polo menos dúas veces máis e será máis gasto e, polo tanto, deses cartos do convenio teremos que meter máis en flores e quizais menos en urbanización de rúas. En todo caso recoñecemos que queda ben pero que non debería ser o prioritario.

Paralelamente a isto, cada vez nos enteiramos máis polos xornais dun conxunto de obras, actuacións, asfaltados, humanizacións no centro de Vigo sobre o que tampouco temos información oficial nesa comisión que o Pleno acordou e que vostedes, señores da Xunta Local de Goberno, se resisten a crear. É un mandato do Pleno, non é unha potestade graciosa da Xunta Local de Goberno crear esa comisión, é un mandato do Pleno e vostedes a tiñan que constituír.

Todas esas grandes ideas que vostedes presentan nos medios de comunicación e que mesmo algunhas nos poden parecer ben, deberían vostedes formulalas nesa Comisión e nós discutir o cómo, o cando, o orzamento, qué se fai primeiro, qué logo, qué conxuntamente e outras moitas cousas que hai que facer cando se acomete un programa pensado, orzamentado, detallado, proxectado e comunmente aceptado por toda a Corporación, que é o que vostedes non están facendo ou non están amagando con facer.

A estas alturas a nós parécenos que Vigo-2005 pode acabar nun grande caixon de xastre (que non de desastre) sen orde. Por iso insistimos de novo e levámolo nunha moción que se debaterá hoxe, que se convoque urxentemente esa comisión e paren vostedes de anunciar nada que non vaian propoñer á comisión e paren vostedes de facer cousas coas que ó mellor a maioría da Corporación, aplaudíndoas, considerabamos que as deberíamos facer noutro momento se cadra máis perto da realización da Volvo Cup.

En todo caso tamén a nosa decepción están en que non se lle dá ningunha solución ós aparcadoiros. Se hai un mes presentabamos unha solución de cómo, concertadamente coa Zona Franca, había aí un instrumento de xestión e

poderíamos facer máis prazas de aparcadoiros subterráneos en Vigo, agora non se fala diso.

Nós sabemos que houbo informes xurídicos dos que non temos nada que dicir porque sempre dixemos aquí e mesmo na Zona Franca que nós o que digan os servicios xurídicos de entrada o imos aceptar, pero en todo caso algo haberá que dicir sobre o que non contempla este convenio.

Se hai un mes había un convenio onde falabamos dun conxunto de actuacións de urbanización ó abeiro del e máis dun conxunto de obras de aparcadoiros subterráneos necesarios para a cidade como todos os Grupos municipais coincidimos, hoxe se só traemos nun convenio ese conxunto de obras de urbanización, deberíamos dicir o que se vai facer coas obras do aparcadoiro. Daquí non se deduce que é o que se vai facer.

Os anteprojectos están avanzados porque dende que se asinou o primeiro convenio de aparcadoiros xa se avanzaron os anteprojectos e polo tanto estamos nunha condición óptima, non só de tomar unha decisión sobre que imos facer cos aparcadoiros, senón que ademais poderase levar adiante no menor tempo posible que é do que se trata.

En todo caso e dende logo o que máis nos alarma e co que non estamos de acordo é a fórmula que se utiliza de participar a Zona Franca neste conxunto de actuacións de Vigo-2005.

Señores do Grupo do Goberno do Partido Popular, escóllese unha fórmula que eu, se tivera que sintetizar, diría que a Zona Franca nos presta os cartos e nós logo llos devolvemos por compensación en taxas, é dicir, o Concello de Vigo vai pagar a totalidade dos 9 millóns de euros que contempla este convenio, algúns de inmediato e outros en fases, dependendo do que vaiamos compensando coa Zona Franca.

É dicir, señores, non pensamos dende o Grupo municipal do BNG que este sexa un convenio de colaboración, senón que é un sistema de préstamo anticipado sen xuros. Seméllanos interesante que non teña xuros pero é que imos cargar con todo o investimento que se faga ó abeiro do convenio Vigo-2005 ás arcas municipais, ás de agora e ás que veñan derivadas da condonación dos ingresos por taxas e impostos que ten que pagar o Consorcio da Zona Franca de Vigo en concepto de obras, canons, etc., pero pagamos nós integramente. É evidente que a Zona Franca funciona coma unha entidade financeira magnánima porque, como volvo repetir, nin hai período de carencia, non hai xuros e ademais se encarga de adxudicar as obras, o que tamén é unha vantaxe, pero non suficiente á hora de pensar que este era o espírito do

convenio de colaboración do mes pasado, nin é o espírito de colaboración interinstitucional do convenio-marco entre a Zona Franca e o Concello de Vigo asinamos no ano 2002, está roto. Esa colaboración e estratexia concretouse en varios convenios, pero neste se fixo unha viraxe que deturpa esa filosofía.

Polo tanto, a partir de agora semella que calquera actuación que vaia facer a Zona Franca vai ser sinxelamente de préstamo o que nalgúns casos poidera ser necesario, pero nós xulgamos que nunhas actuacións cun obxectivo dun grande evento, que sinxelamente nos presten os cartos nos semella insuficiente, iso poderíamos facelo con entidades fianceiras privadas que tamén deberían colaborar.

Porque en definitiva, señores do Partido Popular, xunto con isto resulta que vostedes tampouco buscan a concorrencia doutras administracións, nin de entidades privadas. Non reuniron nalgo tan interesante, e miren que lles dimos tempo, miren que tivemos a suficiente discreción política para veren se se lles ocorría, pero miren, a nós se nos ocorrería diante dun grande evento xuntar ó Consello Económico e Social, ás asociacións de hostaleiros, ás asociacións de comerciantes e explicarlles que, primeiro, vai haber un grande evento en Vigo; segundo, hai que se unir todos cada un cos seus programas e terceiro, vai haber un programa municipal que concite os investimentos públicos e privados e xenere as sinerxias necesarias para que toda cidade de Vigo se entregue en deixar esta cidade coa suficiente capacidade e atractivo para, cando no 2005 se empece a Copa Mundial de Vela, Vigo sexa unha cidade non só con suficiente proxección, senón con suficiente capacidade de atracción para que logo do Vigo-2005 existan eses réditos que cada cidade ten que sacar dos grandes eventos.

O golpe de gracia nolo dá a Xunta de Galicia. O outro día, a semana pasada enteirámonos que a Xunta de Galicia vai facer practicamente a organización de todo o que é Vigo-2005. Todo o que é a organización do evento pendura de Vigo-2005. O Concello vai poñer a policía do Sr. Coello, perdón do Concello de Vigo que o Sr. Coello tan dignamente encabeza; imos poñer ó Sr. Iglesias a asfaltar rúas, ímonos poñer todos ó dispor para un evento no que a participación do Concello de Vigo non está contemplada. Coido que é censurable politicamente independentemente de que aínda así haxa que estar aí porque é a nosa cidade e porque iso quere dicir tamén que a Xunta de Galicia non vai facer nada máis ca isto e non vai colaborar no proxecto de

Vigo-2005 con cartos. Sen non é así, se erro, alegrarémonos moito de errar e en todo caso vai sendo hora de que vostedes tamén nolo digan.

Polo tanto ¿qué vai quedar de Vigo-2005? Francamente, nós pensamos que no que vai quedar é nun conxunto de actuacións municipais que se van realizar cun préstamo e cunha axuda na xestión de Zona Franca e que van substituír ó Plan de investimentos municipal deste ano que vostedes escamotean dos orzamentos municipais.

Señores do Grupo de Goberno, señora Presidenta, nós dixémoslles que estaba moi ben que neste convenio houbera un conxunto de actuacións que complementen o Plan de investimentos municipais. Pero isto non é un complemento, isto é o único que se vai investir na cidade e non o van investir Zona Franca e Concello, vaino investir o Concello porque parte vai ser con cargo ó convenio e parte con cargo á compesación dos cartos que poña Zona Franca nestes momentos.

Non nos parece que este sexa nin o mellor xeito de concretar unha boa idea como é Vigo-2005, nin nos parece que sexa o mellor xeito de presentar un Plan de investimentos municipal para o ano 2004 á Corporación á que vostedes obrigan subrepticamente a dar o visto e prace a un Plan de investimentos do que non coñecemos ningún dos proxectos que van ser financiados e que sinxealmente vemos que se plantan tulipáns na Gran Vía e ademais nin siquera se aproban co conxunto do orzamento municipal.

Polo tanto nos damos conta nesta dazón de contas, Sra. Presidenta, que este convenio non é o que queríamos nin na forma nin no contido e ademais sospeitamos -ogallá erremos porque para iso estamos dispostos a seguer colaborando- que Vigo 2005 se nos vai quedar niso. Nada máis, gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Zona Franca, gracias por nada. Logo de dicir isto, case podería ser extrapolable a: Partido Popular en Zona Franca, gracias por nada, Partido Popular do goberno do Concello de Vigo.

¿Por qué esa foto precipitada, fóra de lugar, sen intervención dos Grupos municipais como acordamos? ¿Para facer unha despedida anticipada do Sr. Egerique? Pois vaia despedimento; para nada de nada que non sexa un préstamo.

Non hai moito tempo, cando lles animaba a gobernar, díxenlles, señores do Partido Popular, que semellaba que gobernaban vostedes encollidos, con medo e pensando sempre na moción de censura.

Sigo notando ese tipo de actitudes e preocúpanme profundamente porque esterizan en boa medida as súas posibilidades, as que teñen para gobernar coma persoas que eu coñezo, porque lles fan facer cousas coma, non sei, campañas floridas que dan ben na foto pero que resolven poucas cousas.

A verdade é que se Zona Franca tivese a vontade do facer e se o Concello de Vigo, o Goberno municipal tivese a capacidade para convecer a Zona Franca do facer, e se non a ten o Goberno ¿por qué non se albeira nos Grupos municipais? ¿Por qué non nos xuntamos? ¿Por qué non escoitan as ideas dos demais para as xuntar todas e irllas levar á Zona Franca? ¿Por qué o fan, por arrogancia? ¿sábenas todas e a que saben é a que nos traen? Pois, perdoen que llo diga, pero se o seu saber é o que nos traen é que non saben nada.

Zona Franca podería legalmente, se lle peta, facer os investimentos na cidade que lle petasen e se non o sabe Zona Franca, perdoen a inmodestia, teño asesores que me poden dicir porque xa mo dixeron, cómo se fai legalmente e consonte a dereito. Se non o fai é porque non lle peta e se non lle peta ¿a qué ven esa foto tan precipitada, practicamente sen nada a cambio? ¿é precipitada porque se vai un e chega outro que non é o mesmo? Espero que niso sexa mellor co que se vai e senón tamén llo demandaremos dende aquí.

Nin se comprende iso, nin se comprende que diante dun evento da magnitude da regata Volvo a Xunta de Galicia non teña tamén un plan de investimentos anunciados para esta cidade que vai ser a súa sede, non se comprende.

Sra. Alcadesa, cando me preguntaban os medios de comunicación nos seus primeiros 100 días, eu dicíalles que coidaba que a súa actitudes e as súas consecucións eran altamente estimables e que a había que felicitar como tal. Ó pareceren fun o único que tiven a coraxe de dicir isto.

Sra. Alcadesa, por esta xestión nin falar, nin coa Zona Franca nin coa Xunta de Galicia. Saben que me gusta máis falar das cousas que me gustan ca das que non me gustan pero hai que falaren de todas e cando llo digo é para lle pedir unha rectificación de actitude, Sra. Alcadesa. Pídlle, como lle pedía o voceiro do Bloque, que nos convoque inmediatamente ós voceiros e déixese de facer fotos unilaterais porque se tiveran un marabilloso contido ata teriamos que aplaudir, pero non o tiveron, Sra. Alcadesa. Convóquenos ós voceiros dos Grupos políticos para falaren dos obxectivos de cada un de nós coma partidos e espero, pido e ofrezco un consenso para que entre todos definamos que é o que queremos con respecto a esa regata e que o que

queiramos llo pidamos a Zona Franca, Xunta de Galicia, entidades bancarias, etc., porque coido que ten que haber diversas e varias colaboracións neste tema.

Se non se fai así a verdade é que lle puxemos un título precioso a Vigo-2005, pero dende logo con moi escaso contido.

Mesmo estou convencido de que para un tema coma este préstamo sen xuros, dado o obxectivo de que se trata, poderíaos dar algunha entidade sen ánimo de lucro.

Empecei e remato a miña intervención dicindo que nin a Xunta de Galicia, nin Zona Franca estiveron á altura das circunstancias e vostedes dende o Goberno, con todos os respectos, tampouco. Non sei se ó mellor nos engadimos todos e ó mellor non somos quen do estar, pero polo menos teñan a prudencia de convocármonos e tentar sumar ideas, pídollo encarecida e urxentemente.

A partir daí imos ver o que pasa. De momento, Xunta de Galicia e Zona Franca repito que gracias por nada.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Coido que procede lembrar que este punto é unha mera dación de contas do Goberno, que non vai seren sometido logo a votación dos Grupos e polo tanto este debate, sen dúbida moi interesante, vai quedar meramente niso, nun debate de explicación de posturas dos Grupos políticos que o noso Grupo se reserva ata o momento no que teñamos coñecemento do plan de actuacións que o Goberno pretende facer e que esperamos sexa presentado, como así se nos anunciou, na vindeira reunión da comisión de seguimento. Para poder valorar se esas actuacións nos semellan axeitadas ou non, primeiro témolas que coñecer. Tamén nos gustaría participar á hora de facer propostas ou ter iniciativas neste sentido.

En todo caso lembrar que este foi un asunto que se tratou no Pleno da Zona Franca do pasado venres onde representantes deste Concello non fixeron intervencións como as que se están facendo hoxe aquí e é respectabilísimo. Semellábanos que o primeiro convenio adolecía dun defecto formal e xurídico importante e subsanouse. Neste momento a iniciativa do Goberno está pendente de se substanciar e ata que non se concrete o noso Grupo non ten nada que dicir ó respecto.

A PRESIDENCIA: A min chámame a atención falar de decepción. As necesidades da nosa cidade non cambiaron, son as mesmas, o obxectivo é o mesmo, os prazos de tempo bótansenos enriba e por iso temos urxencia.

O instrumento é o que cambia, non polo Concello de Vigo, senón pola outra parte asinante do convenio que cambia o que nós propoñiamos que era unha sociedade.

Polo tanto nós estivemos a traballar en buscar outras posibilidades, non as que agora se estaban a dar, porque os convenios coa Zona Franca veñen de longo e polo tanto nós queriamos precisamente que non fose un convenio e loitamos por iso, pero teño que dicir que a urxencia das obras e as necesidades non cambiaron.

Polo tanto, pensando que era mellor a outra solución, coidamos que é bo facer un convenio e só se nos deu por parte da Zona Franca unha fórmula.

Lémbrolles que na Xunta de Voceiros do pasado venres dixen que iamos ter esa comisión, comisión que se vai reunir o vindeiro mércores.

Hai actuacións en marcha, Sr. Castrillo, pero todas as actuacións de Vigo-2005 non as recollen os 9 millóns de euros do convenio, son actuacións que coidamos se deben facer dende os propios orzamentos municipais e que temos tamén que facer un traballo, como estamos a facer con outras entidades e institucións.

O primeiro era que se crease esa comisión de seguimento que se formou a pasada semana en Santiago de Compostela e que preside o Presidente da Xunta.

Tamén a semana pasada se citou a hoteleiros, hostaleiros, ó Club Náutico, a representantes de turismo, e mañá mesmo temos unha reunión con todos os axentes que poden dicir moito e participar de xeito activo no que vai ser un grande acontecemento para a nosa cidade.

Non me quero esquecer aquí da necesidade urxente dos aparcadoiros que comparto totalmente. Vigo ten esta necesidade urxente e xa que non se podía contemplar precisamente por parte de Zona Franca incluír os aparcadoiros nesa solución que se lles presentaba, pedín un informe para dar solución urxente a esa necesidade que ten a cidade. Quérolle dicir que aínda non temos ese informe que se está a elaborar, pero cando o teñamos pasareillo a todos os Grupos.

Falan dun préstamo. Pois si, é un préstamo o que fai a Zona Franca e quero lembrar aquí que xa dende a época do Sr. López Peña se están a facer convenios nos que ten que haber compensacións. Repito que non era a fórmula

que a nós máis nos gustaba pero a necesidade existe e non cambiou nin a necesidade nin o obxecto do mesmo. Son moitas máis as actuacións que queremos poñer en marcha pero había que ser rigorosos á hora das presentar. Estamos a traballar con distintas Consellerías e póñolle un exemplo: queremos facer un plan de excelencia turística para a cidade de Vigo e así o estamos a tratar, pero falaremos cando estea máis pechado porque non queremos facer anuncios. Dende o primeiro día estamos a traballar en distintas posibilidades.

No mesmo informe, o traballo sobre o litoral vigués que se lles entregou o venres, contéplanse actuacións que poden ser financiadas por outras institucións, entidades públicas ou privadas. Precisamente por iso fixemos un apretado calendario para que poidan ser contempladas.

Temos un plan de infraestruturas para a cidade, un plan para que dunha vez por todas Vigo teña todas as infraestruturas e todo preparado para que nese mes de novembro de 2005 sexamos ese espello, esa ventá aberta ó mundo coas mellores situacións. E non vai ser só cos 9 millóns de euros, senón con moito máis. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, déixeme coller a súa derradeira frase porque vostede está en coñecemento de relacións e negociacións que non estamos os demais. Cando di que non van ser 9 millóns de euros senón que moitos máis, pois Deus o queira, eu aplaudireina con moito gusto se realmente temos datos obxectivos.

Hai datos que vostede cita nos que non quero entrar hoxendía aínda que podería porque, anque arrefriado e en cama con aspirinas, levo unha fin de semana léndome o Plan do litoral, polo tanto podería falar del pero non toca. En todo caso déixeme tocalo eu para lle dicir que supoño que non pretenderá vostede que as reformas do Plan do litoral entren no 2005, porque sería imposible por prazos.

Dicir dous comentarios ó fio do que están vostedes a dicir en xeral. Por unha banda me acabo de enterar polas manifestacións da Sra. Porteiro que os representantes deste Concello na Zona Franca estiveron en silencio e en calma, é dicir, todos calados. Fantástico.

A min só me queda dicirlles, señores dos tres Grupos municipais, que están vostedes representando pesimamente a este Concello na Zona Franca. Mágoa que o noso Grupo non estea alí porque lles aseguro que faría ouvir a súa voz dando datos concretos coma os que dixen antes de cómo e por qué Zona

Franca pode e debe investir legalmente cartos en moitísimas cousas e reformas desta cidade, porque obxectivamente, segundo os Estatutos da Zona Franca, cadra nos Estatutos da Zona Franca para beneficio indirecto da propia Zona Franca.

Independentemente e logo de dicir iso, é certo, Sra. Alcaldesa, que o venres vostede nos dixo que se ía reunir a Comisión. Isto estámolo dicindo dende hai tempo, espero que sexa de verdade, eu confío na súa palabra aínda que chega tarde, pero máis vale tarde ca nunca.

Outra reflexión sobre o tema dos aparcadoiros. Vostedes poden seguir falando de aparcadoiros ata o día do xuízo final, pero de me facer caso hai ano e pico cando por primeira vez lles dixen o que lles dixen, eses aparcadoiros estarían funcionando. Todos dicíamos que os aparcadoiros son moi necesarios, había unha absoluta coincidencia, só que vostedes escolleron fórmulas que realmente dificultaban gravisamente a súa materialización e eu xa llo dixen no seu día.

Para ir un pasiño máis do que fun ata agora, dicir que ó mellor vostedes non confían na iniciativa privada para que fagan a calidade de aparcadoiros que a vostedes lles gustaría, dígoo porque a min me pasa iso. Eu que fun alcalde dunha Corporación que adxudicou aparcadoiros, dos ter que adxudicar hoxe lles aseguro que teño outros coñecementos e a lección aprendida. Eu non deixaría que me fixeran calquera aparcadoiro, faría anteprojectos cando non proxectos para falar de concurso público pero non dos que queira calquera, senón destes nos que din os técnicos municipais cómo é tecnicamente, as súas ornamentacións, etc., porque son unha parte importante da infraestrutura cidadá e tamén, por qué non o dicir, do ornato cidadán e non coma eses tres impresentables aparcadoiros tal e como están. Terían cláusulas durísimas en canto a mantemento, insisto en que para non consentir o actual mantemento dalgúns aparcadoiros que hai hoxe na cidade e polo tanto aprendendo das leccións que non estaban demasiado ben feitas. Así de claro. Pero aprendamos todos porque a ver se dunha vez por todas sacamos un concurso público porque seguro que a iniciativa privada vai acudir a el e miren por onde, coma eu dicía, así os cartos da iniciativa pública dedicaranse a outras cousas nas que xamais se vai meter a iniciativa privada.

En definitiva, quédome coa súa palabra, Sra. Alcaldesa, de que nos imos xuntar axiña para tentar consensuar os quefaceres, os obxectivos dese Vigo-2005 que cada día está máis perto, tremendamente perto.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Para puntualizar un par de cousas porque a min me gustaría que antes de que se reunira a Xunta nos reuníramos no Concello de Vigo e iso non se producíu.

Efectivamente, agora imos crear unha comisión, pero eu insistín no Pleno do mes pasado que era urxente. Créame que o fixen con toda a sinceridade, co ánimo constructivo e sabendo que tiñamos pouco tempo para definir os proxectos. Agora temos menos.

Non é certo que en todas aquelas actuacións conveniadas entre o Concello de Vigo e a Zona Franca, a Zona Franca esixa contrapartidas. Póñolle un exemplo: a humanización, urbanización ou reurbanización da rúa Portanet avenida de Citroën non teñen contrapartidas e se non miren vostedes o convenio. É unha actuación urbana sobre unha rúa que é parte dela municipal e non tivo contrapartidas.

Nós sabemos dos problemas e das urxencias que houbo no tema dos aparcadoiros, por iso hai dous Plenos presenteí unha moción na que se dicía que ou se chega a un acordo coa Zona Franca, ou se non que se saquen a concurso.

Coido que xa que non hai unha posibilidade, polo menos inicial, de acordo coa Zona Franca e xa que son perentorios, neste mesmo Pleno debería haber un acordo de iniciar expediente de contratación, de sacar a concurso público os aparcadoiros. Paralelamente a este convenio habería que tomar unha resolución que xa tomou por iniciativa nosa hai dous meses a Corporación que dicía que se fallaba o da Zona Franca, vaíamos a concurso público pero saquémoslo o máis axiña posible.

Con toda a sinceridade, a min gústame actuar con informes xurídicos pero coido que a toma de decisión para iniciar un expediente para a contratación e posterior adxudicación de tres aparcadoiros fundamentais para Vigo non é necesario un informe xurídico porque sabemos de sobra e por experiencia que o podemos facer, independentemente de que, como dixen no seu momento, a min me gustara a outra posibilidade porque sería a primeira vez que a iniciativa pública acometera aparcadoiros públicos en Vigo. Pero ese é outro tema e xa falaremos no seu momento diso.

En canto no xeito de xestión, coido que aquí a vostedes se lles nota certa présa porque o informe do Avogado do Estado aconsella, entroutras fórmulas, a formación dun Consorcio. Presenta varias saídas: convenio ou consorcio, e o único que di do consorcio é que ten que seren autorizado polo Consello de

Ministros; pois que o autorice o Consello de Ministros. En todo caso eu non vexo ningunha razón pola que un Consello de Ministros poida non ter en consideración unha petición que lle fan todos Grupos municipais da cidade e o Consorcio da Zona Franca desa cidade para unha actuación tan importante como a Copa do Mundo.

Eu estou seguro que o actual Consello de Ministros non tería ningún problema en o autorizar, como tamén estou seguro de que o actual Consello de Ministros en pouco tempo se pronunciará a favor de Valencia-2007 e a continuidade de todas e cada unha das actuacións que figuran nos acordos entre o Goberno central, o autonómico e a cidade de Valencia para a Copa do Mundo Valencia-2007 que se vai iniciar en Valencia nese ano; estou convencido de que tamén o vai facer. Polo tanto sería cuestión de esperar algo pero se podería orquestrar -e aínda se pode- un instrumento de xestión que coido que é bo para a cidade que haxa un instrumento público de xestión, mesmo aberto á iniciativa privada, para un obxectivo concreto.

Nós aprobamos no Pleno da Zona Franca o convenio porque temos un axioma dende hai oito anos que pertencemos a Zona Franca e é que coa Zona Franca hai que discutir o menos posible, sacar todo por consenso e se temos que discutir que sexa no Pleno. A Zona Franca ultimamente non fixo iso e nós estamos porque a Zona Franca sexa un elemento de apoio, de unión entre todos os participantes no Pleno e en todo caso correspóndelle a este Pleno dicir o que quere facer na Zona Franca. Pero minto, só foi unha vez que eu realmente me opuxen a algo no Pleno da Zona Franca e foi cando o Delegado da Zona Franca e a Presidenta da Autoridade Portuaria, daquela D^a Elena Espinosa, quixeron poñer Petrovigo no recheo de Bouzas; foi a única vez, era unha cuestión excepcional porque consideraba que era un atentado para a ría pero xamais presentei algo que non se poidera consensuar porque alí hai axentes económicos, sociais e políticos. Esa é a nosa explicación de por qué o fixemos.

En todo caso nós aínda agardamos que haxa unha rectificación, que se cre esa comisión e que se busquen fórmulas menos onerosas para financiar todo programa de actuacións que se vaian facer en Vigo en reforma urbana con cargo a orzamentos municipais.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Non pensaba ter unha segunda intervención pero coido que é importante que non quede na idea dos que estamos aquí algo que se dixo e que eu non comparto: que os obxectivos que se persiguen non

cambiaron porque os obxectivos si cambiaron. Da primeira fórmula que se formulou polo Goberno coa empresa ou sociedade mixta ó que agora se trae neste convenio hai unha clarísima variación de obxectivos. Evidentemente que o tema dos aparcadoiros, a contrucción e explotación de tres aparcadoiros loxicamente non consta e falamos practicamente só -que non é pouco- da Volvo Ocean Race do ano que ven porque entendo que a estas alturas co Xacobeo tampouco isto da moito de si.

Díxose tamén por parte do Goberno no seu momento, nos primeiros debates desta cuestión, criticando as consideracións que facía o noso Grupo, que estabamos diante dunha decisión política. Claro que é unha decisión política pero non hai unha decisión política que non se fundamente nun respecto absoluto á legalidade e nun coidado absoluto das formas.

Que nos serva isto para aprender que a urxencia non xustifica a toma de malas decisións e que ás veces as présas son malas conselleiras. O Goberno debe ser garante do rigor para que proxectos importantes coma este nazan e se desenvolvan axeitadamente, do contrario poderíamos dicir de Vigo-2005 que é un mero exercicio de propaganda política, un foise e non houbo nada. Para que non sexa así, que desta experiencia, Sra. Alcaldesa, o seu Goberno tome boa nota.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Vostede hai un momento falou de que a semana pasada se creara a comisión do famoso Vigo-2005, da Volvo Cup.

Eu dende aquí queríalle dicir que unha vez máis a xente do mar estamos discriminados porque eu non entendo que unha regata que se vai facer nunha ría onde as Confrarías temos centos de barcos nevegando e traballando a cotío, entón ¿por qué non se conta connosco?

Tráese ó Alcalde de Baiona, que me parece moi ben, ó Presidente do Náutico, que me parece moi ben e todo moi ben, pero nós, os mariñeiros, que coido, por cousas que non me gustaría lembrar aquí, fomos xentes que demostramos, aínda que sexamos tipos raros, que á hora da verdade, cando os políticos estaban sentados nos sillóns, nós fixemos o que tiñamos que facer e demostrámoslle ó mundo enteiro, porque fomos nós os que demos a volta ó mundo enteiro coas nosas actuacións e ¿por qué se nos discrimina deste xeito e non se conta coas Confrarías para este evento que vai ser no mar, dentro do noso ámbito territorial e onde nós, concretamente a Confraría de Vigo, sinxelamente ten 150 empresas de xentes do mar que estamos aí.

Xamais se conta con nós e iso, sinceiramente e pola parte que me atinxe, seméllame moi mal. Só era iso. Gracias.

A PRESIDENCIA: Só lle quero informar que esta comisión se crea por parte do Comité organizador que está en Santiago de Compostela.

A comisión do Concello vai definir as actuacións prioritarias, e dende logo que estas actuacións prioritarias son moitas e as flores, tulipáns ou non, estarán antes e logo do 2005. Pretendo que iso forme parte da normalidade dentro dun plan de enbeleceamento da cidade, pero os 365 días do ano e de todos os anos, así como o mantemento xeral de toda a cidade.

Queríalle lembrar ó Sr. Castrillo que a rúa Portanet e a avenida de Citröen son da Zona Franca e polo tanto non se ten que devolver nada a ninguén porque forman parte da Zona Franca.

As necesidades e os obxectivos non cambian, pasa que nos vimos obrigados a separalos e non foi precisamente por parte do Concello. Os obxectivos son os mesmos e uns solucionáronse en base a un convenio e outros cando teñamos ese informe xurídico, porque realmente queremos seren moi rigorosos á hora de tomar decisións xa que o tema dos aparcadoiros coido que o debemos tomar con todo o rigor e ¿por qué non imos actuar con esa cautela? E tamén con présa. Teñen toda a razón, temos moita présa porque novembro de 2005 se nos bota enriba e temos que actuar rápido.

Con respecto ó que dicía o representante do Bloque Nacionalista Galego, efectivamente o Avogado do Estado no seu informe xurídico daba unha posible saída que era o consorcio. Ten toda a razón. Nós considerabamos que precisamente esa posibilidade era mellor; de non poder montar unha sociedade si queriamos facer un consorcio porque este é un ente instrumental que nos permitiría facer aportacións sen ter que devolver nada a ninguén e ademais a operación de crédito era perfectamente válida. Pero pasou que non nolo permitíu; logo de constar nese informe de nos abrir unha porta a esa posibilidade de consorcio, o propio Avogado do Estado, cando a asesoría xurídica deste Concello se sentou con el, pechounos esa porta. Polo tanto o xiro tivo que ser de 180 graos.

Polo tanto, buscamos solucións dende o primeiro momento e a soa posibilidade que se nos deu ó final e logo de constar no informe do Avogado do Estado que era posible facer un consorcio, pechóusenos.

Por iso, fixemos o convenio e agora a seguir temos que crear a comisión e nela é realmente onde se van priorizar as actuacións entre todos. O

convenio asinouse a semana pasada e anúnciolles que na Xunta de Voceiros lles imos citar para esa comisión que será o próximo mércores e nela pecharanse todas as actuacións. Aí seguiremos cumprindo coa nosa palabra de facer o Plan de Vigo-2005 e daremos conta de todas as negociacións que tamén estamos mantendo con outras entidades, tanto pública como privadas.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporación quedando esta enterada.

15.- (107).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 17/2004 CON CARGO A REMANENTES LÍQUIDOS PARA FINANCIACIÓN DO "PROGRAMA VIGO 2005" E DO MODIFICADO DO PROXECTO DE APARCADOIRO SUBTERRÁNEO DA RÚA URZÁIZ.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de abril de 2004, a Alcaldía-Presidencia, como consecuencia da aprobación nesa mesma data pola Xunta de Goberno Local dun convenio específico de colaboración entre este Concello e o Consorcio da Zona Franca para financiación do "Programa 2005", resolve deixar sen efecto a modificación orzamentaria 15/04 aprobada polo Pleno en sesión do 30 de marzo, así como incoar novo expediente de modificación orzamentaria.

Segundo se sinala no informe emitido pola interventora xeral con data 20 de abril de 2004:

"O Pleno do Concello, en sesión do día 30 de marzo de 2004, acordou, entre outros, a aprobación da modificación orzamentaria 15/04, relativa ó gasto que se relaciona no Decreto de incoación, por un importe de 4.592.201,43 euros, dos que 3.000.000 de euros son para a aportación á creación dunha sociedade mixta e 1.592.201,43 euros para o modificado do proxecto de execución do aparcadoiro subterráneo de Urzáiz.

Para afrontar a devadita modificación, propuxéronse como partidas de gasto as seguintes:

1110.8110000 Aportación sociedade mixta	3.000.000,00 €
5110.6110042 Modificado aparcadoiro Urzáiz	1.592.210,43 €

Todo isto financiándose co remanente líquido de Tesourería.

A creación da sociedade mixta era como consecuencia do convenio de colaboración aprobado pola Xunta Local de Goberno (sesión 02.03.04) entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca.

Con posterioridade á aprobación inicial da referida modificación, tíñase contemplado a posibilidade de que, en vez de proceder á creación dunha sociedade mixta para dar cobertura ó referido convenio, ista fose a través dun consorcio.

De se ter dado esta situación, non suporía inconveniente ningún a aprobación inicial da modificación, xa que no período de exposición pública, poderíase ter presentado unha alegación onde se recollese o cambio (de empresa mixta a consorcio), pero que no afectaría ó capítulo de gastos ó que se imputaría (é dicir, seguiríase a tratar dun gasto aplicable ó capítulo VIII, aínda que a partida fose distinta).

Con posterioridade, en data 19 de abril de 2004, a Xunta Local de Goberno aproba un novo convenio que é radicalmente diferente ó anterior (naqueloutro a xestión se encomendaba a unha empresa de economía mixta a constituir e neste é un convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Zona Franca).

Como consecuencia da aprobación deste novo convenio, a aportación xa non será (como se prevía inicialmente) a través dunha empresa mixta nin a través da creación dun consorcio, senón que será unha aportación directa a través da realización dunha transferencia de capital á Zona Franca, é dicir, agora xa non estaríamos ante un gasto en activos financeiros (capítulo VIII) senón que nos atoparíamos ante unha tranferencia de capital (capítulo VII). Como pode comprobarse, o cambio de estrutura non afecta soamente á maneira de xestionar os fondos, senón que se trata dun cambio fundamental (capítulo VIII a capítulo VII) na modificación orzamentaria proposta, polo que non quedaría cuberta coa presentación de alegación.

Hai que ter en conta que o cambio na aplicación do gasto vai ter incidencia para a determinación da "estabilidade orzamentaria" (Lei 81/2002, do 12 de decembro, Xeral de estabilidade orzamentaria).

Achégase no presente expediente copia do convenio así como informe emitido pola interventoral xeral en data 16 de abril de 2004, onde se expresa de forma específica e clara a incidencia que vai supoñer en canto á estabilidade orzamentaria.

En base a estas consideracións procedería deixar sen efecto a aprobación inicial da modificación 15/04 e realizar unha nova modificación que recolla a nova realidade do convenio asinado.

A devandita modificación implica, conforme ó estipulado polo artigo 177 do Real decreto 2/2004, de data 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, a aprobación dun expediente de concesión de crédito extraordinario, ó non existir no orzamento vixente crédito orzamentario co que atender o mencionado gasto e non se poder demorar ata o exercicio seguinte sen prexuízo do interese xeral.

A financiación para afrontar a devandita modificación farase con cargo ó remanente líquido de Tesourería.

Este expediente, previo dictame da comisión informativa de Economía e Facenda, someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177 do RD

2/2004, a aprobación plenaria, con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do cidato Real Decreto.

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
1110.7240000	Transferencia capital "Vigo 2005"	3.000.000,00
5110.6110042	Modificado aparcadoiro Urzáiz	1.592.20,43

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
87000	Remanente líquido Tesourería	4.592.201,43

A presente modificación do orzamento infórmase favorablemente por esta Intervención Xeral, ó se axustar a mesma á normativa legal esixible a este tipo de expediente."

Visto o anteriormente exposto, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, con data 20 de abril de 2004, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 22 de abril de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Efectivamente traen vostedes unha modificación orzamentaria que varia absolutamente a modificación orzamentaria aprobada por este Pleno o 30 de marzo deste mesmo ano.

Non hai formulación de obxectivos pero diso xa se falou no punto anterior e polo tanto non vou redundar por efectos de axilidade e de non me facer pesado pero a modificación é absolutamente completa e falerei en termos técnicos e logo políticos.

En canto ás cantidades necesarias para sufragar o convenio e en canto á modificación de créditos que actúa hoxe sobre os 3 millóns de euros, esa modificación de créditos trae consigo unha modificación absolutamente crucial, pasan vostedes os créditos do Capítulo VIII ó Capítulo VII. Do Capítulo VIII que son Activos financeiros e polo tanto destinados á constitución dunha sociedade ou consorcio de calquera tipo, a un Capítulo VII que é Transferencias de capital.

Este Pleno vai aprobar -se aproba- esa modificación de créditos co único obxecto de transferir capital á Zona Franca, pura e lisamente falando.

Miren vostedes se hai un cambio obxectivo. Pero ademais esta modificación de crédito, que está informado pola Sra. Interventora, o que pon enriba da mesa é que este Concello vai asumir custos por valor de 9 millóns de euros que non por valor de 3 millóns de euros. É dicir, benvidos ós convenios nos que se emiten vontades pero que ó final os cartos os pon o Concello de Vigo. Ese non é o camiño.

Miren vostedes, está claro e lean o parágrafo derradeiro do informe da Sra. Interventora Xeral de 16 de abril: "Con respecto ós pagos por compensacións de 6 millóns de euros con cargo a exercicios futuros, hai que informar que a figura da compensación require necesariamente dun ingreso e dun gasto".

Aquí non saímos de rosiñas, aquí saímos no próximo documento orzamentario situando un ingreso e un gasto, ¿verdade, Sra. Interventora?, un gasto en forma de transferencia de capital e modificamos un ingreso en termos daquel ingreso preceptivo de Zona Franca derivado de calquera dos impostos.

En suma e se a min non me falla a memoria, teremos que arbitrar a partida de ingreso correspondente a Zona Franca coido que ó redor de 800.000 euros e teremos que arbitrar a partida de gasto. Estamos asumindo nós absolutamente o gasto dos 9 millóns de euros. Pero para esta viaxe non son precisas estas alforxas porque para esta viaxe o que ten que facer a Corporación é contratar no seu momento unha operación de crédito. Poderase dicir que non hai intereses, si pero a última operación de crédito que eu pechei, pecheina a euribor con teito e sen diferencial, ¿verdade que si, Sra. Interventora? É dicir non só na última senón tamén nas dúas anteriores, esta Corporación xa estaba no interbancario, para que nos entendamos, xa estabamos sen intereses e con cancelación anticipada gratuíta. Si, Sr. Guerra, xa sei que vostede me vai discutir deses recortes de final pero enténdanme (e vostede enténdeme porque sabe disto) o que eu quero dicir.

Polo tanto, invitoos a ler demoradamente o informe da Sra. Interventora do 16 de abril e o informe correspondente tamén asinado pola Sra. Interventora do 20 de abril no que efectivamente e como non podía ser doutra xeito, dáse conta da modificación substancial do cambio de Capítulo que significa unha modificación substancial da vontade política expresada por este Pleno.

Polo tanto e en relación co acordo inicial, o que vostedes traen a Pleno é que o Concello de Vigo por suposto xa non constitúe a famosa sociedade ou consorcio, vostedes mesmos cegan xa esa posibilidade que non o Avogado do Estado e en segundo lugar que o Concello se mete en dúas operacións

diversas, unha con cargo ó propio remanente líquido de Tesourería que lles quedou a vostedes coma unha regalía e á Corporación tamén, é de toda a Corporación, é o resultado dun traballo de 4 anos da Corporación anterior. En segundo lugar vostedes formulan xa, porque aínda que non o teñan na mente está absolutamente claro, que esta Corporación asume os 6 millóns de euros.

Miren vostedes se hai cambio con respecto ó documento inicial, aquel que discutimos aquí, se non me falla a memoria, o pasado 30 de marzo con aquela modificación de crédito. O que antes eran 3 millóns do Concello e 6 millóns de Zona Franca, como xa sabiamos todos pero explicado cun enfoque distinto, agora o que queda claro nos documentos é que os 9 millóns de euros os pon a Corporación, ¿ónde está a colaboración da Zona Franca? Porque nós non a vemos por ningures. Nada máis. Gracias.

A PRESIDENCIA: Penso que lle contestei anteriormente porque é o mesmo tema. O Avogado do Estado abríanos unha porta que nos pechou cando fumos negociar con el.

Entón non nos queda máis remedio que esta operación que anteriormente era do Capítulo VIII a Capítulo VIII, agora ten que pasar de Capítulo VIII a Capítulo VII.

Penso que eses cartos se aplican na cidade. Aquí trátase de que na operación de crédito, que lle digo que nos vai saír a custo cero ó Concello, nós queríamos outra solución pero voulle adiantar que eu non renuncio a constituir ese ente.

Como xa anunciei e como xa acordamos no anterior Pleno, estamos agardando un informe dun avogado de recoñecido prestixio para ver se somos quen do sacar adiante, senón imos traballar co convenio porque non podemos perder máis tempo.

No propio convenio, na estipulación sexta dise o seguinte: "Sen prexuízo da plena eficacia do pacto neste convenio e da súa inmediata execución, as partes asinantes preven a posibilidade de que as actuacións obxecto do mesmo se poidan desenvolver e executar no futuro a través dunha organización común baixo a forma, estatutos e demais condicións que se pacten, toda vez que a participación do Consorcio da Zona Franca, na forma convenida, implica a colaboración dunha competencia de interese público compartida polos dous entes asinantes".

É dicir, nós a partir de agora esperamos a ver se cun novo Delegado do Consorcio da Zona Franca ó que non se lle poñan tantas trabas, somos quen de sacar adiante ese ente que sería bo para a cidade.

SR. TOBA GIRÓN: Só clarexar que eu non entrei a discutir o seu discurso anterior, non o fixen adrede, xa o dixen ó principio.

Pero miren vostedes, a decisión que hoxe se tome determinará o que se vai facer nos próximos meses pero non só en canto a presuntas obras. Se aproban isto ó final o que van facer é reducir o ingreso corrente deste Concello - ¿é así, Sra. Interventora?- en 800.000 euros e destinar esa cantidade onde sexa, con todos os respectos, Sra. Alcaldesa, sen o saber exactamente.

En todo caso esa redución de ingreso comportará unha redución de gasto corrente equivalente que nalgún sitio terá que aparecer porque os orzamentos municipais son fabas contadas e se un reduce ingresos, inevitablemente reduce gastos. Nada máis, gracias.

A PRESIDENCIA: Onde sexa non, onde decidamos todos.

SR. SOTO FERREIRO: Eu fareille unha pregunta porque teño dúbidas de que este punto se poida votar así, tal e como está e se a Sra. Interventora me di que si, calo sen máis.

En definitiva, imos votar unha consignación de -falo de memoria- 900.000 euros non sabemos para qué, sabemos que é para un convenio a establecer pero non hai proxectos, non hai contidos que abeiren que eu saiba, que eu coñeza o investimento que se quere facer.

Se me din que legalmente é perfectamente posible, a miña postura sera unha e sen dúbida que se non é posible será outra.

A PRESIDENCIA: Está informado e polo tanto é legal.

SRA. INTERVENTORA: Si, fíxose o informe e é perfectamente posible, é dicir, a modificación de crédito o único que fai é situar os créditos nunha posición orzamentaria determinada. Non implica nin tan sequera o traslado de fondos.

E para xa veremos non, para cando se poña en marcha esa comisión e estean os proxectos correspondentes, esa comisión pediranos que se trasladen e se

sitúen os fondos nunha conta conxunta e se arbitre o procedemento que di o convenio ou quede sen efecto de prosperar nesa organización.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e a Presidencia, sete votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Deixar sen efecto a aprobación inicial da modificación orzamentaria 15/04.

Segundo.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria núm. 17/04, relativa ó gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 4.592.201,43 euros, dos que 3.000.000 euros son para unha transferencia de capital e 1.592.201,43 para o modificado do proxecto de execución do aparcadoiro subterráneo de Urzáiz.

Terceiro.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do RD 2/2004, Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. De non se presentar reclamación ou alegación ningunha no prazo de exposición pública, o acordo inicial elevarase a definitivo, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

16.- (108).- APROBACIÓN INICIAL DO PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de abril de 2004, o secretario xeral do Pleno emite o seguinte informe:

"LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).

ANTECEDENTES.

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local modificou substancialmente o réxime xurídico das grandes cidades e preveu para estas -art. 137 LBRL- a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local cuxa composición e funcionamento pretenden garantir a competencia técnica, a celeridade e independencia requiridas polos cidadáns neste ámbito.

INFORME.

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 57/2003 textualmente indica:

“Los Plenos de los Ayuntamientos a los que resulte de aplicación el régimen previsto en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de Régimen Local, introducido por esta ley dispondrán de un plazo de SEIS MESES desde su entrada en vigor para aprobar las normas orgánicas necesarias que adapten su organización a lo previsto en dicho Título”.

O art. 137 da LBRL sinala que nas cidades ás que lles é de aplicación o Título X existirá un órgano especializado que terá as seguintes funcións: coñecer e resolver as reclamacións que se presenten sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público; o dictame sobre proxectos de ordenanzas fiscais e a elaboración de estudos e propostas en materia tributaria cando sexa requirido para isto polos órganos competentes nesa materia. Por outro lado o apartado 5 do precepto citado advirte que a composición, competencias, organización e funcionamento do órgano especializado, así como o procedemento que utilizará para a resolución das reclamacións que se presenten regularanse por un Regulamento aprobado polo Pleno que, segundo o art. 123.1.c), “in fine”, terá natureza orgánica necesitando en virtude disto para a súa aprobación o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (art. 123.2 LBRL).

A Comisión redactora designada no seu día pola Alcaldía para a elaboración das normas orgánicas necesarias para o desenvolvemento da Lei de Modernización redactou o proxecto normativo que agora se somete a aprobación, no que constan lixeiras variacións introducidas pola Comisión de Seguimento integrada por representantes dos grupos municipais, variacións que se refiren ó procedemento de designación dos membros do Tribunal.

Entende esta Secretaría que o documento na súa redacción final axústase integramente ás previsións e mandatos da Lei debéndose destacar do mesmo a remisión absoluta que, no concerninte ó procedemento, se fai á lexislación estatal reguladora da materia. Consideramos esta técnica normativa é acertada pois isto evitará modificar o Regulamento cada vez que aquela resulte alterada.

Polo que se refire ó procedemento de aprobación o art. 127.1.a) da LBRL sinalar que, previa á súa aprobación plenaria, corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Regulamento o que implica que

este expediente constitue unha proposta do equipo de goberno ó máximo órgano municipal de representación. Realizada tal aprobación deberá someterse a dictame da Comisión Informativa competente en razón da materia que o elevará para a súa aprobación inicial ó Pleno. Conseguida esta co quorum antes mencionado o expediente someterase a información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio no BOP a efectos de que os interesados nese prazo efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren convenientes que, tralo seu informe técnico, serán resoltas polo Pleno na fase de aprobación definitiva (art. 49 LBRL), adoptada esta procederáse á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor (art. 70.2 LBRL)."

Visto o anterior a Alcaldía-Presidencia, con data 16 do mesmo mes, propón á Xunta de Goberno Local aprobar o texto do regulamento referido ó Tribunal Económico-Administrativo deste Concello para posteriormente ser sometido a aprobación inicial polo Pleno da Corporación.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 19 de abril, acordou aprobar a devandita proposta.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 22 de abril de 2004, dictaminou favorablemente

DEBATE.- SRA. MOLARES PÉREZ: Como todos saben o pasado mes de decembro publicouse no BOE a Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local que introduce numerosas novidades que recitarei someramente.

En materia de organización introduce a Xunta de Goberno en substitución da Comisión de Goberno, á que se poden incorporar persoas que non ostenten a condición de concelleiros ademais de teren competencias executivas.

En materia de participación cidadá establécense uns estándares mínimos que constitúen os mecanismos necesarios para a súa potenciación na liña que establece o Consello de Europa.

En materia de xestión de servizos públicos incorpora as entidades públicas empresariais; tamén ten en conta a creación de distritos, instrumentos esenciais para o desenvolvemento de políticas de proximidade tanto dende a perspectiva de desconcentración de funcións, como dende a participación cidadá. Así mesmo se debe salientar o establecemento do denominado Consello Social da Cidade, comisión de suxerencias e reclamacións.

Por último, tamén se prevé, como así o establece o artigo 137, a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución de reclamacións sobre actos tributarios de competencia local cuxa composición e funcionamento pretende garantir a competencia técnica, a celeridade e a independencia tan requiridas polos cidadáns neste ámbito. Este órgano pode

constituir un importante instrumento para abaratar e axilizar a defensa dos dereitos dos cidadáns nun ámbito tan sensible e relevante como o tributario, así como para reducir a conflictividade en vía contencioso-administrativa.

Ese é o Regulamento que hoxe presentamos para aprobación inicial, o do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo xa que, segundo establece o artigo 123, se atribúe ó Pleno no apartado c) a aprobación e modificación de regulamentos de natureza orgánica.

A Lei de modernización de grandes cidades, ademais deste, establece a necesidade da creación doutros regulamentos como son o do Pleno, o do Consello Social, a Comisión especial de suxestións e reclamacións, os órganos complementarios e de procedemento de participación cidadá, os regulamentos de distritos, de niveis esenciais de organización municipal, órgano de resolución das reclamacións económico-administrativas que hoxe presentamos e tamén a regulación dos organismos autónomos como organismos administrativos.

A Sra. Alcaldesa, en base a este desenvolvemento de regulamentos, xa no mes de xaneiro fixo unha comisión cuxo coordinador é o Secretario do Pleno e que está composta ademais por varios funcionarios de diversas áreas para a elaboración destes regulamentos. A devandita comisión entregou os borradores de regulamentos a finais do mes de marzo e nese momento entregáronse ós distintos políticos para, con posterioridade, crear unha comisión política na que se debateran, xunto co Secretario do Pleno, os devanditos regulamentos. Nesa análise teño que salientar a colaboración de todos os Grupos políticos á hora de achegar suxestións e tamén os seus criterios políticos.

Facer estes regulamentos, que o son para o funcionamento do Concello de Vigo nas distintas áreas, require que sexan debatidos por todos os seus membros, por todos os Grupos políticos, de xeito que estes regulamentos teñan carácter de vixencia e tamén servan, aínda que non sexan os regulamentos que cada un dos grupos presentaría de xeito individual, a todos eles. Por iso nesa comisión política eliximos un xeito de traballo de ver artigo por artigo tratando de achegar todas as suxestións de todos os membros, unhas veces cedendo uns, outras cedendo outros.

Este Regulamento en concreto debe estar en funcionamento o 1 de xullo deste ano e gustaríame facer unha referencia á súa regulación.

Está composto por tres membros: presidente, secretario e vocais designados polo Pleno entre funcionarios que acrediten unha recoñecida competencia técnica en materia de ingresos públicos locais, presentándose a convocatoria pública.

Gustaríame facer aquí unha referencia e sinalar, se os demais Grupos o consideran porque así o acordamos na última reunión de debate dos regulamentos, aínda que xa se entende, clarexar por posibles dúbidas ós funcionarios que ó punto 3 do artigo terceiro se aplicará o artigo 2 da Lei 57/2003, que fai referencia a que os funcionarios que opten a estas prazas quedan na situación de servicios especiais. Por tanto, se o consideran os demais Grupos, como clarexamos na Comisión do mércores pasado, incorporaríamos a ese artigo 3.3 aplicándose o artigo 2 da Lei 57/2003, ou algo semellante que coide o Secretario do Pleno, pero esa redacción podería ser a axeitada.

Ademais da composición, coido que tamén é necesario salientar que este Tribunal Económico-Administrativo baseará o seu funcionamento en criterios de idependencia técnica, celeridade e gratuidade, tendo tres competencias fundamentais: o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público que sexan de competencia municipal; o dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais e a elaboración de estudos e propostas en materia tributaria.

Isto é o máis salientable deste Regulamento que é o primeiro que presentamos a aprobación plenaria. Xa se aprobou na sesión da Xunta de Goberno da semana anterior e espero que conte co apoio unánime de todos os Grupos políticos.

Salientar novamente a colaboración activa de todos os membros dos Grupos políticos que participan na Comisión. Moitas gracias.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sen querer facer unha avaliación global da Lei de grandes cidades, que ten os seus claros e escuros, e na que como saben xa o noso Grupo no Congreso dos Deputados votou en contra, si é certo que na filosofía da Lei existen aspectos interesantes cara o cidadán non concretados nela pero que si poden ser desenvolvidos por parte dos Concellos en base á súa potestade regulamentaria.

Nese sentido e sobre o Tribunal Económico-Administrativo do Concello que hoxe se trae a aprobación inicial, o noso Grupo considera que en principio

debería server para garantir a defensa dos cidadáns fronte a calquera tipo de actuación que por calquera razón non fora xusta en canto a aspectos fiscais e tributarios. Así coidamos que achega (ou pode achegar, o tempo dirá) a administración ós cidadáns e gañar en axilidade na resolución de recursos ou propostas que tanto en taxas fiscais, como no cobramento individualizado das mesmas se poden suscitar.

O noso grupo está satisfeito co traballo da comisión e concordamos coa señora relatora en que na Comisión se traballou cun importante espírito de integración, como non debe ser doutro xeito, nun Regulamento orgánico (ou que ten ese rango) municipal. En todo caso dicir que dende o noso punto de vista a fórmula adoptada digamos que é conservadora, que non se entenda ideoloxicamente, senón conservadora no sentido en que seguramente poderíamos ir máis aló na formulación dun Tribunal con máis grao de independencia do aparato municipal. Coidamos que como primeira experiencia neste caso paga a pena quedármonos máis atrás nese sentido e o tempo e o seu traballo dirán se efectivamente non se require outro tipo de modificacións. Agardamos tamén ás alegacións que se presenten polos cidadáns na exposición pública.

En todo caso si hai algúns aspectos que suscitaron algún debate na Comisión e que seguramente poderían ter diferentes interpretacións xurídicas e nós entendemos que deberá ser a práctica do mesmo Tribunal Económico-Administrativo, o seu funcionamento, o método de selección dos seus representantes os que aconsellen modificalo se é que dá problemas, ou que pola contra aconsellen o seu mantemento.

Nese sentido o noso Grupo vai votar favorablemente.

Proposta formulada pola concelleira do grupo municipal do PP, Sra. Molares Pérez, durante o curso do debate:

De conformidade co acordado na última xuntanza realizada pola comisión redactora dos regulamentos, incorporar ó artigo 3, un novo apartado co seguinte texto:

"4.- De conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, a situación administrativa dos funcionarios que sexan nomeados membros do Tribunal será a de servicios especiais."

Vótase xuntamente co dictame da comisión informativa de xestión municipal, a anterior proposta da concelleira Sra. Molares Pérez.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Pérez Mariño e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de Regulamento Orgánico referido ó Tribunal Económico-Administrativo Municipal do Concello de Vigo segundo o texto que se transcribe ó final do presente acordo.

Segundo.- Someter o expediente a información pública mediante inserción de anuncio no BOP a efectos de que os interesados no prazo de 30 días hábiles efectuen as reclamacións e suxerencias que consideren conveniente debéndose entender definitivamente aprobado o regulamento no suposto de que non se produxeran.

Terceiro.- Proceder, no caso de aprobación definitiva, á publicación íntegra do texto regulamentario no BOP a efectos da súa entrada en vigor.

PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE VIGO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, prevé a existencia dun órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos tributarios de competencia local, cuxa composición e funcionamento pretenden garantir a competencia técnica, a celeridade e a independencia requiridas polos cidadáns nese ámbito.

Dito órgano prevese coa finalidade de abaratar e exilizar a defensa dos dereitos dos administrados en materia tributaria, así como para reducir a conflictividade en vía contencioso-administrativa co conseguinte alivio da carga de traballo a que se ven sometidos os órganos desa xurisdicción.

O artigo 137 do Capítulo III do Título X, prevé a obriga de crear nos municipios de gran poboación, incluídos no ámbito de aplicación do artigo 121 da Lei, Concello de Vigo entre eles, un órgano específico para a resolución das reclamacións económico-administrativas con competencia para a resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan competencia municipal; o dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais; así como a elaboración de estudos e propostas en materia tributaria cando sexa requirido polos órganos municipais competentes na dita materia.

A súa regulación -composición, competencias, organización, funcionamento, así como o procedemento das reclamacións- realizarase en virtude dun regulamento de natureza orgánica que se aprobará polo Pleno da Corporación segundo dispón o artigo 123.1.c), o cal deberá axustarse ó establecido na Lei Xeral Tributaria e na normativa estatal reguladora das reclamacións económico-administrativas, sen prexuízo das adaptacións necesarias en consideración ó ámbito de actuación e funcionamento do órgano.

En cumprimento de tales previsións díctase o presente

**PROXECTO DE REGULAMENTO ORGÁNICO DO TRIBUNAL ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO DO
CONCELLO DE VIGO.**

Artigo 1º.- Denominación, carácter, adscrición do órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións.

1.- O órgano especializado para o coñecemento e resolución das reclamacións económico-administrativas, denominarase Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo.

2.- O Tribunal quedará adscrito á Concellería competente en materia de Facenda do Concello de Vigo.

3.- A sede deste órgano ubicarase onde radique a dos órganos centrais do Concello de Vigo, se ben por acordo do Pleno poderá fixarse a súa sede noutro lugar do termo municipal sempre que con tal decisión non se prexudique o acceso dos cidadáns ó mesmo.

Artigo 2º.- Competencias

Corresponde o Tribunal Económico-Administrativo:

a) O coñecemento e resolución das reclamacións sobre actos de xestión, liquidación, recadación e inspección de tributos e ingresos de dereito público, que sexan de competencia municipal.

A competencia en relación con ingresos de dereito público de natureza non tributaria límitase ós actos dictados na vía executiva. Quedan excluídos polo tanto da súa competencia os actos dictados na fase de xestión previos a dita vía.

b) O dictame sobre os proxectos de ordenanzas fiscais. Este dictame deberá ser solicitado preceptivamente con carácter previo á aprobación inicial das mesmas e deberá evacuarse no prazo de dez días.

c) No caso de ser requirido polos órganos municipais competentes en materia tributaria, a elaboración de estudos e propostas nesta materia.

A tales efectos poderán solicitar informe un tercio dos membros do Pleno, o Alcalde, a Xunta de Goberno Local e o Concelleiro competente en materia de Facenda do Concello de Vigo. Así mesmo poderán solicitar informe os Voceiros dos distintos grupos políticos municipais.

Artigo 3º.- Composición e funcionamento.

1.- O funcionamento do Tribunal basearase en criterios de independencia técnica, celeridade e gratuidade.

2.- Estará constituído por tres membros, designados polo Pleno, co voto favorable da maioría absoluta dos membros que legalmente o integren, de entre persoas que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da titulación requirida para ser funcionario técnico de administración xeral da administración local.
- b) Ostentar a condición de funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional categoría superior, ou ben funcionario de carreira do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades locais, ós que se esixa para o seu ingreso o título de doutor, licenciado, enxeñeiro, arquitecto ou equivalente.
- c) Acreditar unha recoñecida competencia técnica en materia de ingresos públicos locais.

3.- A proposta de nomeamento, trala consulta cos representantes dos grupos políticos municipais, efectuaráala o Alcalde previa convocatoria indistinta acordada pola Alcaldía e publicada no BOP na que constará a descrición dos postos e os requisitos esixibles para o seu desempeño.

4.- De conformidade co previsto no artigo 2 da Lei 57/2003, do 16 de decembro, a situación administrativa dos funcionarios que sexan nomeados membros do Tribunal será a de servicios especiais.

5.- Os membros do Tribunal cesarán pola perda da condición de funcionario e por algunha das seguintes causas:

- a) A petición propia.
- b) Cando o acorde o Pleno coa mesma maioría que para o seu nomeamento.
- c) Cando sexan condenados mediante sentenza firme por delicto doloso.
- d) Cando sexan sancionados mediante resolución firme pola comisión de falta disciplinaria grave ou moi grave.

6.- O Tribunal contará cun Presidente un Secretario e un Vocal.

Corresponde ó Pleno do Concello nomear e cesar, nos supostos legalmente previstos, ó Presidente e o Secretario do Tribunal de entre os seus membros.

Nos casos de ausencia ou enfermidade, e, en xeral, cando concorra algunha causa xustificada, ó Presidente o substituirá o Secretario e a este substituirao o Vocal. Se algún dos membros non poidera exercer as súas funcións durante un período prolongado de tempo será suplido, mediante nomeamento accidental acordado polo Alcalde, por un funcionario que reúna os requisitos que se mencionan no apartado segundo deste precepto.

7.- O Tribunal funcionará en sala única composta polo Presidente, o Vocal e o Secretario, todos eles con voz e voto.

Tamén actuará de forma unipersoal a través do Presidente, do Secretario e do Vocal, nos casos previstos na normativa reguladora das reclamacións económico-administrativas e cando á contía da reclamación sexa inferior á 10.000 euros. Actuará en sala única calquera que sexa a contía cando o contido da reclamación se refira ou alegue a nulidade de disposicións normativas municipais.

8.- Os servicios municipais colaborarán co Tribunal cando este así o requira.

O Presidente poderá convocar ás sesións do Tribunal a funcionarios. Ditos funcionarios non participarán nas deliberacións.

Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal ditas facultades as ostentará o membro do Tribunal que actúe en tal condición.

9.- Para a preparación dos relatorios o Concelleiro Delegado que ostente competencias en materia de Facenda, a proposta do Presidente, poderá adscribir ó Tribunal os funcionarios que se estimen necesarios.

Artigo 4º.-Funcións dos membros do Tribunal.

1.- Corresponden ó Presidente a convocatoria do Tribunal, a fixación da orde do día, a dirección das deliberacións, a autorización das comunicacións con outros órganos, a convocatoria ás sesións de funcionarios, a xefatura superior do persoal adscrito ó Tribunal e aquelas outras previstas neste Regulamento.

2.- Cando o Tribunal actúe en Pleno, corresponderá ó Vocal do Tribunal as seguintes funcións:

- a) Posta de manifesto, cando proceda, dos expedientes ós reclamantes para que formulen os escritos de alegacións e achega e proposición de probas.
- b) Acordar ou denega-la práctica de probas nos expedientes de que sexan relatores.
- c) Redacta-los relatorios de resolución, pasando copia deles, por conducto da Secretaría, ós restantes membros do Tribunal.
- d) Redacta-la resolución definitiva e sometela á conformidade e sinatura dos restantes membros do Tribunal.
- e) Vixiar o cumprimento das resolucións e adoptar ou propor ó Presidente, segundo proceda, as medidas pertinentes para remove-los obstáculos que se opoñan á execución.

Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal ditas funcións exerceralas o membro do Tribunal que actúe con tal condición.

3.- Corresponden ó Secretario do Tribunal as funcións seguintes:

- a) Recibir os escritos que inicien as reclamacións económico-administrativas e reclama-los expedientes a que elas se refiren dos centros ou dependencias en que se encontren, pasándoos para a súa tramitación ó Vocal que deba despachalos.
- b) Redactar, copiar e cursar tódalas comunicacións e ordes que acorde o Tribunal ou o seu Presidente, cando o Tribunal actúe como sala única.
- c) Leva-los libros de rexistro e de ordes e comunicacións, os de actas e de votos particulares e archivar as testemuñas das resolucións dictadas polo Tribunal, mediante algún medio que garanta a autenticidade das mesmas.
- d) Practica-las citacións para as reunións do Tribunal e facer chegar ó Presidente e ó Vocal o índice dos relatorios dos asuntos que teñan que examinarse en cada sesión.
- e) Notifica-las resolucións ós interesados que compareceran na reclamación e devolve-los expedientes, despois de incorporarlles copia autorizada daquelas ás dependencias de que procedan, para o cumprimento da dita decisión.
- f) Poñer en coñecemento da Intervención Xeral as resolucións estimatorias que se dicten.
- g) Asesorar, verbalmente ou por escrito, ó Presidente nos asuntos que este someta á súa consideración.
- h) Participar nas deliberacións do Tribunal e asesorar en xeral a este en cantas cuestións de dereito se susciten.
- i) Dirixir a tramitación dos expedientes.
- k) As demais previstas neste Regulamento.

As funcións descritas nas letras b), e) e i) cando o Tribunal actúe de forma unipersoal exerceralas o membro do Tribunal que actúe en tal condición.

Artigo 5º.-Formación da vontade do Tribunal.

1.- Para a válida constitución do Tribunal, para os efectos da realización de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a asistencia do Presidente e do Secretario. Non obstante en materia de suspensión bastará un.

2.- O Tribunal reunirase, alomenos, unha vez cada quince días e cando o convoque o Presidente.

3.- Os acordos serán adoptados pola maioría de asistentes, e dirimirá os empates o voto do Presidente.

4.- Ningún dos membros do Tribunal poderá absterse de votar, e o que disinta da maioría poderá formular voto particular por escrito, no prazo de

corenta e oito horas, que se incorporará ó expediente sen que se faga mención ningunha nas resolucións nin na notificación dela.

5.- En calquera caso, quen formule voto reservado poderá propoñer a declaración de lesividade da decisión, dirixíndose directamente ó Concelleiro-Delegado que ostente competencias en materia de Facenda, enviándolle copia do acordo ou resolución e do seu voto reservado cos razoamentos que considere oportunos.

Artigo 6º.-Actas das sesións.

1.- De cada sesión que realice o Tribunal levantarase acta, que conterá a indicación dos asistentes, lugar e tempo da reunión, mención dos expedientes vistos, resultado das votacións e sentido dos acordos.

2.- As actas aprobaranse na mesma ou posterior sesión, asinaranse polo Secretario co visto e praxe do Presidente e conservaranse correlativamente numeradas na secretaría.

3.- Cando o Tribunal actúe de forma unipersoal o Secretario levantará acta daquelas actuacións que implique a comparecencia perante o Tribunal de interesados na reclamación.

Artigo 7º.- Recurso contencioso-administrativo e recurso de reposición potestativo.

1.- As resolucións do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo esgotan a vía administrativa e contra elas caberá recurso en vía contencioso-administrativa perante o Órgano Xurisdiccional que resulte competente, de acordo coas normas reguladoras desta xurisdicción, sen prexuízo dos supostos en que caiba o recurso extraordinario de revisión conforme o previsto no artigo 118 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

2.- Así mesmo, os interesados poderán, con carácter potestativo, presentar previamente contra os actos previstos no art. 137.1.a) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, o recurso de reposición regulado no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.

Disposición adicional primeira.

O procedemento para a tramitación e resolución das reclamacións interpostas contra os actos do Concello de Vigo que versen sobre as materias ás que se refire o artigo primeiro así como as cuestións relativas ós interesados no procedemento, obxecto das reclamacións e actuacións en xeral, rexeranse polas normas do Estado que regulan a reclamación económico-administrativa e en concreto pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no non previsto na mesma polo Regulamento de Procedemento nas Reclamacións Económico-Administrativas aprobado por Real Decreto 391/1996, do 1 de marzo ou calquera outras normas que substitúan ás citadas todo isto coas oportunas adecuacións á organización e estrutura da Administración Municipal.

Disposición adicional segunda.

No suposto de que o nomeamento ou nomeamentos de membros do Tribunal recaian en funcionarios da Administración Municipal do Concello de Vigo, o Pleno, nas instrucións de plantilla, poderá asignar a estes funcionarios outras funcións complementarias das sinaladas neste Regulamento que non impliquen incompatibilidade coa función principal.

Disposición adicional terceira.

O Presidente do Tribunal, dentro do primeiro trimestre de cada ano, comparecerá ante a Comisión Informativa competente en materia de Economía e Facenda ó obxecto de presentar e expoñer unha Memoria anual das actividades do Tribunal da que se dará conta ó Pleno.

Disposición transitoria

A revisión en vía xurisdiccional das resolucións que versen sobre as materias relacionadas no artigo 1º recaídas a partir do 1 de xullo de 2004, esixirá a interposición da reclamación económico-administrativa previa, circunstancia que haberá de se indicar na notificación das citadas resolucións

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas normas de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido na presente disposición.

Disposicións derradeiras.

Primeira.- Facúltase ó Concelleiro Delegado de Economía e Facenda para dictae as instrucións para o desenvolvemento e aplicación do presente Regulamento.

Segunda.- O presente Regulamento non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorran quince días hábiles dende dita publicación.

17.- (109).-PROPOSICIÓN REFERENTE A RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR "CASTRO GALICIA, S.A.", CONTRA ACORDO PLENARIO DE DATA 29 DE SETEMBRO DE 2003 E INICIO DE EXPEDIENTE DE DESAFECTACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO DE PARCELA SOBRANTE EXISTENTE NO CAMIÑO DE SAN AMARO.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 22 de marzo de 2004 polo xefe de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, conformado polo xefe de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado de Patrimonio:

"1.- O Pleno municipal do Concello, en sesión ordinaria de data 29 de setembro de 2003, acordou denegar a CASTRO GALICIA, S.A., autorización para ocupación en voo mediante a súa edificación nun tramo do camiño de San Amaro dada a natureza demanial desta pola súa afectación ó uso público no que consta no Inventario municipal de bens e dereitos.

2.- A Sociedade Castro Galicia, S.A., formula recurso de reposición contra o dito acordo en data 20 de novembro de 2003, no que solicita se deixe sen efecto o acordo plenario en que se excluía do Inventario de bens a superficie e voo dos 88 m2 do camiño de San Amaro, obxecto do expediente ou, no seu caso, soamente o dereito a voo de acordo co proxecto básico de edificación presentado e que se tramita na Xerencia Municipal de Urbanismo baixo o núm. de expediente 42.048/421.

3.- O recurso formulado pola entidade solicitante informouse polos servizos técnicos de Xestión e Planeamento da Xerencia de Urbanismo en data 13 de xaneiro de 2004.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

1.- O acordo plenario do 29 de setembro de 2003 desestimatorio da solicitude do reclamante sobre alleamento de dereito a voo dun tramo do camiño de San Amaro colindante coa propiedade deste e sobre a que ten interesado outorgamento de licenza de obra, ven motivado pola natureza xurídica demanial na súa condición de vía pública coa que figura o camiño de San Amaro no Inventario municipal de viais, que fai que teña o carácter inalienable de acordo coa normativa vixente. Partindo desta circunstancia, tratouse na instrución do expediente a posible concorrencia ou non dunha alteración da dita natureza demanial do tramo do camiño de San Amaro obxecto da solicitude, a teor das previsións que o Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente establece sobre o mesmo. Neste sentido e do resultado da instrución concluíuse que da previsión do PXOU (non o configura como vial a manter pola futura rúa Zaragoza), resultaría o seu tratamento como un vial a extinguir no momento en que se acade a execución e materialización da dita previsión e, polo tanto, decaía o uso público a que ven sendo destinado a favor da nova vía que en substitución desta se destine ós ditos fins.

2.- O recurso formulado incide basicamente en cuestionar a natureza xurídica demanial do dito tramo do camiño de San Amaro ó considerar que no presente suposto se produciu unha alteración automática da súa natureza xurídica como consecuencia das determinacións do PXOU.

Este formulamento que, en principio, sería rexeitable polos motivos xa indicados anteriormente, ten agora outro tratamento a teor do informe técnico emitido pola Xerencia de Urbanismo e que se referencia nos antecedentes do presente.

Neste sentido o informe dos servizos técnicos de Xestión e Planeamento sinalan que tra-lo inicio das obras de urbanización da unidade de execución I-01 Villa Laura atópase interrompido sen continuidade nin servizo público, ó tempo que o dito uso público está substituído e/ou garantido

polo tramo existente da rúa Pintor Colmeiro entre Vía da Hispanidade e o cruzamento cos camiños Regueiro e San Amaro.

Conseguentemente co anteriormente exposto, si cabe entender na actualidade acaecida a desafectación ó uso público do devandito tramo do camiño de San Amaro, tendo operado automaticamente polo desenvolvemento e execución do planeamento a alteración da natureza xurídica do dito ben no tramo afectado, consonte ó disposto no artigo 81 da Lei 7/85, Reguladora de bases de réxime local e 8 do Real decreto 1372/86, dos Bens das entidades locais.

3.- A teor do que antecede, procede, consequentemente, a estimación do recurso formulado pola recorrente e, no seu efecto, a baixa na relación de viais públicos municipais do tramo do camiño de San Amaro que discorre dende a Vía da Hispanidade á rúa Zaragoza (en proxecto), declarando a todos os efectos o dito tramo como ben de natureza patrimonial pertencente ó Concello, procedendo á súa alta no epígrafe 1 de Bens inmobles do Inventario municipal como parcela sobrante da rede viaria e, tra-los trámites pertinentes, o seu alleamento polo procedemento regulamentario.

4.- Polo que, previo informe da Asesoría Xurídica sobre a procedencia da declaración de parcela sobrante e resultando competente para resolución do presente expediente o Pleno municipal, consonte o disposto no art. 123.1.p) da Lei 7/85 de Bases de réxime local (tra-la súa modificación por Lei 57/2003 de medidas para a modernización do Goberno Local), en relación co artigo 269.1 da Lei 5/97 da Administración local de Galicia, sen que requira para isto maioría cualificada ningunha (art. 123.2 da LRBRL) propónse a iste, previo dictame da comisión informativa de Xestión Municipal..."

A seguir o xefe de Patrimonio formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O secretario xeral do Pleno, en data 22 de abril de 2004, emite o seguinte informe:

"O art. 7.2 do RB advirte: "Conceptuaranse parcelas sobrantes aquelas porcións de terreo propiedade das Entidades Locais que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, non foran susceptibles de uso adecuado".

Consonte os informes técnicos que constan no expediente, tra-lo inicio das obras de urbanización da Unidade de Execución I-01 Villla Laura, a parcela de 88 m2 do camiño de San Amaro obxecto de informe atópase sen continuidade nin servizo público estando substituído e garantido o seu anterior uso público polo tramo existente da rúa Pintor Colmeiro entre a Vía da Hispanidade e o cruzamento de camiños Regueiro e San Amaro.

Do exposto dedúcese que a cuestión presentada ten total encaixe na definición que de "parcela sobrante" establece a normativa vixente polo que procede a incoación de expediente para alterar a súa calificación xurídica estando acreditados a oportunidade e legalidade de tal alteración.

No que se refire ó órgano municipal competente para adoptar o acordo de alteración, a LBRL no seu art. 127.1.f) advirte que é competencia da Xunta de Goberno Local a xestión, adquisición e alleamento do patrimonio municipal. Dende un punto de vista gramatical ou literal por "xestión patrimonial" poderíamos entender calquera actividade ou dilixencia encamiñada á conseguir un determinado fin, polo que baixo este enfoque todo acordo referente ós bens municipais sería competencia da Xunta de Goberno Local. Non obstante a idea do que xuridicamente pode significar o concepto "xestión patrimonial" ven recollida no Título V da LPAP que tan só liga tal concepto ós negocios xurídicos referidos a bens e dereitos patrimoniais, xa sexan estos de adquisición, alleamento, cesión, arrendamento ou permuta.

No expediente tramitado non estamos ante un negocio xurídico senón ante unha decisión administrativa unilateral de desafectación dun ben demanial que non debe englobarse xuridicamente no concepto de "xestión", razón pola que entendemos que a competencia do órgano ven determinada, como se indica no informe do xefe de Patrimonio, no art. 123.2 da LBRL en relación co art. 269.1 da LALGA, preceptos que a outorgan ó Pleno."

Ó non estar dictaminado o expediente por comisión informativa ningunha, vótase xuntamente a ratificación da inclusión do expediente na orde do día, coa proposta formulada polo xefe de Patrimonio.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Estimar o recurso de reposición itnerposto por Castro Galicia, SA, contra o acordo plenario de data 29 de setembro de 2003, e declarar o tramo do camiño de San Amaro, entre a Vía Hispanidade e a rúa Zaragoza (tramo en proxecto) como ben de natureza patrimonial ó quedar desafectado ó uso público en virtude da execución do PXOU vixente e consonte ó disposto no art. 81 da LRBRL.

Segundo.- Declarar o tramo do camiño de San Amaro entre Vía Hispanidade e rúa Zaragoza (tramo en proxecto) como parcela sobrante.

Terceiro.- Someter o presente expediente á información pública polo prazo dun mes e procedemento regulamentario, entendéndose aprobado definitivamente o presente acordo, se transcorrido iste non se formula alegación ningunha.

Cuarto.- Proceder a efectuar as rectificacións de baixa e alta correspondentes no Inventario municipal de bens e dereitos, que resulten pertinentes tra-la aprobación definitiva do presente acordo.

Quinto.- Iniciar os trámites regulamentarios para alleamento da parcela sobrante de titulariedade municipal de 88 m2, de acordo coa descrición e deslinde feito polo servicio de Cartografía o 23 de outubro de 2000 e que consta no expediente.

18.- (110).-RECTIFICACIÓN DE ACORDO PLENARIO DO 06.06.2003 REFERENTE A DAR O NOME DE ARMANDO CAJARAVILLE Ó CAMPO DE FÚTBOL SITUADO NO COMPLEXO DEPORTIVO DE SAMIL.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de abril de 2004 o xefe de Relacións Públicas e Protocolo, Sr. San Luis Costas, informa o que segue:

"Con data 6 de xuño de 2003 o Pleno da Corporación acordou por unanimidade que o campo de fútbol municipal de herba sintética que se atopa en Samil pasara chamarse "Campo Municipal de Samil Armando Cajaraville".

Non obstante no parágrafo terceiro da proposta se especifica claramente que esta "limitase só ó campo de fútbol, non variando loxicamente a denominación de todo o complexo deportivo de Samil".

Polo anteriormente exposto, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Rectificar o acordo plenario de data 6 de xuño de 2003 no sentido de nomear "Campo de fútbol municipal de Samil Armando Cajaraville", ó campo de herba sintética que se atopa en Samil, en lugar de "Campo municipal de Samil Armando Cajaraville" como se aprobou no citado Pleno.

Explicación de voto da Sra. Molares Pérez polo Grupo Popular:

Gustaríame clarear por se xurdise algunha dúbida que é sinxelamente unha rectificación do acordo plenario de 6 de xuño de 2003 introducindo a palabra "fútbol", dese xeito queda como campo de fútbol municipal de Samil

Armando Cajaraville no lugar do acordado campo municipal de Samil Armando Cajaraville porque non se lle aplica o nome a todo o complexo deportivo, senón só ó campo de fútbol. Así se acordara tamén na sesión do Pleno de 2003 pero no texto non aparecía así e como proximamente se vai colocar unha placa con ese nome no citado campo de fútbol, é por iso se fai hoxe esta aclaración.

19.- (111).-PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS REFERENTE Ó RECOÑECEMENTO PÚBLICO DAS PERSOAS QUE, NO SEU DÍA, POSIBILITARON A EXISTENCIA DO AEROPORTO DE PEINADOR; SOLICITUDE DE POSTA EN MARCHA DO NOVO SISTEMA ANTINÉBOA E AXILIZACIÓN DAS FASES DO PLAN DIRECTOR DO AEROPORTO.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 22 de abril de 2004, por unanimidade de todos os membros presentes, adoptou a seguinte proposta:

“RECOÑECEMENTO PÚBLICO DAS PERSOAS QUE, NO SEU DÍA, POSIBILITARON A EXISTENCIA DO AEROPORTO DE PEINADOR; SOLICITUDE DE POSTA EN MARCHA DO NOVO SISTEMA ANTINÉBOA E AXILIZACIÓN DAS FASES DO PLAN DIRECTOR DO AEROPORTO.

O domingo 25 de abril cúmprese o cincuenta aniversario do aeroporto de Peinador. Hai agora medio século que a iniciativa cidadá de carácter metropolitano dun grupo de vigueses con visión de futuro fixo posible que a cidade contara cunha infraestrutura que, co tempo, contibuíu de forma decisiva a facer de Vigo o motor de Galicia que hoxe é. Ó chegar a esta data esta Corporación Municipal non pode menos que facer público o seu recoñecemento a aquelas persoas que puxeron o seu esforzo e tesón ó servizo dunha iniciativa que se revelou fundamental para o desenvolvemento da cidade. Eles son un bo exemplo de que cando o que está en xogo son os intereses de Vigo o importante é aunar esforzos.

Esta Corporación aproveita este aniversario para reclamar a urxente mellora das instalacións aeroportuarias, que cada vez máis son peza fundamental para garantir o avance da cidade. O Plan Director do Aeroporto continúa na súa meirande parte pendente de execución, sen que ata o de agora exista un compromiso orzamentario forte por parte da Administración Central que permita dar un pulo decisivo ó plan.

Chégase a este aniversario nun momento en que está enriba da mesa a posta en funcionamento do novo sistema antinéboa. Hai meses que o ILS II/III está instalado, pero aínda non reúne as garantías de seguridade necesarias para poder poñelo en servizo. Trátase dunha infraestrutura vital para os intereses do aeroporto vigués, que nunha época de importante crecemento no

seu tráfico de pasaxeiros ve con demasiada frecuencia como ten que desviar vóos a outros aeroportos galegos.

Atopámonos nun momento decisivo na construción e desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo, chamada a xogar un papel determinante na eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. O de Vigo é o único aeroporto do sur de Galiza e da súa capacidade de competir dependerá en boa parte que esta área sur sexa capaz de liderar un proxecto que marcará o camiño de futuro para Vigo e Galiza.

Non podemos permitir que o traballo feito fai medio século por aquel grupo de vigueses emprendedores e visionarios teña como triste recompensa un lento esmorecemento do aeroporto de Peinador. É por iso que esta Corporación Municipal, en defensa dos intereses de Vigo, reclama a urxente posta en marcha do novo sistema antinéboa e dirixirse á nova ministra de Fomento, Magdalena Álvarez, para que axilice a execución das fases do Plan Director do Aeroporto."

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, debe haber un erro por tal e como está tratando este punto da orde do día porque coido que do que se trata estrictamente neste punto, e espero que así o diga, é do "Recoñecemento ás persoas que puxeron o seu esforzo e tesón ó servizo dunha iniciativa que se revelou fundamental para o desenvolvemento da cidade. Eles son un bo exemplo de que cando o que está en xogo son os intereses de Vigo o importante é aunar esforzos" (estou lendo a moción inicial do Bloque). Logo é apoiar a posta en marcha do plan director o máis axiña posible.

Supoño que esa é a moción conxunta porque o do sistema antinéboa é a presentada polo meu Grupo e vai a seguir na orde do día, polo tanto deben ser tratadas separadamente.

A PRESIDENCIA: Pois a separamos pero coido que o acordo foi así tal e como me di o Secretario, pero as podemos separar.

SR. FIGUEROA VILA: Hai unha cuestión que hai que matizar, hai que dicir que o Sr. Soto non estaba presente na Xunta de Voceiros porque tiña outros compromisos e así se disculpou.

Na Xunta de Voceiros na que tratamos este tema consideramos que el non ía ter inconveniente, pero el quere tratar a súa moción e polo noso Grupo non hai ningún problema, pero insistir en que pensabamos que el non ía poñer matizacións ó acordo que tomamos.

Foi un acordo tomado en nome de todos e incluímolos tamén a el, pero é libre para tratar a súa moción coma pense.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, si é verdade que dalgún xeito hai certa culpabilidade por non poder estar eu nesa Xunta de Voceiros. Eu non teño inconveniente en que a proposición que fixen para o tema do sistema antinéboa se trate conxuntamente cunha moción de Xunta de Voceiros e se acorde conxuntamente, pero que sexa separadamente do resto porque coido que hai intencionalidades políticas diferentes, ou polo menos eu así o percibo xa que non é o mesmo o agradecemento que se lle deba ós que fixeron Peinador, que me parece fantástico, tampouco é o mesmo pedir que se cumpra un plan director, que tamén me parece igual de fantástico, que dicir que o sistema antinéboa é unha burla do Goberno de España con respecto ó Aeroporto de Peinador ou dos seus organismos e coido que as mocións deben ser tratadas separadamente.

Agora ben, se tamén o facemos en nome do conxunto dos voceiros non teño o máis mínimo inconveniente, pero que se faga separadamente.

SR. TOBA GIRÓN: Cando presentamos esta proposta á Xunta de Voceiros tiña basicamente coma obxecto, cumprindo eses 50 anos do Aeroporto de Vigo, recoñecer o traballo daqueles que se viron obrigados a traballar porque todos eles foron obrigados por vía de traballo forzado, que era un mecanismo por sorte extinguido pero que utilizaba moito o réxime fascista. O noso obxecto era recoller nese sentido o que xa nalgúns ocasións o noso amigo Leri presentou no Pleno da Corporación e que aprobouse no seu día e vaia un recoñecemento e unha lembranza moi cariñosa para Leri de parte do noso Grupo, pero particularmente miña.

Pretendíamos fundamentalmente iso e ó mesmo tempo salientar os déficits que agora hai que, precisamente conmemorando os 50 anos, semellaba necesario.

Pero a nosa proposta era para todos e cando a fixen non coñecía e coido que o resto dos voceiros tampouco, ou non tiñamos constancia naquel momento da moción do Sr. Soto, pero por parte do noso Grupo non hai inconveniente en que se discuta agora mesmo.

A PRESIDENCIA: Entón o tratamos por separado. Empezamos co recoñecemento ás persoas que no seu día posibilitaron a existencia do Aeroporto de Peinador.

SR. TOBA GIRÓN: Coido que na Xunta de Voceiros asumín un pouco a responsabilidade de explicar esta moción pero coido que todos estamos de acordo e non se necesita intervención.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito.

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Xunta de Voceiros Municipais, adoptada en sesión do día 22 de abril, sobre recoñecemento público das persoas que, no seu día, posibilitaron a existencia do aeroporto de Peinador; solicitude de posta en marcha do novo sistema antinéboa e axilización das fases do Plan Director do Aeroporto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (112).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE POSTA EN FUNCIONAMENTO DO SISTEMA ANTINÉBOA DO AEROPORTO DE PEINADOR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de abril de 2004, o voceiro do grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"As solucións que os responsables políticos do Goberno de España veñen mantendo sobre Peinador parecen unha burla ou un desprezo para todos os usuarios do Aeroporto de Peinador. Unha mofa ou un desprezo que, ó se estar a cancelar voos por non termos un sistema avanzado de axuda á navegación aérea, causan graves problemas de relación humana, de custos económicos para familias, para empresas e máis para o conxunto da nosa economía.

Despois do que ten custado conseguir que se tomase a decisión de que en Vigo se instalase o sistema de axuda á navegación aérea ILS II-III, levamos meses e meses esperando por unhas probas que garantan o seu correcto funcionamento.

AENA di que o Ministerio de Defensa, Defensa que... Non é unha burla?

Aplaudimos e facemos nosa a iniciativa da Confederación de Empresarios de Pontevedra pedindo a inmediata entrada en funcionamento do tal sistema antinéboa. E xa!

Consonte co antedito propoñemos:

Que o Goberno de España tome as decisións oportunas para que o sistema antinéboa de Peinador entre en funcionamento de xeito inmediato".

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. SOTO FERREIRO: Se polo que falamos estamos de acordo, gustaríame que tamén esta fose unha moción conxunta da Xunta de Voceiros porque esa é a intención.

Eu como non estaba quería que se tratara por separado porque como xa anticipei coido que o recoñecemento a aquelas persoas que foron obrigadas, como moi ben dixo o Sr. Toba, está claro; pedir que se cumpra o Plan director que existe sobre Peinador é outra cousa, pero o sistema antinéboa realmente (xa o dixen de varios xeitos) é unha burla. Non é serio nin responsable o xogo (non se pode dicir doutro xeito) que se traen entre AENA e o Ministerio de Defensa, uns dicindo que o sistema lles vale, os outros que non. ¿Qué pensarán da seguridade os pasaxeiros, os que temos que entrar ou saír da cidade por Peinador? Estáselle a facer un grave dano ó noso Aeroporto.

Por iso non quería que esta moción, con todos os respectos, vaia mesturada con outro tipo de intencionalidades.

Esta moción é para lle dicir a AENA, independentemente de que as motivacións poden ser unhas para uns e outras para outros á hora de votar, porque á hora de votar nós presentamos unha proposta que di: "Que o Goberno de España tome as decisións oportunas para que o sistema antinéboa de Peinador entre en funcionamento de inmediato", non di algo que é obvio naturalmente: que sexa coas maiores garantías de bo funcionamento. A moción non o di por obvio pero que se entanda así.

Esa é a moción e non debe afectar a ninguén á hora de votar, pero a motivación nosa para votar vai en dobre dirección. Nós preguntámonos se é que nos está a amolar o Aeroporto de Peinador a matenta, porque en demasiadas ocasións se fixo, con investimentos, con pretericións, pretendendo que non sexa o Aeroporto que realmente é en tantos sentidos pero é o que máis crece de Galica malia todos os investimentos que con axudas suplementarias recibiu Santiago e que non recibiu o de Vigo, que aínda para máis o de Vigo acade un sistema antinéboa nun momento determinado e que realmente non se poña en funcionamento tal e como se está a facer coido intolerable.

Unha de dúas, teñen que lle dicir á sociedade con todas as garantías se vale ou non o sistema instalado e explicarllo absolutamente con motivos

científicos de por qué valía ou non e tamén de cal era a discusión. Na miña opinión non se pode traballar nunha sociedade democrática co escurantismo co que se está traballando nisto. Vemos pelexas entre AENA e a Administración civil, teoricamente Fly Simulator non sei qué (empresa que contrata AENA) di que vale, o Ministerio de Defensa di que non.

A verdade é que merecemos todos unha explicación e outro tipo de eficacia e refírome ós responsables de AENA neste caso máis concretamente; ou do Ministerio de Defensa, non o sei porque a ver se é que están mal as calibracións que fai o Ministerio de Defensa.

Dáme a impresión (é intuición pura, se o teño que retirar o retiro) que a falla vai estar en AENA, se non ó tempo. Pero, vexámolo e se é un ou outro Ministerio que o digan, de rosiñas non se van ir, un dos dous non está cumprindo escrupulosamente coas súas obrigas.

Quero que se nos dean prazos, que se nos digan motivos técnicos e que se nos dean prazos concretos de funcionamento.

(No momento da votación está ausente o Sr. López-Chaves Castro)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do grupo municipal Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, sobre posta en funcionamento do sistema antinéboa no Aeroporto de Peinador, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (113).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG INTERESANDO A REALIZACIÓN DE ESTUDOS PARA UN PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 19 de abril de 2004, o voceiro do grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"A sociedade na que vivimos recibe ás veces agresións de moi difícil resposta. E máis aínda cando se trata de actos terroristas.

Pero mesmo sen chegar a ese tipo de barbarie, hai outras catástrofes (descarrilamentos de trens, choques múltiples en autopista, galernas, etc.) que deben seren contempladas nas previsións hipotéticas dos traballos preventivos municipais para, se chega o caso, minimizar os danos en todo o posible. Trátase pois de termos as análises previas e mailo adestramento suficiente para sermos eficaces se por desgracia nos acontece algunha catástrofe.

É obvio que os membros de Protección Civil, policía, bombeiros, equipos sanitarios, etc., deben ter perfectamente previstos diversos plans concretos de actuación caso de que nos ocorra algún tipo de catástrofe.

E tamén é obvio que debemos ter unha consignación orzamentaria prevista para amparar esas posibles actuacións.

Consonte co antedito propoñemos:

Realizar todos os estudos oportunos e previsións para establecermos un Plan Municipal de Emerxencias."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de abril, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Con moitísima brevidade porque coido que non se precisa de máis exposicións, algunhas que me tocan e outras que me pasa o meu compañeiro, Sr. Alonso, que ten razón e que deben estar nas motivacións.

Do mesmo xeito que se dan indicios ou posibles análises de catástrofes que terían que estar contempladas nun plan de emerxencias, déixenme dicirlles que terían que estar contempladas nese plan de emerxencias as catástrofes da Ría.

O Sr. Alonso pásame unha nota con moita sinxeleza pero con moito sentido común, como as proposicións e as intervencións que el fai.

Temos un tráfico de pasaxeiros na Ría de certa importancia e ¿qué pasaría (Deus non o queira) se algún día algún barco tivera un problema no medio do mar? ¿Qué previsións de emerxencia temos? Non vou dar respostas nin niso, nin en moitas cousas porque coido que non a temos e deberíamos tela para minimizar, porque se acaece unha desgracia temos que ser quen da minimizar coa prevención científica suficiente e a tempo.

Polo tanto o que pido é que se estude cientificamente ese plan municipal de emerxencias en toda a extensión que afecta a Vigo e, polo que me acaba de dicir o meu compañeiro, Sr. Alonso, do que tomo moi boa nota, tamén naturalmente no que atinxe á nosa Ría.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Estamos totalmente de acordo en elaborar un plan de emerxencias pero en todo caso dicir que xa existen plans sectoriais de emerxencias. Dende hai xa tempo tanto os bombeiros municipais, coma Protección Civil colaboran con empresas nos seus plans de emerxencias.

En todo caso o que non hai é un plan global de emerxencias coordinado coas outras administracións e nese sentido si cremos necesario un plan, é dicir, coido que as grandes empresas de Vigo teñen o seu plan de emerxencias e a práctica totalidade delas tamén ten unha coordinación con servicios municipais que deben actuar en emerxencias, pero o que non hai é un suposto de emerxencias onde no público, non na empresa privada, concorran non só os servicios que se mobilizan nunha emerxencia no Concello de Vigo, senón os servicios que necesariamente se mobilizan doutras administracións. A min iso si me parece grave.

Coido que a moción do Sr. Soto vai nese sentido e eu o único que lle engadiría é que ese plan municipal de emerxencia, como vostede sabe perfectamente, non pode ser só municipal, senón que ten que estar coordinado e actuante con outras administracións e nomeadamente coa Xunta de Galicia, etc.

O único que lle pediríamos é iso, que supoño que vai no espírito da súa moción pero o do aspecto só municipal pode levar a engano. Que figure en acta ese clarexamento sobre o espírito e nada máis.

SRA. SIO LOURIDO: Nós tamén imos votar a favor desta moción.

Cremos que si é necesaria unha coordinación con outras administracións pero no Concello de Vigo non existe un plan global de emerxencias que coordine a todos os departamentos e si é necesario un plan municipal.

Aquí fálase de que hai que coordinar Protección Civil, policía, bombeiros equipos sanitarios, tamén equipos de servicios sociais porque se hai unha desgracia si nos imos coordinar todos no momento, pero dende logo que o que facer é ter unha previsión técnica de todos os servicios que nun determinado momento se poden poñer a funcionar sen un minuto de retraso. Moitas grazas.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Soto, fago votos pola súa saúde pero a fé que está forte.

Sinxelamente para lles sacar dalgunha dúbida explicarlles un pouco o tema do plan territorial de Protección Civil de Galicia, o Plan PLATERGA, que é un plan director, contempla as directrices para a planificación a nivel local.

Segundo o devandito plan director a Xunta Local de Protección Civil como órgano asesor, é quen debe propoñer a elaboración do PEM que deberá ter coma obxectivos: organizar a función básica de protección civil a nivel local, promover actividades de autoprotección corporativa e cidadá, identificar e analizar os distintos riscos a nivel local, determinadas unidades de prevención fronte ós riscos detectados, informar e concienciar á poboación sobre os riscos e medidas de protección, coordinar todos os recursos municipais para proceder a dar unha resposta rápida en caso de emerxencia.

Dende o ano 94, ano de aprobación do PLATERGA, foron homologándose pola Comisión Galega de Protección Civil algúns PEMs de diferentes pobos e cidades, entre os que cabe salientar o da Coruña que conta con PEM homologado dende hai dous anos.

Malia a insistencia para acadar partida orzamentaria para contratar unha asistencia técnica para elaborar un proxecto de PEM, as diversas Corporacións ata a data ou non o entenderon prioritario ou non tiñan posibilidades financeiras; en calquera caso non foi enfrontado.

O Partido Popular e o Grupo de Goberno, tendo coñecemento (eu son prevencionista, Sr. Soto, pola miña profesión) da importancia de contar a primeira cidade de Galicia cun plan de emerxencias municipal -PEM- iniciou, por mandato da Sra. Alcaldesa nas miñas entrevistas dos mércores dende a data en que tiveron posibilidades de gobernar, diversos contactos con outras administracións para enfrontar conxuntamente eses proxectos. Os contactos, malia das razóns que nos asisten a todos os Corporativos e ó Grupo de goberno, non froitificaron polo que o Goberno ten prevista no proxecto de orzamentos para este ano unha partida orzamentaria que se entende suficiente para contratar unha asistencia técnica que poida desenvolver o proxecto do PEM, plan de emerxencias municipal.

Por suposto que imos dicir que si a esta petición pero loxicamente é totalmente necesario que se contemple esa partida orzamentaria porque tamén é responsabilidade do Goberno municipal que teñamos un plan de emerxencias totalmente artellado co resto das administracións.

SR. SOTO FERREIRO: Con moita brevidade para comentar cousas que dixeron os nosos compañeiros de Corporación cos que en principio estamos de acordo en todo o que dixeron por unhas e outras razóns e moi salientablemente co que empezou a dicir a Sra. Sío.

Efectivamente, Sra. Sío, claro que teñen que estar os servicios sociais e tamén os servicios municipais en xeral porque eu lembro sendo alcalde de Vigo algunha galerna e case sempre unha das primeiras intervencións é a das xentes de Vías e Obras que teñen que retirar por exemplo árbores que caen e que atravesan as rúas. Claro que ten que haber unha coordinación integral dos servicios municipais como vostede moi ben dicía.

Na miña opinión e polo que está dicindo tamén o Sr. Coello, un plan de emerxencias municipal de xeito integral como tal non existe, efectivamente, e ten que existir e claro que coordinado coas outras administracións, coas outras policía, cos servicios sanitarios e con tantos outros servicios.

Por último só unha reflexión con respecto ó que dixo o Sr. Coello con quen tamén estou de acordo. Eu non podo saber se unha das asistencias técnicas que hai -ademais non teño por qué dubidar- están previstas para contratar o estudio técnico para establecer un plan de emerxencias municipal, pero resulta que temos moi bos funcionarios neste Concello e moi ben preparados. Penso que vendo algúns modelos doutras cidades e pouco máis poderíanno establecer sen contratar a ninguén, ademais rapidiño que penso que se fai nun par de meses.

En troques o que si coido que deberíamos facer (eu polo menos teño previsto formulalo así) é que nos orzamentos municipais teñamos unha partida orzamentaria para os investimentos necesarios en medios que serán imprescindibles para poñer en marcha un plan de emerxencias. Temos tempo para o estudar e en todo caso coido que o espírito de todos é o mesmo e congratúlome por iso.

SR. COELLO BUFILL: Quérolle dicir ó Sr. Soto que os funcionarios, concretamente os da área de mobilidade e seguridade, son poucos e grandes persoas humanas e técnicas tamén.

Coido que se debe facer unha asistencia técnica con empresas homologadas (non hai moitas en España) dada a importancia do tema.

Modificación proposta polo concelleiro de DPG, Sr. Alonso Vázquez, durante o curso do debate:

Que se inclua no Plan Municipal de Emerxencia o que atinxe á nosa ría.

Modificación proposta polo voceiro do BNG, Sr. Pérez Castrillo, durante o curso do debate.

Que se faga en coordinación con outras administracións e nomeadamente coa Xunta de Galicia.

Vótase a moción do Sr. Soto Ferreiro coas modificacións propostas polos Sres. Alonso Vázquez e Pérez Castrillo transcritas anteriormente.

(No momento da votación está ausente o Sr. Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vitesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Realizar todos os estudos oportunos e previsións para establecemos un Plan Municipal de Emerxencias de Vigo e a súa Ría, en coordinación con outras administracións e nomeadamente coa Xunta de Galicia

22.- (114).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INTERESANDO RECLAMAR Ó MINISTERIO DE FOMENTO A TITULARIEDADE DA AVDA. DO AEROPORTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 23 de marzo de 2004, os concelleiros do Grupo Municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro e Sr. Fernández Fernández, formulan a seguinte moción:

"No convenio entre o Ministerio de Obras Públicas e Transportes e o Concello de Vigo, asinado no ano 1992, no apartado II.- Rede Viaria en Medio Urbano, punto 4, contéplase o proxecto de acondicionamento e mellora vial na Avda. do Aeroporto, con orzamento de 500 millóns de ptas.

Rematadas as obras no ano 2001, por acordo plenario do 30 de setembro de 2002, decídese solicitar a titulariedade deste vial, de acordo coa orde do 23.07.2001 do Ministerio de Fomento (BOE 31/07/01) no que se regula a entrega ós concellos de tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado.

A Avda. do Aeroporto, de 7,3 Km. ó se lle aplicar a orde ministerial, suporía para o Concello de Vigo 1.316.217 €. Isto podería ser suficiente para atender as demandas de seguridade vial, que dende xa hai varios anos veñen facendo os veciños de Candeán e Cabral a través das asociacións veciñais, entre elas a dotación dunha rede semaforica e dunha redonda na

Avda. de San Cristovo ca Avda. do Aeroporto. É por isto que o Grupo Municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Reclamar do Ministerio de Fomento a titulariedade da Avda. do Aeroporto e iniciar de inmediato os proxectos de mellora vial entre elas a dotación de rede semafórica e dunha redonda entre a Avda. San Cristovo e Avda. do Aeroporto."

A Comision informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Sra. Méndez, eu pediríalle a vostede e ó seu Grupo unha pequena reflexión sobre esta moción.

A min gustaríame (por qué non o dicir en voz alta) tantear á nova administración do Goberno de España con respecto a esta avenida noutro sentido.

Déixeme falar dunha lei de mínimos, porque para que nos trasfiran esa avenida ¿non sería, non sei se necesario sería a verba, pero si dende logo moi conveniente que polo menos para as subidas haxa un carril? Porque non o hai nin moito menos en todo o longo da avenida e prodúcense ás veces unhas grandes colas e atascos porque hai que ir á lei do mínimo común múltiplo que é a de quen conduce máis despacio.

Como mínimo é iso pero o ideal sabémolo todos e sería facer unha avenida de 4 carrís. A verdade é que esa avenida ten unha entidade extraordinaria e no futuro cada vez vaina ter máis.

Digo con certo encollimento de ánimo porque ó mellor a súa moción non sei se admitiría unha transformación no sentido de establecer as conversas, non os contidos, co Goberno de España para ver en qué condicións se pode facer a transferencia e que a aspiración da Corporación sexa que nos dean unha avenida xa tratada porque senón lle botamos enriba, antes ou logo, ó Concello un custo terrible, porque se as obras do Concello son as de semaforización iso si que honestamente non se debe pedir porque -ten vostede razón- ese é un tema puramente municipal.

O de facer unha rotonda tampouco o teño moi claro porque si coido que debера de cadrar dentro das obras de mellora que se deben facer nunha avenida antes de transferila, é dicir, transferila en condicións aceptables de tráfico.

Por iso, se vostedes o tiveran a ben, ó mellor lle poderíamos dar unha redacción que diga de establecer negociacións e conversas para ver en qué sentido nos transfiren a avenida. Pero non sei, vostedes dirán.

SR. RUIZ CENICEROS: Para abondar máis dicir que pola nosa parte dende logo que apoiamos esta moción pero a instancias tamén da Asociación de Veciños de Cabral pregaríamos que se incluíse a posibilidade de facer tres rotondas máis noutros tantos cruzamentos nos que pola asociación de veciños se denunciou unha inseguridade vial tanto no xiramento cara ás vías transversais como no caso de cambio de sentido. Eses cruzamentos son entre a rúa Rabadeira, a avenida do Aeroporto e a rúa Caeiro, a terceira sería entre a avenida do Aeroporto e a estrada de Redondela e a cuarta entre a avenida do Aeroporto e a rúa Carballal.

Caso de non seren suficiente a dotación orzamentaria que dá o Ministerio de Fomento cando aprobe esta cesión, propoñamos, unha de dúas, ou que se inclúa nos orzamentos do Concello ou, caso de que haxa que optar, que se estuden polos técnicos as rotondas que demandan as asociacións veciñais e ver as que teñen unha prioridade absoluta.

En todo caso deixamos que a relatora nos dea su opinión ó respecto.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Estamos de acordo con vostede, Sr. Soto. Eu xa fixen a introducción na exposición de motivos cando propoñiamos a moción, falabamos precisamente do que agora comenta o Sr. Ruiz de que tamén, non só son necesarias todas esas modificacións na avenida do Aeroporto en relación coa parroquia de Cabral e a rotonda de San Cristovo, senón que tanto nas parroquias de San Xoan Poulo como na de Cabral son necesarias todas estas modificacións.

Efectivamente sería necesario que antes de facer a entrega da avenida do Aeroporto o Ministerio de Fomento realizase todas as modificacións necesarias para que non se incrementaran os gastos do Concello.

Estamos de acordo e asumimos a súa proposta.

SR. IGLESIAS CARRERA: O noso Grupo está totalmente de acordo coa moción da Sra. Méndez.

En canto á proposta do Sr. Soto penso que sería o ideal. Este é un vial xa case que urbano aínda que non sei se é posible meter alí catro carrís.

En todo caso si hai que mellorar os accesos e sobre todo á esquerda porque á dereita, se non lembro mal, case non hai xa que está o Val do Fragoso, pero fundamentalmente é á esquerda cara á Modroa e Candeán.

Hai dous meses eu dirixinme ó Delegado de Política Territorial da Xunta e a Fomento precisamente para iniciar conversas neste sentido, tanto sobre os viais de Fomento como sobre os da Xunta que son varios e están creando situacións verdadeiramente difíciles á hora de delimitar dende onde comezan. Están creando problemas con relacións patrimoniais, con danos producidos polas célebres lousetas rotas desta cidade. Estou á espera de que me contesten pero aínda hai unha semana que me chamaron para me dicir que estaban pensando nisto.

É dicir, nós apoiamos plenamente as dúas propostas.

Modificación proposta polo Voceiro do Grupo DPG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Establecer negociacións co Ministerio de Fomento para ver as condicións en que se transfere a Avenida do Aeroporto unha vez feitas as modificacións necesarias.

Modificación proposta polo concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Ruiz Cenicerós durante o curso do debate:

Estudar a posibilidade de que se incluan tres rotondas nos cruzamentos entre a rúa Rabadeira e rúa Caeiro coa avenida do Aeroporto, así como na rúa Carballal e a estrada de Redondela.

Vótase a moción da Sra. Méndez Piñeiro e do Sr. Fernández Fernández, coas modificacións propostas polos Sres. Soto Ferreiro e Ruiz Cenicerós transcritas anteriormente.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Barros Puente e Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Establecer negociacións co Ministerio de Fomento para ver as condicións en que se transfira a Avenida do Aeroporto unha vez feitas as modificacións necesarias.

Segundo.- Que se estude a posibilidade de que se incluan tres rotondas nos cruzamentos entre a rúa Rabadeira e rúa Caeiro coa avenida do Aeroporto, así como na rúa Carballal e a estrada de Redondela.

23.- (115).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PROPOÑENDO A SINATURA DE NOVO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA O DESENVOLVEMENTO DE OBRAS E MELLORAS HIDRÁULICAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 24 de marzo de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"O 23 de febreiro de 2004 deuse conta ó Pleno do protocolo de colaboración entre ámbalas dúas institucións no que só se contemplan determinadas obras hidráulicas nas parroquias de Zamáns e Valladares, a primeira polo Concello.

No DOG do 29.12.03 se aproban os orzamentos da Xunta para o 2004 e no Título IV, artigo 32, Taxas, increméntanse as mesmas para o canon de saneamento en porcentaxes que no caso de Vigo farán que se pase dunha recadación de 1.148.000 € no ano 2003 a posiblemente 4.000.000 € no 2004. A cota para usos domésticos pasa de 0,0557 €/m³ a 0,194 €/m³ e para usos industriais de 0,0929 a 0,324 €. Concretamente en tarifa doméstica increméntase para o tramo de 30 m³ cada dous meses de 1,671 a 5,82 € e de 2,787 a 9,72 € en tarifa industrial. Este canon comenzo a pagarse xa no presente bimestre xaneiro-febreiro.

Sendo os veciños e veciñas de Vigo os que máis aportamos para financiar as infraestruturas hidráulicas propias nos últimos 10 anos, repercutindo as inversións ó longo da concesión de Aqualia e tendo necesidade de seguir facendo obras e melloras, tanto en abastecemento coma en saneamento da nosa cidade, coido necesario que o dito convenio contemple de xeito claro esta realidade, facendo fixo unha porcentaxe do pagamento do canon autonómico, para a realización das mesmas.

Por todo o exposto propónse ó Pleno da Corporación a seguinte resolución:

1.- Iniciar de xeito inmediato a negociación e sinatura do convenio que contemple a necesidade de ter unha porcentaxe fixa anual de inversións en obra e mellora das infraestruturas hidráulicas, que se financiarían con cargo ó canon de saneamento autonómico cobrado na tarifa da auga.

2.- Instar á Xunta de Galicia a licitar xa as obras pendentes: saneamentos de Valladares, control de verquidos do Lagares (convenio asinado), melloras nas depuradoras (novo convenio) e aumento de capacidade de almacenamento da auga para o abastecemento de Vigo e Área Metropolitana.”

A Comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: No fondo desta moción subxace que a cidade de Vigo, anticipándose sempre no tempo, tivo que acometer unha serie de melloras no saneamento e no abastecemento e non en todos os casos foron acompañadas polos orzamentos doutras administracións.

Por iso nestes momentos, cando os orzamentos da Xunta, na Lei de acompañamento, elevan o canon de saneamento a todos os cidadáns, coidamos que chega e abonda para que Vigo en defensa do que ten que ser, en defensa de que non pode andar pensando sempre en ter que renegociar convenios, asine un convenio derradeiro como é o que eu propoño e que nel se plasme de xeito claro que con estes ingresos que vai facer fixos o organismo Augas de Galicia se fagan obras imprescindibles e que en moitos casos son da súa competencia plena pero que como cambian as persoas non hai continuidade nas negociacións. Cun cambio de conselleiro ou de competencias, como acaeceu con Augas de Galicia que pasou da Consellería de Obras Públicas a pertencer a Medio Ambiente, os proxectos que se presentan para facer investimentos quedan perdidos no tempo.

Agora estou facendo memoria de que no Pleno anterior mencionaba o Sr. Alonso a necesidade dun aliviadoiro novo en Alcabre, imprescindible para remodelar un enlace que se fixo entre dúas administracións, Deputación e Augas de Galicia e que quedou mal e está producindo un conflito. Falo tamén da Lagoa onde parte dos veciños de Teis seguen sen ter saneamento.

Estas son obras obrigatorias das outras administracións que non do Concello pero para evitar que se esquezan, propoñemos asinar un convenio e que desa taxa de saneamento que vai ser para que todos os galegos e galegas teñan unha mellora da calidade de vida, unha porcentaxe (déixoo aquí a criterio de quen teña que negociar) sexa para Vigo.

Augas de Galicia vai pasar duns ingresos provintes da cidade de Vigo, exactamente (esta cantidade téñoa fixa porque así lla pedín á compañía recadadora) dun millón trescentos mil euros a case catro millóns. Coido que

é unha contía suficientemente ampla como para que Vigo teña dela unha partida fixa para facer estas obras que sempre quedan esquecidas.

Digo isto porque a Fegamp está reclamando presenza nestes orzamentos, pois Vigo tamén.

Propoño esta moción que no seu primeiro punto di: "Iniciar de xeito inmediato a negociación para a sinatura dun convenio que contemple a necesidade de ter unha porcentaxe fixa anual de investimento en obra e mellora de infraestrutura de augas que se financie con cargo ó canon do saneamento autonómico cobrado na tarifa da auga" (xa se está cobrando).

Dous, instar á Xunta de Galicia e citar xa as obras pendentes de saneamento de Valladares (porque as outras xa as vai facer o Concello), control de verquidos no Lagares (un convenio que está sen cumprir, é dicir, o Concello durante dous anos consecutivos tivo unha partida nos seus orzamentos pero ó non ter partida a Xunta non se puido facer), e mellora na depuradora (sei que hoxe na Xunta de Goberno Local faise unha nova aportación a este convenio). Logo tamén o grande problema: o aumento da capacidade do almacenamento de auga para o abastecemento de Vigo e a súa área.

Quero dicir que ata temos que pedir os estudos e, se hai unha partida fixa que non dependa dos orzamentos do Concello, si se pode perfectamente asinar este convenio para facer eses traballos imprescindibles e necesarios.

Coido que Vigo demostrou abondo que se adiantou ás necesidades da cidade pero non así noutras administracións porque non teñen esa percepción da urxencia e da necesidade do tempo para facer as cousas ben.

Eta é a proposta que fai o BNG e que expoño para a consideración de todos os corporativos.

SR. BARROS PUENTE: Para apoiar a proposta do BNG pero dándolle forma porque está na mesma liña e contén a mesma preocupación que temos todos. Esperamos que este sentimento sexa compartido pola totalidade da Corporación.

O ciclo da auga é para nós importantísimo e a escaseza das chuvias este inverno pon claramente de manifesto e con todo o seu dramatismo que Vigo, que está situada na zona húmida de España, sen embargo pode ter dificultades mesmo nos abastecementos puntuais. O crecemento tanto en vivendas coma en industrias fai que esta cidade esixa unha grande demanda de auga e unha seguridade de aprovisionamento deste líquido tan indispensable.

Obviamente logo temos tamén o proceso de depuración de augas con episodios que é innecesario lembrar ás súas señorías porque son abondo coñecidos por todos os membros da Corporación.

Sen embargo nos semella unha previsión razoable e que debemos ter en conta o de renegociar estes convenios escudándose o Concello de Vigo en que é xeneroso coa aportación derivada do seu brío e da súa poboación pero lle hai que garantir a esta poboación auga e abastecemento.

Esta última tamén foi curiosamente outra proposta do Grupo do BNG hai escasamente un ou dous meses. Agora traen esta nova pedindo que os investimentos fixos en Vigo, tanto para os problemas de saneamento coma de depuración, teñan unha previsión fixa.

Mesmo nós pensamos que estas obras para solucionar os problemas de abastecemento deben ser calibradas tendo coma instrumento de estudo e debate o Plan director da auga, que nós pensabamos que era un traballo avanzado moi importante cara ter un elemento obxectivo sobre o que debater, e agora con respecto ó sistema de depuración igualmente.

Dado que a aportación da cidade é importante, nós pensamos que sería de sentido común unha renegociación dos investimentos que con carácter fixo tivese que facer a Consellería de Medio Ambiente en Vigo.

Polo tanto nos engadimos á proposta do BNG e esperamos e mesmo pedimos de toda a Corporación que asuman esta proposta que tería a autoridade derivada da unanimidade política na apreciación desta necesidade. Moitas grazas.

SR. FIGUEROA VILA: Nós estamos de acordo co fondo da proposta que fai o BNG pero tamén nos gustaría suliñar unha serie de cuestións.

Hai que dicir algo que é evidente e certo; dende a Consellería de Medio Ambiente, polo menos dende que nós estamos gobernando, coido que se fixo un esforzo importante diante da demanda que se presentou por parte da cidade. Haino que recoñecer porque senón tampouco sería xusto pola nosa parte.

Hai que dicir que o tema do proxecto dos arranxos da depuradora xa pasou todos os trámites administrativos, períodos de alegacións, etc., e hoxe precisamente na Xunta de Goberno aprobarase o proxecto constructivo definitivo para esa cuestión, mesmo estivemos a semana pasada cos veciños recollendo algunhas alegacións que presentaban. Remitirase hoxe á Xunta de Galicia e para el hai unha consignación orzamentaria de 2.263.000 euros. Espero que se poda remitir mañá a primeira hora e sairá a concurso tan pronto coma chegue alí ese proxecto.

En canto ó saneamento de Valladares dicir que tamén foi unha xestión que se fixo nestes últimos catro meses cunha consignación orzamentaria de 2.811.000 euros. Precisamente xa se abriron as plicas e presentáronse trinta e unha empresas. Este volume de empresas que se presentaron significa que é unha obra importante para a cidade. A Mesa de Contratación está a piques de adxudicar a obra e polo tanto estas comezarán nuns días.

No tocante a outra serie de cuestións tamén relacionadas con temas medioambientais como o proxecto de Alcabre e o do Monte da Guía, fixéronse negociacións por parte da Sra. Alcaldesa co Ministerio de Medio Ambiente, nestes momentos tamén pasaron todos os trámites administrativos, hai unha consignación orzamentaria para o proxecto de Alcabre de 4 millóns de euros e para o do Monte da Guía de 1.500.000 euros. Son obras importantes e mesmo é algo curioso que no proxecto do Monte da Guía non só non hai alegacións en contra, senón que hai mil e pico alegacións a favor, dato moi curioso nesta cidade onde sempre se producen cuestións negativos e por iso tamén hai que salientar a parte positiva.

Son catro proxectos importantes, quédanos o de Zamáns que nestes momentos está pasando os últimos trámites administrativos en Bruxelas.

Teño que dicir que estivemos a piques de perder estes fondos porque había unha serie de cartas dos últimos seis meses que se remitiron e non se axilizaron estes proxectos. Nestes momentos pódolles anunciar que debido ás xestións que está realizando o Sr. Iglesias e tamén a Sra. Alcaldesa os trámites administrativos pasaron todos e supoño que nos enviarán un informe nun breve prazo de tempo.

Salientar que coido que este Goberno nestes catro meses acadou ou ultimou 5 proxectos para a cidade. Coidamos que é importante, que as cousas se están facendo ben e con rigor. Con proxectos como o da Depuradora de 2.200.000 euros, o de Valladares de 2.811.000 euros, Alcabre de 4.000.000 euros, Monte da Guía de 1.500.000 euros e de Zamáns de 3.000.000 euros estamos falando de case 14.000.000 euros en xestións que se ultimaron e que están consignadas.

Gustaríanos incluír aquí dúas matizacións. Todos coñecemos que hai un Plan director para o abastecemento de auga presentado por Aqualia para os próximos 20 ou 25 anos cunha cantidade de cartos importante que mesmo coido que foi apoiado por todos os Grupos políticos e nós pensamos que temos que seguir traballando nesa dirección.

Gustaríanos engadir así mesmo a inclusión da construción dunha nova depuradora, cousa que estamos seguros que non se fixo, non por descoñecemento dos Grupos políticos, senón porque se puido esquecer.

Penso que os grandes retos que ten esta cidade cara o futuro son que se vaia matizando e consignando nos vindeiros anos o plan director de abastecemento de auga e tamén a construción dunha nova depuradora.

Loxicamente estas axudas terán que vir tramitadas a través de fondos europeos e do Goberno central porque cando falamos dun plan director que supera os 50.000 millóns de pesetas e dunha nova depuradora que non sei o que pode custar agora mesmo pero ó mellor uns 15 ou 20 mil millóns máis, estamos falando duns investimentos próximos ós 80.000.000 millóns de pesetas para os vindeiros anos que evidentemente ningunha administración soa ou só a Xunta de Galicia podería acometer.

Coido que se debería incluír na moción a construción dunha nova depuradora e tamén instar ó Goberno do Estado para que se poidan acadar fondos europeos. De se incluír estas matizacións nós imos aprobala.

Pero lembrar e deixar claro enriba da mesa que por parte da Consellería de Medio Ambiente nestes catro últimos meses o único que temos é agradecemento, que non é tal, senón falar dunha actitude correcta que está tendo coa cidade de Vigo con todas aquelas peticións que se lle fixeron e que se están consignando e facendo as aportacións correspondentes.

Temos que ir a máis renegociando ese convenio que se formula e tamén incluír eses dous grandes retos que se presentan para os próximos 25 anos do plan director e da nova depuradora.

Con esas cuestións imos votar a favor.

SR. SOTO FERREIRO: Non pensaba intervir neste punto pero dadas as precisións que están facendo os demais Grupos gustaríame facer algunha.

En primeiro lugar agradecerlle ó Sr. Figueroa o anuncio do traballo do Goberno municipal a prol da construción dunha depuradora e non en Vigo, porque esa era unha das condicións para votar o Plan Xeral como lembrarán, e polo tanto ver que non só se vai recoller no plan, senón ver xa o interese concreto do Goberno para a materializar, de verdade que estou encantado.

Pero lles vou facer unha reflexión que xa fixen en distintas ocasións porque coido que as cousas non cambiaron.

Cando eu era alcalde de Vigo fixemos un estudo a fondo do que podería ser a subministración de auga a Vigo e á súa área metropolitana e non había unha solución para resolver o problema de xeito integral se non era recorrendo ó trasvase dende o Verdugo, agás que agora alguén me diga que hai novas tecnoloxías de desalinización, por dicir algo, e ó mellor a solución ven por aí, se alguén me pode tapar a boca así eu encantado, pero senón, non é cuestión de represar auga, é que temos que achegar auga para resolver os problemas da área metropolitana en moitos anos.

Iso pódese facer e insisto en que a obra pública é relativamente modesta. Falo de memoria pero lembro que era un túnel de máis ou menos 4 quilómetros entre o Verdugo e o Oitavén.

Pídlle, Sra. Alcaldesa, que asuma a responsabilidade de que lle fagan os estudos previos conducentes a que vostede poida negociar este tema coa Xunta de Galicia.

Se queren, que o Consello devolva a moción non me preocupa tanto, pero si unha reflexión para que a Sra. Alcaldesa teña isto na cabeza. Coido que cando vostede trate estes temas coa Xunta de Galicia ten que tratar o abastecemento integral da área metropolitana de Vigo e iso ten que vir de dúas mans tecnicamente, que eu saiba, ata agora: ou por ese trasvase, que sería a máis económica e dende logo seguro que a máis rápida, ou senón por esas novas técnicas que hai agora e que non antes de desalinización, pero coido que co desperdicio de auga ó mar que ten o Verdugo aquí seguramente iso non sería razoable.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Por suposto que asumimos integramente estas peticións. O da depuradora dábase por feito, é dicir, aínda que non se falou dela, falouse tantas veces que xa se daba por feito.

En canto á intervención do Goberno do Estado, pois non pode ser doutro xeito. O Plan Hidrolóxico Nacional xa contempla eses investimentos pero dalgún xeito do que se trata é dos plasmar en feitos reais. O Sr. Soto lémbra-nos unha necesidade que ven dende moitos anos atrás pero resulta que estamos na mesma situación e na seguinte moción, na que teño a seguir, verán que se lembra a mesma historia pero ás veces é bo.

O Sr. Figueroa dinos que os veciños de Vigo aportan alegacións positivas; claro, porque cando as cousas se fan con eles normalmente o fan sempre. Digo isto porque no proxecto da Guía levamos traballando moitos anos e os veciños participaron activamente e no de Alcibre exactamente o mesmo. O bo

disto é ver que as Corporacións cambian pero os proxectos se van plasmando ó longo do tempo dende que se empezan.

Por iso a petición é que se empece xa, non que quede nun papel porque solucionar a necesidade de auga de Vigo é vital porque o crecemento da nosa cidade é imparabile, coido que todos temos algo que ver niso e o que é importante é que, se as outras administracións non están tan áxiles coma nós, nos esteamos petando e lembrando que non vale esperar máis. A Administración do Estado e a da Xunta teñen que participar.

A PRESIDENCIA: Sr. Soto, asumo esa mediación porque as conversas xa están iniciadas. Darei conta delas na Xunta de Voceiros.

Modificación proposta polo voceiro do PP, Sr. Figueroa Vila, durante o curso do debate:

Que se inste á Xunta de Galicia a construción dunha nova depuradora asi como ó Goberno do Estado para que se poidan acadar fondos europeos.

Modificación proposta polo voceiro de DPG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Que se fagan os estudos previos conducentes a que pola Alcaldía-Presidencia poida negociar este tema coa Xunta de Galicia.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Pérez Castrillo e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Iniciar de xeito inmediato a negociación e sinatura do convenio que contemple a necesidade de ter unha porcentaxe fixa anual de inversións en obra e mellora das infraestructuras hidráulicas, que se financiarían con cargo ó canon de saneamento autonómico cobrado na tarifa da auga.

Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a licitar xa as obras pendentes: saneamentos de Valladares, control de verquidos do Lagares (convenio asinado), melloras nas depuradoras (novo convenio) e aumento de capacidade de almacenamento da auga para o abastecemento de Vigo e Área Metropolitana.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a construción dunha nova depuradora, así como ó Goberno do Estado para que se poidan acadar fondos europeos.

Cuarto.- Facer os estudos previos conducentes a que pola Alcaldía-Presidencia poida negociar este tema coa Xunta de Galicia.

24.- (116).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE INSTAR Ó GOBERNO GALEGO A POÑER EN MARCHA UN PLAN DE VIABILIDADE DA FLOTA CONXELADORA GALEGA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de abril de 2004, a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, formula a seguinte moción:

“En setembro de 2003, NAFO (Organización e Pescarías do Atlántico Norte), estableceu os topos autorizados de captura das distintas especies, coa conseguinte distribución de cotas entre os estados membros para a campaña deste ano 2004.

Baseado en informes dubidosos, fronte a estudos científicos que o cuestionan abertamente, o acordo de NAFO, que representa un recorte do 65%, contou co voto favorábel da delegación da Unión Europea (UE) no seo de NAFO e recibiu o apoio entusiasta do Goberno español e da Xunta, en contra dos intereses de Galiza.

Ademais, máis o 90% dos buques que faenan neses caladoiros seren galegos, Galiza non conta con ningún tipo de representación nese foro, criándose unha situación de inferioridade obxectiva a respecto doutros países ou estados con outros intereses pesqueiros.

Cómpre, pois, unha política de alianzas no seo de NAFO que mude a decisión tomada e a busca de fórmulas de representación que permitan que Galiza conte con capacidade política no seu seo.

Ós seis meses dese nefasto acordo non existe ningunha medida concreta en apoio desta flota. A crise agudízase, e mesmo as empresas frigoríficas das rías de Vigo, Pontevedra e Arousa, que conforman un dos principais centros loxísticos de peixe conxelado de toda Europa, veñen tamén de denunciar o impacto de NAFO sobre a súa actividade e de demandar solucións. O descenso do peixe (materia prima) capturado implica redución do movemento de mercadoría en porto e, xa que logo, afecta ás actividades en terra intensivas en postos de traballo: descarga, almacenamento, clasificación, manipulación, elaboración, procesamento, transporte, comercialización, etc. Son milleiros os postos de traballo que están en perigo.

Galiza conta cunha flota moderna e competitiva e con tripulacións extraordinarias. Precísase agora cobertura política para pór en valor esa potencialidade.

Estas son as razóns que levan ó Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego a solicitar do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

Instar ó Goberno galego a pór en marcha un "Plano de Viabilidade da Flota Conxeladora Galega" cos seguintes obxectivos: Manter a actividade da flota e o número de buques operativos; garantir capturas que permitan a actividade frigorífica e de procesado na Galiza; defender e dignificar os postos de traballo e incrementar a capacidade de decisión política de Galiza en materia de política pesqueira no seo da Unión Europea e de NAFO.

Que o citado Plano de Viabilidade inclúa as seguintes medidas:

- 1.- Modificar o voto en NAFO, co obxecto de evitar a execución do plano de recuperación aprobado en setembro de 2003, tomando como referencia científica outros estudos biolóxicos.
- 2.- Realizar unha política propia de investigación científica que sustente a flota galega e impulsar campañas experimentais orientadas á diversificación da actividade.
- 3.- Reclamar da UE a negociación e sinatura de acordos pesqueiros que manteñan o pavillón propio con outros países.
- 4.- Reclamar a presenza directa de Galiza na comisión de Pescarías de NAFO.
- 5.- Aprobación de programas socioeconómicos de ser preciso efectuar paros temporais. Programa de asistencia sanitaria ós mariñeiros. E facilitar un convenio colectivo para os mariñeiros da flota conxeladora."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Presentamos esta moción coa que pretendemos acadar o apoio desta Corporación para instar á Xunta de Galicia a poñer en marcha un plan de viabilidade da flota conxeladora porque compartimos a preocupación do sector polo acordo de NAFO de setembro de 2003 onde se decide recortar a captura, neste caso de fletán negro, nun 65%.

A preocupación é porque o 90% da flota pesqueira que faena nas augas do atlántico norte é a galega e fundamentalmente radicada en Vigo. Polo tanto nos preocupa porque ademais da importancia que ten para a economía do país, significa tamén 4.000 postos de traballo directos e milleiros de postos indirectos.

Dicían antes que compartiamos a preocupación do sector e ademais do que é a flota pesqueira en si, todas esas empresas frigoríficas da ría de Vigo e de

Arousa xa están a manifestar e denunciar que esta crise se agudiza porque efectivamente cada vez ven menos peixe ós nosos portos e polo tanto isto representa unha menor actividade pola menor recepción de mercadorías nos portos das nosas rías.

Hai que ter en conta que esa redución de capturas ten unha repercusión non só na descarga, almacenamento, clasificación, manipulación, senón tamén na elaboración, no transporte e na comercialización porque efectivamente daí veñen eses milleiros de postos de traballo indirectos dos que falaba anteriormente.

Por iso coidamos urxente e fundamental que a Xunta de Galicia asuma poñer en marcha este plan de viabilidade e presentamos neste Concello a moción porque pensamos que é o concello máis directamente afectado tanto no que representan os postos de traballo como pola actividade da flota conxeladora que, como dixen ó principio, nun 90% está radicada no noso porto.

SR. ARIAS MOREIRA: O noso Grupo considera que polo seu sentido esta moción é apoiable, eloxiable e que ademais resulta absolutamente oportuna e que se refire a un asunto da maior relevancia porque efectivamente é certo que neste momento hai unha seria ameaza para un sector importante da economía galega con particular impacto na nosa área.

Efectivamente o impacto pode ser directo e estar absolutamente multiplicado. O impacto directo en termos de actividade e emprego pode ser considerable, é dicir, estamos ante un perigo real para o conxunto do noso tecido productivo.

Estou de acordo ó 100% coa intervención que acaba de facer a Sra. Fernández. En liñas xerais estamos de acordo co texto, pero faríamos dúas obxeccións referidas a asuntos non pequenos que nos levarían finalmente a propoñer algún cambio na redacción.

A primeira é a referencia que se fai ós informes científicos ou biolóxicos. Para facer unha brevísima historia, dicir que inicialmente NAFO encarga un informe que efectivamente chega á conclusión de que o caladoiro está moi esquilado. A partir daí aparece unha cadea de propostas de política, logo hai un contrainforme, o informe Macwide, que chega a conclusións bastante diferentes do primeiro.

Quero dicir con isto que, feitas as prospeccións correspondentes e as consultas a científicos, chegamos á conclusión de que esta é unha cuestión absolutamente controvertida e polémica, non hai acordo entre os propios

científicos, pero en todo caso o primeiro informe merece tanto respecto coma o contra informe.

Esta é unha cuestión na que o noso Grupo entende que non debe terciar de ningún xeito porque sería un pouco ridículo que un organismo político tomara partido nunha polémica científica aberta, polémica que mesmo manteñen neste momentos científicos radicados na nosa cidade. Coido que non o debemos facer pero tamén que isto non ten tanta importancia coma inicialmente podería semellar porque realmente para facer propostas de política pesqueira non é necesario partir de modelos biolóxicos, máis ben o que é necesario é trascender ós modelos biolóxicos. Por exemplo, non é para nada obvio que de cara a resolver os problemas dun caladoiro esquilado a redución do esforzo pesqueiro solucione os problemas, pode ser ó contrario porque hai evidencias, así por exemplo nos caladoiros de bacallao do Atlántico Norte produciuse unha colonización doutras especies que rematou por destrozarse as posibilidades de pesca nesas augas durante moito tempo de xeito que resultou contraproducente.

É dicir, aínda aceptando as conclusións do primeiro informe (que non digo que as haxa que aceptar pero tampouco facer unha alusión explícita que as rexeite) é posible postular diferentes alternativas de regulación do caladoiro. Cóntame neste momento que hai equipos de economistas que están facendo propostas alternativas ás que propón a NAFO tomando coma base este primeiro informe.

Por tanto a nosa primeira obxección iría na liña de non entrar para nada en xuízos de valor relativos ós estudos biolóxicos.

A segunda obxección que poñemos é doutro calado e ten outra orientación e é esta referencia que se fai na proposta de acordo no primeiro parágrafo final onde di: "Incrementar a capacidade de decisión política de Galicia en materia de política pesqueira no seo da Unión Europea e de NAFO".

Non temos obxección, pola contra o noso Grupo apoia dun xeito decidido e ista si é unha proposta política de calado, que Galicia teña presenza en todo o que teña que ver coa definición da Unión Europea, en particular da política pesqueira.

En troques coidamos que é unha especie de brinde ó sol dicir que Galicia teña presenza directa na NAFO e iso por unha razón fundamental, porque realmente na NAFO non está representado o Estado español, quen está representada é a Unión Europea. Estes dous puntos réstanlle bastante rigor á proposta.

Para rematar proporía os seguintes cambios que en realidade o son de supresión: que non fixeramos referencia ós informes dos científicos na exposición de motivos. Coido que non é necesario dicir: "Baseados en informes dubidosos fronte a estudos científicos que a cuestionen concretamente", coido que pode empezar perfectamente en "o acordo de NAFO". Xa no acordo proporía que na presentación, no primeiro parágrafo onde di: "Instar ó Goberno galego a poñer en marcha..." que así empeza, e remata con " ...e incrementar a capacidade de decisión de Galicia en materia de política pesqueira no seo da Unión Europea".

Que o devandito plan de viabilidade inclúa as seguintes medidas: Primeira, modificar o voto en NAFO co obxecto de evitar a execución do plan de recuperación aprobado en setembro de 2003". Coido que se podería suprimir perfectamente tomando coma referencia científica outros estudos biolóxicos porque isto é terciar nunha polémica que coido que non é a nosa.

Tamén proporía suprimir o punto 4 que di: "Reclamar a presenza directa de Galicia na Comisión de pesquerías de NAFO", tendo en conta que xa na presentación da moción se fala da presenza directa de Galicia na Unión Europea.

SR. FIGUEROA VILA: Estamos dispostos a apoiar a moción que presenta o BNG sempre e cando se inclúa unha segunda parte que coidamos importante porque, á parte que a Xunta de Galicia poida establecer un plan de viabilidade, o Goberno central ten algo que dicir aquí.

Nós propoñemos instar tamén ó Goberno de España a que se dirixa á Comisión Europea en demanda da posta en marcha dun plan de acción cuatrienal logo da XXV Reunión anual da NAFO fundamentado nos seguintes obxectivos: Manter a actividade da flota conxeladora e o número de buques operativos. Defender e dignificar os postos de traballo existentes e garantir as capturas que permitan a viabilidade da actividade frigorífica e do procesado en Galicia. Para a consecución destes fins o plan de acción debería incluír as seguintes medidas: zonas de pesca alternativas, paralización subvencionada da flota, constitución de sociedades mixtas e a modificación do plan de reconstitución aprobado.

Con estas matizacións nós estaríamos dispostos a aprobar esta moción.

Dicirlle tamén que coido que hai unha moción nese sentido aprobada por unanimidade de todos os Grupos hai pouco, na que xa se aprobou que se pida a representación de Galicia en NAFO ou polo menos algo lembro eu, non sei

se estou falando con exactitude pero polo menos me ven á mente que xa aprobamos unha moción así presentada non sei se polo Sr. Domínguez por parte do BNG.

Polo tanto isto xa está aprobado noutra moción pero non temos ningún problema en que se hai a posibilidade de chegar a un acordo con esas matizacións que facemos nós e as que se recollen, se a relatora está disposta, nós tamén apoiariamos estas propostas en aras de chegaren a un acordo.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Primeiro agradecer o interese co que os Grupos acolleron esta proposta. Logo facer unha serie de matizacións con respecto ás intervencións.

Primero, en canto á intervención do Grupo Socialista dicir que non temos ningún problema en modificar o que é a exposición de motivos alí onde se di "baseado en informes dubidosos", cambiar por "informes que crean dúbida", dado que efectivamente dubidoso semella taxativo a respecto do que son eses informes e "que crean dúbida" é unha cuestión máis subxectiva.

O que si é certo e que existe unha controversia entre os diferentes informes que hai de NAFO e concretamente da situación na que se atopa o fletán negro que son distintos e que algúns científicos, por certo ningún deles galego nin do Estado español nin da Unión Europea, algún deles canadiano e outros sudafricanos, entenden que o comité científico de NAFO non tivo en conta axeitadamente os números para falar de que efectivamente neste momento existe unha situación de esquilma do fletán negro en augas do Atlántico Norte.

Polo tanto entendemos que si é importante dicir que os informes do Comité científico de NAFO teñen ou crean cando menos algunha dúbida porque é necesario, dende o noso punto de vista e aínda que o noso cometido non sexa científico que as administracións influán para que a controversia científica que existe se poida poñer a punto e sexa rigoroso á hora de tomar un acordo que ademais ten que se tomar dado que no mes de xuño hai que revisar o acordo NAFO do ano 2003. Coidamos importante que esa controversia teña unha solución o máis favorable posible, independentemente de que non somos os primeiros que queremos que sexan rigorosos e obxectivos a respecto da situación de se é ou non conveniente ese recorte, un menor recorte ou en definitiva ningún recorte, pero cando menos que haxa unha seguridade nos informes que se están a emitir.

Polo tanto non habería problema en modificar esa cuestión.

Si temos problema, Sr. Arias, en retirar da nosa moción o de incrementar a capacidade de decisión política de Galicia en materia de política pesqueira na Unión Europea e NAFO. Concordamos que quen representa a pesca en NAFO ou cando menos nesta comisión é a Unión Europea, pero eu pregunto ¿Galicia forma parte da Unión Europea, do Estado español e este da Unión Europea ou non? Se resulta que a flota conxeladora, e dixeran antes que o 90% da flota conxeladora que faena en augas NAFO é galega e concretamente de Vigo ¿por qué non pode haber unha representación de Galicia, mesmo do Estado español (que non o é) que en representación da Unión Europea estea na comisión de NAFO para mellor defender os intereses da nosa flota? En absoluto é igual que a Unión Europea defenda os intereses da flota galega que o fagan os propios interesados e de feito todos os resultados que se deron ata o momento deixando en mans da Unión Europea estas defensas, temos a experiencia de que sempre son negativos para a nosa flota.

Somos perfectamente conscentes de que non estamos a manifestar ningún desideratum, senón que é algo total e absolutamente posible. Quero lembrar que no debate de investidura do Sr. Zapatero, novo Presidente do Estado, deixaba entrever que efectivamente as diferentes comunidades autónomas poderían ter representación nalgunhas das comisións concretas da Unión Europea.

Non somos os do BNG os únicos que estamos a defender que Galicia debe ter presenza na defensa dos seus intereses nestas comisións de pesca; é que o sector o está a reclamar e non se pode dicir que este sexa susceptible de compartir cando menos ideoloxicamente os postulados do Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto estamos a falar dende unha posición político-ideolóxica dunha organización política nacionalista pero que o propio sector e os intereses económicos deste país, á marxe desa ideoloxía e desa política, están a esixir porque evidentemente é unha necesidade.

Polo tanto non temos problema en modificar a exposición de motivos niso que dicía antes, pero modificar unha reivindicación que para nós é importantísima, sinceiramente non.

Con respecto á proposta que fai o Sr. Figueroa e dado que compartimos todo o que se presenta nela, non teremos ningún problema en a aceptar, pero o que si quero dicir, Sr. Figueroa, é que esa é outra moción. Esta é unha moción que presentamos dirixida á Xunta de Galicia porque á marxe das

competencias que ten o Estado en materia de pesca, a Xunta de Galicia ten as súas propias. Polo tanto o Goberno galego non se pode manter á marxe nin deixar de ter unha actitude de responsabilidade de goberno con respecto a unha situación que vive un sector económico como o do que estamos a falar. Entendemos que é importante instar á Xunta de Galicia nestes puntos que manifestamos aquí e, aínda que entendemos que sería outra moción, non temos ningún problema en a presentar aquí. Nós temos outras canles para o facer a nivel de Estado pero compartimos que este Concello se dirixa tamén ó Goberno central e asumiriamos a proposta que presentou o Sr. Figueroa porque compartimos as reivindicacións que se fan.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: O noso Grupo está totalmente de acordo coa exposición da Sra. Fernández e ó mesmo tempo tamén co exposto polo Sr. Figueroa sobre a implicación do Goberno español.

Os descubridores dos mares profundos a raíz da famosa guerra do fletán (por lle chamar dalgún xeito) foron os vigueses. O 86% da flota do sector é de Vigo e é realmente a afectada.

Quero lembrar que o estudio biolóxico presentouse por biólogos canadinos os mesmos que, non imos dicir que a avalasen, pero tampouco sairon a se pronunciar diante da grande matanza de focas que se fixo na zona de Canadá. Os estudos que ten a Cooperativa de Armadores indican completamente o contrario do que din estes, é dicir, que a flota de NAFO é productiva e non hai o tal esquilmo que se di no outro informe.

Estou de acordo co dicía o Sr. Arias sobre retirar ou modificar o tema dos estudos biolóxicos porque non contrastan cos que fixo a propia Cooperativa de Armadores. Tamén estamos totalmente de acordo co que dixo a Sra. Fernández e o noso voto vai ser a favor.

Deixamos pendente para un próximo Pleno o de presentar outra moción para que sexa o Goberno de España quen defenda os nosos intereses, neste caso máis que nunca os dos vigueses porque repito que, segundo os datos dos contactos que teño na Cooperativa, o 86% da flota e un caladoiro son nosos, é máis, coido que esta semana voltamos descubrir outro grande caladoiro en augas profundas (aínda isto non saíu á luz). Así que nós andamos a descubrir caladoiros en augas profundas e logo veñen estes e nos botan fóra.

Estamos totalmente de acordo, gracias.

SR. ARIAS MOREIRA: Con brevidade para clarear porque, polas palabras da Sra. Fernández e sobre todo pola referencia que fai á investidura do actual Presidente do Goberno, semella que non quedou claro o que eu quería dicir. Eu non dixen nada en contra, senón que a miña posición e a do meu Grupo é a favor da presenza directa de Galicia en todo o que teña que ver non só coa política pesqueira, senón con todas as políticas da Unión Europea. Coido que tanto Galicia como as outras comunidades autónomas ten que ter presenza directa na Unión Europea, ¿queda claro? Cousa moi distinta é que Galicia teña presenza directa na representación da Unión Europea en organismos multilaterais que xa é unha cousa totalmente distinta e é do que estamos falando.

A PRESIDENCIA: A Sra. Relatora non quere modificar a súa proposta.

SRA. FERNANDEZ DAVILA: É que hai unha cuestión porque onde se formula a modificación do que representa incrementar a capacidade de decisión política de Galicia en NAFO, etc., é no apartado que dá corpo a toda a moción, logo se desglosa concretamente en cinco apartados, pero é que esa é a definición da moción independentemente de que logo se especifique. Eu podo entrar na votación separada dos outros puntos, pero é que o que se pretende modificar é a moción.

SR. SOTO FERREIRO: Para lle dar importancia ó que dixen antes o meu compañeiro, Sr. Alonso, déixeme dicirlle ó amigo Sr. Arias, porque ó mellor é un problema de discrepancia política.

Sr. Arias, estou convencido de que se falasemos deste tema cun pouco de vagar votaríamos todos o mesmo. Estou convencido de que hai un pequeno problema de interpretación e pediría flexibilidade para o entender pero tal e como está vai á orixe.

É certo o que dis sobre unha representación das Comunidades Europeas, pero non é menos certo o que te argumentaron o Sr. Alonso e a Sra. Fernández no sentido de que se é unha flota viguesa ¿por qué a Unión Europea non asume que sexa Galicia neste caso quen defenda os seus intereses? ¿non temos científicos, políticos e xente capacitada en Galicia para defender as nosas propias posicións? Claro que a temos e do mesmo xeito que acaba de dicir moi ben -e alegrámonos moitos- que realmente Galicia teña presenza na Comunidade Europea, pola mismísima razón política neste caso, dada a súa

preponderancia neste tema concreto, sexa quen nos represente. Iso deberíanos alegrar a todos.

Sr. Arias, pediríalle encarecidamente que retirara esa obxección a este tema.

SR. ARIAS MOREIRA: Xa que se me pide e se me interpela directamente, Sr. Soto, dicir que se é por flexibilidade podo ter toda a flexibilidade, pero vostede ten que estar de acordo comigo nun punto, en que as mocións que se aproben nesta Corporación teñen que ter toda a carga do rigor, do que representa a decisión dun órgano representativo da cidade de Vigo.

Coido pois que a carga do rigor nola cargamos introducindo un elemento que -repito- non é que teña eu obxección se iso pode ser posible, pero é que coido que non o é, coido que é un sinxelo brinde ó sol. Por tanto coido que esta moción que estamos aprobando e que está moi ben que aprobemos, se está convertindo nunha pequena tontería, coido que este é un elemento que a desvirtúa. Nada máis que iso.

A PRESIDENCIA: Sra. Relatora, ¿votamos a moción?

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Eu sinxelamente quero ler o que di aquí: "Incrementar a capacidade de decisión política de Galicia en materia de política pesqueira no seo da Unión Europea e de NAFO".

Pregúntome se é máis representativo por parte da Unión Europea nas comisións NAFO onde se deciden estas cousas unha representación de Holanda ou unha representación de Galicia dado o que se está a debater e o que representa a flota.

Estamos a falar de que se temos dereito ou debemos pedir ou esixir ese dereito de ter capacidade de decisión na Unión Europea, ¿por qué a Unión Europea non pode definir representación galega para estar nesas comisións NAFO e defender á flota pesqueira?

A PRESIDENCIA: Entendo que pasamos a votar.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, sobre instar ó Goberno Galego a poñer en marcha un Plano

de Viabilidade da flota conxeladora galega, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

25.- (117).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A NEGOCIAR COA XUNTA DE GALICIA E TOPO 2000, SL, PARA A RECUPERACIÓN DO DOMINIO DA CONCA HIDRÁULICA DO RÍO OITAVÉN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de abril de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"A recente sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, RCA nº 116/2002 é parcialmente favorable ó Concello ó retrotraer o acto administrativo recorrido por considerar efectivamente que non se esixiu adecuadamente "capacidade técnica a Topo 2000 S.L." e no seu caso ós demais peticionarios concorrentes á concesión administrativa para o aproveitamento hidroeléctrico no río Oitavén.

Ante un futuro que non garanta o subministro á nosa cidade dun ben escaso e vital como o abastecemento de auga, temos que novamente, en defensa de Vigo e da súa Área, mirar ó pasado e non cometer novos erros. O 31 de xullo de 1962 por Orde Ministerial o Ministerio de Obras Públicas concede a Vigo a perpetuidade o aproveitamento do Oitavén para abastecemento á poboación do subministro de auga, ó estar nese intre compartindo distintos aproveitamentos. O Concello merca as outras concesións (aproveitamentos hidroeléctricos de "Salto de Aranza" e "Salto de Vilán") ós seus concesionarios, comunicando dito feito, que se aprobou por Orde Ministerial do 9 de febreiro de 1966. O Concello de Vigo ante esta nova situación de concesionario único, fai petición expresa ó Ministerio de Obras Públicas solicitando que o total dos 3.225 litros por segundo do "Salto de Aranza", destinados a aproveitamento hidroeléctrico, se amplíen na concesión de abastecemento. Nunca se recibiu contestación á dita petición por parte da Administración. A non contestación truxo como consecuencia que o Concello perdeu a concesión.

Por todo o exposto e para recuperar o total control da concesión e da billa que controla o caudal dos ríos Oitavén e Verdugo, priorizando totalmente o subministro de auga ó aproveitamento hidroeléctrico, fagamos as negociacións políticas, administrativas e coa empresa privada que sexan necesarias, tal como xa se fixo nos anos 1962-65, evitando a xudicialización da auga, caso que se terá que producir de non chegar ós acordos que se propoñen:

1.- Iniciar de xeito inmediato as negociacións necesarias coa Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente-Augas de Galicia para anular totalmente o concurso que fixo que o Concello perdera a concesión.

2.- Iniciar de xeito inmediato contactos con Topo 2000, S.L., para buscar unha solución extraxudicial.

3.- Comunicar e facer partícipe das sentencias á Mancomunidade de Vigo e solicitar o seu apoio."

A Comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Gustaríame comezar dicindo que isto vai dirixido a tocar o fondo dun problema gravísimo que se nos pode vir enriba. A grande defensa que os servicios xurídicos do Concello fixeron destes tres procesos xudiciais non abonda.

Dende anos pasados se nos está a tocar directamente nunha concesión que se acadou no ano 62 (maxino que con grande traballo) para que esta cidade dispuxera dunha conca vertente que lle poidera alongar no tempo o abastecemento de auga.

Lembro que no ano 94 moitos vigueses nos trasladamos a Santiago cun lema: "en defensa de Vigo" e fumos quen de que cambiaran radicalmente os investimentos e as posturas que tiña a Xunta coa nosa cidade no tema de infraestructuras de saneamento e abastecemento.

Dos tres preitos que ultimamente se dictaminaron nos Xulgados do contencioso-administrativo de Santiago só nun e cunha matización anulan a concesión do aproveitamento hidroeléctrico desa antedita conca.

Eu fun testemuña nese proceso porque me requiriron os servicios xurídicos e, sendo como son membro da Mesa de contratación do Concello de Vigo, coido que é demasiado feble que por un mero trámite como é o de coidar que non está acreditada a capacidade técnica de TOPO-2000, S.L., poidamos poñer en perigo obter a billa do control desa conca vertente vital para a área metropolitana de Vigo.

Coido que dou argumentos dabondo na miña exposición de motivos pero eu lles recomendaría ós corporativos que non tiveron tempo de ler estas sentenzas que a estudaran porque nelas se reflicte un pouco a historia do crecemento da nosa cidade. As previsións que se tiñan daquela, ó ter que comprar as concesións administrativas que previa á nosa concesión se fixeran, porque as concesións administrativas foron previas a nós e aquela Corporación tivo que recuperar negociando e comprándoas.

Os gobernos municipais teñen normalmente uns períodos de continuidade que non permiten ter un coñecemento exhaustivo da historia e isto é o preocupante.

Se no ano 66 xa se dicía que sendo propietarios do aproveitamento hidroeléctrico se nos pasase coma aproveitamento de abastecemento o total dos 3.225 litros e nunha moción que aquí aprobamos así o facemos novamente, coido que é importantísimo neste momento facer os contactos políticos co apoio de toda a Corporación para, sen se rachar as vestiduras, aprender do pasado e melloralo.

Digo isto porque posiblemente estes tres puntos que eu lles propoño para votar, se non se ten ese coñecemento do que é contido dese tempo pasado onde se tivo a concesión administrativa para o aproveitamento hidroeléctrico e tamén a recuperación dos aproveitamentos de toda a conca, podemos atopármolos nunha situación moi preocupante.

Polo antedito a miña proposta é: Iniciar de xeito inmediato as negociacións necesarias coa Xunta de Galiza e a Concellería de Medio Ambiente de Galiza para anular totalmente o concurso que fixo que o Concello perdese a concesión do aproveitamento hidroeléctrico.

Segundo: Iniciar de xeito inmediato os contactos con TOPO-2000, S.L., para buscar unha solución extraxudicial.

Terceiro: Comunicar e facer partípe das sentenzas á Mancomunidade de Vigo e solicitar o seu apoio.

Coido que é moi importante que se pense que nos estamos xogando xudicializar o abastecemento de auga de Vigo porque quen non teña a billa para manter o caudal non ten o control do abastecemento. Se alguén entra a aproveitar hidroeléctricamente a conca do Oitavén dende logo que vai en paralelo co Concello de Vigo e non seremos nós os que decidamos senón que teremos que compartir e coido que iso non o podemos permitir.

Coido que xuridicamente hai base suficiente pero sempre vai depender da interpretación que os xuíces poidan dar da nosa defensa e postura coma cidadáns.

Nestes momentos é importantísimo asegurar un medio vital coma é o da auga, contemplado en todos os tratados e normas internacionais coma vital, antes que calquera aproveitamento hidroeléctrico, que é lícito e bo e ademais o protocolo de Kioto nos obriga a facelo. Pero ante todo nós temos que facer todo o posible para voltar á posición inicial que xamais debimos perder.

SR. SOTO FERREIRO: Estou totalmente de acordo co Sr. Fernández.

Houbo dous erros monumentais neste proceso: o erro do Concello de Vigo e o da Xunta de Galiza. Coma Concello temos que asumir o noso coma tal e polo

tanto podemos seren críticos cos demais pero tamén temos que seren autocríticos.

Para que non volte acaecer ese erro dicir tamén que espero dun proceso negociador coa Xunta de Galiza, que en definitiva é o que insta o Sr. Fernández coa súa moción, que este tema se resolva do mellor xeito posible. De non seren así o Concello de Vigo debe estar disposto, porque co fallo que aí hai, se se pretende agora facer unha nova concesión entendo eu que estaría absolutamente lexitimado para ir ós Tribunais de Xustiza con todos os medios para defender os seus dereitos.

Non se fixo no seu día -mal feito-, asumamos todos a autocrítica do que non fixemos ben pero díganoslle á Xunta de Galiza e a Augas de Galiza que non estamos dispostos a errar dúas veces no mesmo sitio.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: Antes de decidir a nosa posición precisaríamos dunha aclaración por parte do Sr. Fernández que coidamos substancial porque se a negociación que se pretende non conleva a suspensión do preito si nos semella ben. O que nos daría moitísimo medo e coidamos que é prexudicial para o Concello de Vigo é saírnos do proceso xudicial xa que por primeira vez hai unha sentenza que, aínda que de xeito un tanto tímido, dá a razón a parte das alegacións do Concello de Vigo e xusto neste momento renunciemos a seguir adiante co recurso de apelación interposto perante o Tribunal Superior de Xustiza. Polo tanto, se esa é unha negociación que non comporta a suspensión da tramitación actual do recurso de apelación perante o Tribunal Superior de Xustiza, non está de máis, sempre está ben que se negocie entre as administracións chegar a acordos e fórmulas de consenso pero coido que sempre e cando se garanta neste Pleno que o Concello non desiste da súa capacidade e vontade de seguir adiante na reclamación.

Ademais aquí hai unha parte máis complexa e difícil de acadar que realmente non sabemos en qué se basea a expectativa de que a principal interesada desta concesión que é unha sociedade limitada (por certo que dedicada á topografía e á deliñación e non ó aproveitamento hidroeléctrico de ningunha conca) estea disposta a chegar a unha solución extraxudicial, non lle convén para nada. Polo tanto é unha suposición de moi boa fe que está baseada nalgún tipo de contacto previo entre o Goberno e Augas de Galiza, porque hai unha vontade por parte desta última de efectivamente voltar atrás, é dicir, que os pasos que deamos teñan sentido, que non vaian ser ó

mellor pasos en falso que nos fagan perder todo un procedemento que por primeira vez está apuntando na dirección que lle interesa ó Concello.

En función da resposta do Sr. Fernández sobre se esta é a súa intención, nós poderíamos matizar a posición do noso Grupo.

SR. FIGUEROA VILA: O Sr. Fernández di que nos temos que sensibilizar con esta moción e eu diría que se hai unha moción importante neste Pleno, aínda que todas son importantes, esta si que afecta directamente ós intereses propios deste Concello e do futuro do Concello.

Coido polo tanto que si que habería que matizar todas as cuestións desta moción e poñelas enriba da mesa porque estamos falando do futuro abastecemento para a cidade de Vigo.

De acordo co que tamén dicía o Sr. Fernández dunha serie de dereitos adquiridos no pasado que coido que polo expediente que lin e por toda a traxectoria tamén houbo dificultades no seu momento.

Polo tanto anunciamos que xa se tomou a decisión de presentar os recursos e imos ir cara adiante con eles con todas as súas consecuencias. Paralelamente se están facendo as xestións políticas por parte da Sra. Alcaldesa co Sr. Conselleiro e con Augas de Galiza para que podamos chegar a un acordo.

Pero tamén anunciamos aquí que se non chegamos a un acordo o Concello de Vigo vai defender con firmeza a postura da defensa dos seus intereses; coido que non cabe outra solución.

Dicir que imos apoiar esta moción e que evidentemente o de trasladar á Mancomunidade tamén é importante polo apoio que se poida prestar, pero coido que agora mesmo o máis importante é a capacidade de negociación coa Xunta de Galiza, coa Consellería de Medio Ambiente e con Augas de Galiza para resolver esta cuestión, sempre coa firmeza que temos que ter dende o Concello para defender ata o final. A única vía que nos queda é a xudicial e ímola esgotar en todos os seus prazos e con todas as súas consecuencias.

A PRESIDENCIA: Sr. Fernández, non lle pasei a palabra porque pensei que quedaba claro.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Si, xa antes de presentar a moción eu sabía que se presentara o recurso porque tiven unha relación moi directa con este tema.

Eu leo as ordes do día da Xunta de Goberno e coñecía perfectamente a proposta.

Dende logo que en ningún momento se pode perder a vía que temos de defensa xudicial, iso téño clarísimo, pero o máis importante é que tendo todos a conciencia clara da importancia que ten a moción, eu quedo dobremente satisfeito.

Repito novamente que coido que todos estamos aquí pola defensa de Vigo.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira e Barros Punte).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, sobre negociación coa Xunta de Galicia e a empresa Topo 2000, S.L., para a recuperación do dominio total da conca hidráulica do río Oitavén, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

26.- (118).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á CONVOCATORIA DO CONSELLO XERAL DO PLAN ESTRATÉXICO PARA O LANZAMENTO DO PLAN "VIGO 2010".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de abril de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, formula a seguinte moción:

"O Plan Estratéxico de Vigo e a súa área metropolitana, VIGO 2010, aprobouse polo seu Consello Xeral o 14 de marzo de 2003 co acordo de promover a divulgación e a posta en marcha das medidas contidas no mesmo con posterioridade á constitución da nova Corporación Municipal, toda vez que era expreso desexo dos axentes sociais, económicos, institucións e partidos políticos representados nel que o seu lanzamento trascendera calquera conxuntura política.

O Plan Estratéxico ven sendo un pacto social, político e interinstitucional a prol dunha estratexia conxunta de toda a cidade cara o 2010. Era unha demanda de toda a economía e a sociedade viguesa e nel traballaron a práctica totalidade das institucións concorrentes no noso territorio, co fin de analizar en profundidade os problemas e potencialidades da nosa área

metropolitana para o seu posicionamento futuro no sistema de cidades da eurorrexión e percurar, de común acordo, os obxectivos e programas que lograran o aumento sustancial da calidade de vida e servizos para a poboación da área metropolitana e o seu crecemento económico e de emprego, como obxectivos xerais da cidade a acadar no horizonte da primeira década do século XXI.

Promovido pola Fundación Provigo e dirixido por unha ampla representación cidadá e institucional a traveso do seu Consello Xeral, o Plan Estratéxico suscitou amplos debates sobre o futuro da nosa cidade en arredor de catorce mesas de traballo sobre diferentes aspectos da economía e a sociedade viguesa ó longo de case que dous anos.

A necesidade de relanzar o Plan Estratéxico é a estas alturas imperiosa, xa que o esforzo de consenso contido no mesmo é inimaxinábel e desde logo histórico, e racha coa falaz idea de que a cidade de Vigo non é quen de se unir para progresar.

O Plan Estratéxico ten ese valor: contén un esbozo dun modelo de cidade pactado e aceptado por todos.

É importante pois que se retomen os acordos do último Consello Xeral e se comece a poñer en marcha a estratexia de divulgación dos obxectivos do Plan, así como a estrutura de seguimento e vehiculización das medidas contidas no mesmo; a reforma da Fundación Provigo para lle dar unha maior funcionalidade e representatividade co fin de facela unha institución útil para o sostemento dos traballos de xestión e seguimento do Plan estratéxico; e, en fin, se incardinan as estratexias futuras das administracións e dos axentes económicos e sociais na estratexia global deseñada polo Plan Estratéxico.

Por outra banda, sería unha manifesta irresponsabilidade, logo do esforzo realizado na súa elaboración, que se fallara na xestión do mesmo. As novas iniciativas municipais de colaboración coas administracións co fin de atraer novos investimentos para Vigo deberan incardinarse na medida do posíbel dentro das medidas propostas polo Plan. O mesmo que iniciativas como "Vigo 2005", cuxa mesma denominación revela unha carencia real de norte do que se pretende, tanto polo seu miope alcance temporal como polo, até o momento, descoñecido contido.

O pasado mes de febreiro diriximos un escrito á Sra. Alcaldesa no mesmo senso que ésta exposición de motivos, sen recibir resposta do mesmo. Diante da pasividade do goberno para impulsar o Plan Estratéxico, coidamos que debe ser a Corporación a que se decida dunha vez a tomar a iniciativa política.

Xa que logo, solicitamos:

Que se convoque na data mais cercana posíbel o Consello Xeral do Plan Estratéxico, co fin de continuar os traballos de lanzamento do Plan "VIGO 2010", así como estudar os instrumentos técnicos e políticos que aseguren a súa xestión, xa que deben ser os protagonistas da súa elaboración os que decidan o momento e as formas de se poñer a traballar conxuntamente para a súa implementación."

A comisión informativa de Serviciós Xerais, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. PÉREZ CASTRILLO: O 14 de marzo do ano pasado, reunido no Pazo de Castrelos, o Consello Xeral do Plan Estratéxico aprobou este documento logo de máis de ano e medio, case dous anos de elaboración, cun amplo proceso de elaboración no que traballaron directamente na aportación de suxestións máis de cincocentas empresas; a Universidade, as forzas políticas, as institucións, a Zona Franca, a Autoridade Portuaria coordinadas por un un equipo técnico onde traballaron centos de expertos en cada un dos temas. Chegouse a un documento de síntese de seis eixos estratéxicos para o desenvolvemento da Área Metropolitana de Vigo cara ó 2010, daí a denominación deste Plan. A proximidade das eleccións e habendo a vontade de todas as forzas representadas no do Plan Estratéxico, empresarios, sindicatos, institucións e demais, de non mesturar un documento de tal calado, participación e transcendencia cun debate electoral, tomouse o acordo de que unha vez aprobado se agardaría, logo da constitución da nova Corporación emanada das eleccións municipais, a súa posta en marcha, a súa divulgación e todos eses asuntos que quedaban pendentes a raíz desa aprobación como sería repensar a Fundación Provigo, buscar metodoloxía para facer un seguemento da eficaz implementación de todas as liñas directrices e recomendacións deste Plan Estratéxico e, en definitiva, buscar a fórmula de que o que tanto traballo nos levou consensuar ó final fora xestionado conxuntamente do mellor xeito posible. Pasadas xa as eleccións municipais coido que houbo tempo abondo e como non me arrego ningún protagonismo no Plan Estratéxico máis que o de ser quen o impulsou ou concitou este consenso, dirixín ós sucesivos alcaldes desta Corporación escritos indicándolles que sería bo retomar eses traballos. Sra. Alcaldesa, eu a vostede dirixinlle un escrito hai un tempo e agora diríxolle unha moción toda vez que non recibín contestación persoal a ese escrito.

Coido que é importante que ese traballo de deseño dun plan estratéxico se retome, se revise e se poña en marcha. En todo caso coido que é urxente que o Consello Xeral do Plan Estratéxico que non voltou escoitar nada deste documento dende marzo de 2003, se reuna e discuta cómo, cando e de qué xeito o pon en marcha, o divulgue á cidadanía (porque falla a súa divulgación) e o poña en marcha, con qué mecanismos, con qué estrutura,

con qué tempos, etc. Nese sentido a petición á Corporación é que se convoque ó Consello Xeral para que retome eses traballos o máis axiña posible e que sexa o propio Consello Xeral quen decida o momento axeitado de divulgar o contido deste plan, os mecanismos para o poñer en marcha e en todo caso a posible revisión dalgún obxectivo se por algunha razón o houbera que facer xa.

A PRESIDENCIA: A dimensión e a centralidade urbana, tamén o benestar e a calidade de vida, a competitividade, o desenvolvemento empresarial, o coñecemento, a innovación e a cooperación, o emprego e tamén a mesma identidade da cidade son aspectos que se contemplan como substantivos neste Plan Estratéxico da Fundación Provigo e que tralo seu desenvolvemento entendo que Vigo se situará axeitadamente para enfrontar con auténticas garantías os retos dunha sociedade máis tecnolóxica e tamén máis competitiva e esixente.

Quero ademais anunciarlle que na reunión da Fundación Provigo do Plan Estratéxico na que precisamente se falou da necesidade de poñelo en marcha e lanzalo, na que ademais todos estabamos de acordo en que era bo e necesario, formulamos tamén que sumando o programa municipal de Vigo-2005 sobre o horizonte do ano 2010, conforma un proxecto que debe ser común ó que se engadir con ilusión e esforzo e que debe ser unha tarefa compartida e de todos.

Por iso coido que nos engadimos todos a esa exposición de motivos que fixo vostede porque foi un proxecto común, de todos os axentes económicos e sociais e por iso compartimos esa vontade.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A posición do Grupo Socialista é favorable á moción presentada polo Sr. Castrillo porque coidamos que resposta axeitadamente á pregunta de quen conduce e quen dá continuidade ó grande traballo en tempo e esforzo que permitiu que se elaborara o Plan Estratéxico Vigo-2010.

A verdade é que vemos o tema con escepticismo porque a Fundación Provigo non está a dar os pasos axeitados e alégrome das verbas da Sra. Alcaldesa ó respecto de axeitar as súas funcións e mesmo mellorar a súa representatividade para que, entroutras cousas, cumpra esa función garantista de dar continuidade a ese Plan Estratéxico elaborado por todos. Aplaudimos especialmente que a moción presente claramente a convocatoria do Consello Social dado o escepticismo e a certa parálise que observamos na

Fundación Provigo porque no Consello Xeral si está representado todo o tecido institucional; ademais da Sra. Alcaldesa están representados todos os Grupos municipais, a Xunta, a Deputación, a Mancomunidade; están todas as organizacións empresariais, sindicais e sociais da cidade e coido que é o momento axeitado de apoiar que entre todos revisemos qué pasa co famoso plan Vigo-2010 dado que coido que é importante que o poñamos en marcha.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreiras e Barros Puente e a Sra. Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinte sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Castrillo, instando á convocatoria do Consello Xeral do Plan Estratégico para o lanzamento do plan "Vigo 2010", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

27.- (119).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA CONSTITUIR DE XEITO INMEDIATO A COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO-ZONA FRANCA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de abril de 2004, a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, formula a seguinte moción:

"No Pleno do 2 de marzo, no que se aprobou o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Zona Franca para a constitución da sociedade mercantil "VIGO 2005", acordouse a instancias do BNG crear unha comisión de seguimento con presenza de todos os grupos municipais para avaliar e considerar as prioridades das actuacións que dentro do devandito convenio se precisan facer na cidade.

Despois do tempo transcorrido esta comisión aínda non foi creada a pesar da necesidade que existe, dado que o cometido da mesma, segundo o aprobado, é avaliar e considerar as prioridades das actuacións que se precisan acometer.

Mentres o goberno, nomeadamente a Alcaldía, non dá cumprimento do acordado en Pleno, enterámonos a través dos medios de comunicación de que algunhas das actuacións que se están a facer na cidade contan con financiación que

correspondería ó programa VIGO 2005 e concretamente por aportacións económicas de Zona Franca. É o caso da nova ornamentación floral da Gran Vía, mellor dito, dunha parte da Gran Vía, que esperemos non responda máis a intereses particulares que a intereses colectivos da cidade.

Non hai dúbida de que o acondicionamento e embelecemento dos espazos públicos de lecer é un efecto que toda a cidadanía agradece. Pero estamos a falar do acondicionamento dunha parte do axardinamento da Gran Vía, cunha financiación para este labor de 300.000 € (50 millóns das antigas pesetas) e preocupáanos tanto o destino dos fondos como a equidade que se fai deles xa que detectamos un abandono do resto dos parques e xardíns da cidade.

Dadas as múltiples necesidades que existen na cidade é polo que se presenta esta moción:

1.- Constituir nun prazo máximo de dez días a Comisión de Seguimento aprobada para avaliar e considerar as prioridades das actuacións que se precisa acometer na cidade dentro do Convenio de Colaboración Concello-Zona Franca polo que se constitúe a Sociedade Mercantil VIGO 2005

2.- Que se paralicen as actuacións que se están realizando mentres non se reúna a Comisión que decidirá os proxectos prioritarios."

A comisión informativa de Serviciós Xerais, na súa sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: É certo que esta moción se presentou antes de que se asinara o convenio con Zona Franca que suscitou o debate anterior e poderíamos pensar, de feito así o pensei nun primeiro momento, que poderíamos retirar esta moción dado que vostede mesma presentou a creación da comisión, non sei se dixo inmediatamente, pero si unha vez que estivera asinado o convenio.

Pero dado que hai un mes, cando o noso voceiro falou aquí tamén da creación desa comisión que se aprobara o mes anterior, vostede asentía coa cabeza sobre que esa comisión se ía crear, ou cando menos que se tiña que crear e polo tanto non está de máis que o Pleno desta Corporación debata a moción que presentamos e tome unha decisión con respecto a ela de tal xeito que sexa vinculante para o Goberno municipal.

Quero dicir tamén que cando presentamos esta moción, eu fixen unha exposición de motivos onde presentaba unha cuestión concreta relacionada cos investimentos do Vigo-2005 e concretamente coa nova ornamentación floral que se anunciou no mes de xaneiro pola Alcaldía e que suscitou numerosas fotos, primeiro para mirar como estaban os xardíns antes da súa remodelación, logo cando se plantou o primeiro ciclamen e así

sucesivamente. Digamos que ese tramo da Gran Vía significou moitas fotos positivas.

Nun momento determinado eu suxerín a conveniencia de observar qué pasaba con esa ornamentación floral e se efectivamente os 50 millóns de pesetas (trescentos mil euros) que naquel intre se dicían que ía significar ese investimento, ían ter relación con todas as zonas axardiñadas da nosa cidade ou en qué ía quedar.

O curioso é que logo de que no mes de xaneiro se comezara con esta remodelación dos xardíns da Gran Vía a día de hoxe, hai que ter en conta que estamos en plena primaveira, o primeiro de maio é dentro duns días, non observamos que no resto dos xardíns e dos parques da cidade se cumpra con este mesmo criterio de mellorar a ornamentación floral, agás efectivamente dalgúns sitios onde en vez de ciclámenes e tulipans puxéronse xeránios, por certo que dunha vistosisima e preciosa ornamentación, diría eu, e que dende logo non significan o mesmo gasto que poden significar os ciclámenes ou os tulipáns que son de temporada e que sabemos o que duran.

A min preocúpame o feito de que nestes momentos os xardíns da cidade non teñan o mesmo nivel floral que poida ter unha parte da Gran Vía porque a outra segue sen estar con flores, porque quen está poñendo as flores ten dúbidas de cando as vai cobrar ou se realmente o Concello ten para pagar isto dado o propio debate que se deu con anterioridade e dado tamén que coñecemos o investimento que tiña a Concellería para estes fins e que este investimento que se fixo agora supera con moito esa cuestión.

Polo tanto nós estamos completamente de acordo con que os xardíns desta cidade sexan o máis vistosos posibles, pero tamén estamos de acordo en que isto se faga coa medida suficiente para que non impida que sexan todos, xardíns e parques, os que estean nas debidas condicións.

Por iso seguimos mantendo a moción dado que entendemos que esa comisión ten o cometido, e así quedou establecido cando se aprobou en Pleno, de avaliar e marcar tamén as prioridades daquelas obras e accións que haxa que levar a cabo. Polo tanto mantemos a moción e pedimos a súa votación.

SR. RUÍZ CENICEROS: Aproveitando que a Sra. Fernández mantén a súa moción queremoslle lembrar neste Pleno ó Sr. Concelleiro de Urbanismo que con data 23 de febreiro de 2004 aprobou a constitución da comisión de seguemento dos convenios urbanísticos coa Zona Franca, concretamente a comisión de seguemento para o convenio de desenvolvemento do novo polígono de Matamá-

Valladares, o convenio para ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo e o convenio para a remodelación, revitalización, recuperación e desenvolvemento e relacións urbanísticas, culturais e turística da área urbana de Teis-Guixar. Acordouse que se ía realizar unha Xunta de Voceiros que consideraría esa comisión de seguemento; este é o segundo Pleno e ata a data non temos novas.

Por iso lles pregamos que coma emenda se inclúisen estes tres convenios para os efectos de que na comisión de seguimento, dúas comisións ou unha, se formula o seu estudo e execución. A este respecto consideramos de especial valor o segundo punto da proposta do Bloque Nacionalista no sentido de que, en tanto que non se constituía esa comisión, as actuacións de execución dos convenios se paralicen.

SR. FIGUEROA VILA. Sra. Alcaldesa, díxose que esa comisión sería o mércores e agora me acaban de facer unha petición coa que nós non temos ningún problema, o Sr. Soto estará fóra por un compromiso e por iso pregunta se se pode realizar o xoves. Se a todos os Grupos lles ven ben, o xoves ás cinco da tarde realizaremos esa comisión.

Dende o Goberno tampouco imos permitir baixo ningún concepto que a xestión destes catro meses se reduza a catro ou cinco flores ou plantas porque sería inxusto cando hai acadados unha serie de compromisos claros por este Goberno durante estes catro meses.

En medio ambiente acabamos de falar de 14 ou 15 millóns de euros que por moito proxectos que houbera enriba da mesa estaban sen consignar e non só así, senón que algúns mesmo en perigo de perder os fondos europeos de cohesión.

Eu non lles lín as cartas e é que chega un momento que se trae a documentación e se quere ser suave, pero cando se empeza a ler cartas dende outubro que din que os proxectos están paralizados, que estamos en perigo de perder 4 millóns de euros e a Sra. Alcaldesa ten que facer as xestións en Madrid, co Ministerio, para acadar ese proxecto e non perder eses 4 millóns de euros, xa lles digo que iso significa incapacidade, falla de xestión e irresponsabilidade dun goberno. Teño toda a documentación que lles podo pasar ós medios de comunicación de cartas remitidas dende o 29 de outubro ás que ninguén lles fixo caso. Esta é a primeira cuestión e as cartas están enriba da mesa, son de 29 de outubro, de 24 de novembro e así

ata que a Sra. Alcaldesa remata o problema o 28 de xaneiro. Como esta hai moitas máis cuestións.

Coido polo tanto que o equipo de Goberno ten que estar moi orgulloso do traballo que fixo nestes catro meses porque había cantidade de proxectos paralizados, proxectos que se puxeron en marcha con moitas dificultades porque son proxectos difíciles como o Plan Xeral, nova depuradora, traballos da depuradora actual, saneamento de varias parroquias, plans de recuperación do litoral como o de Alcabre e o da Guía que tamén estaban paralizados, etc.

Polo tanto, de se facer con rigor unha análise destes catro meses porque aí están os feitos que ademais se irán concretando nas vindeiras semanas e meses, é inxusto facer un debate e trasladalo a unha cuestión de flores.

Ademais dicímoslles á Sra. Alcaldesa e ó equipo de Goberno que segan traballando nesa liña porque os cidadáns o agradecen.

Proxectos coma o de Vigo-2005 que son importantísimos para a cidade non son inconvenientes nin froito dunha mala xestión dun equipo de Goberno, senón que houbo asesoramentos e informes que todos sabemos o que pasou e punto, pero hai que cambiar porque ¿qué facemos? Abeirámonos niso ou non facemos absolutamente nada porque os convenios coa Zona Franca (cousa que aquí non se dixo) a partir de agora van sufrir importantes variacións xa que a Lei de patrimonio cambiou e aféctalle directamente á Zona Franca.

Polo tanto que se diga todo e non só as verdades a medias, que se diga que os convenios coa Zona Franca van cambiar radicalmente cara ó futuro. Que cousa curiosa que ata agora ningún Avogado do Estado fixera informes sobre eses convenios e agora hai que os facer. Iso cando menos é curioso porque ¿cántos convenios se fixeron entre o Concello e Zona Franca nos últimos 15 anos? ¿cántos informes do Avogado do Estado hai enriba da mesa sobre eses convenios? Non hai ningún informe.

Entón sexamos claros, consecuentes e coherentes porque nós tamén temos que nos defender e tamén o sabemos facer. Podemos ser correctos, coherentes, calar, buscar o consenso e o diálogo, pero tamén nos sabemos defender e ímolo facer ata o límite con todas as consecuencias porque coido que hai un traballo ben feito. O lóxico é que cando chega un goberno se hai enriba da mesa proxectos importantes o primeiro que ten que facer, se ese Goberno ou Grupo político os apoiou antes, é sacalos adiante o máis axiña posible e iso é que estamos facendo. Xa se presentou un proxecto completo do bordo

litoral que pode ou non gustar pero si está enriba da mesa para discusión técnica. O Plan Xeral tamén está enriba da mesa.

Polo tanto dicir a todos os Grupos políticos que non estamos dispostos baixo ningún concepto a trasladar un debate a se flores si ou non cando hai moitos centos de millóns acadados e consignados nos últimos meses por xestións da Sra. Alcaldesa e do seu Equipo de Goberno.

Evidentemente que queda moito que facer nesta cidade pero en 4 meses non se poden facer máis cousas cas que fixemos, coido que son máis das que se poden facer cun goberno en minoría como é este.

Eu animo ós compañeiros de Goberno a seguer traballando na mesma liña, imos defender as nosas posturas e o noso traballo que coido que é bo, traballo dos nove compañeiros máis o da Sra. Alcaldesa, da xente que colabora connosco e por suposto tamén dos propios funcionarios.

SR. BARROS PUENTE: Dicir por alusións que nin este concelleiro nin este Grupo participaron tan siquera na batalla de flores que tanto afectou o Sr. Voceiro do Grupo municipal do Partido Popular.

En resposta á acusación de negligencia que lle fai ó Goberno anterior lle teño que contestar que se non fose unha falla de elegancia citarialle ata o nome dos funcionarios que estaban resolvendo, acomodando e buscando rapidamente o lugar para o investimento dun resto de fondos de cohesión que quedaba pendente de aplicación e que concretamente se ía destinar para a cuestión de auga e saneamento.

En toda a xestión do Goberno anterior ningún funcionario ou xefe de servizo pode argumentar que ata o último segundo ningún destes concelleiros no razoable exercicio das súas responsabilidades dilatou, obviou, mesmo deixou de considerar ningunha observación que se fixera.

Cando nalgún momento o Grupo do Bloque Nacionalista Galego presentou aquí a actualización do convenio entre o Concello de Vigo e a propia Consellería de Ordenación do Territorio, eu pódolles dicir ás súas señorías que no exercicio de responsabilidades que me competía coma concelleiro de Vías e Obras me puxera xa dúas veces en comunicación co propio conselleiro a través dos funcionarios desta Casa que levaban o estudo daquel convenio e foi a situación de provisionalidade do propio Concello de Vigo o que impediu o feito físico de que este convenio fose asinado, pero en absoluto ningún dos convenios estaba descoidado.

O Sr. Guerra e os demais concelleiros advertirían nos seus respectivos departamentos que ningún plan quedou sometido a demora porque a xestión política non estivera enriba, incluída obviamente a presentación de todos os borradores de todas as seccións do Orzamento.

Polo tanto, Sr. Figueroa, nós, que facemos acopio non só da nosa paciencia senón do sentido da nosa propia responsabilidade política acudindo na axuda dun Goberno en minoría que é moi razoable e moi decente que o exercite, acudimos en axuda do Goberno cada vez que é indispensable ou necesario.

Pero o que coido excesivo é que sexamos abroncados e sistematicamente acusados de ineficacia e mesmo de neglixencia, porque se vostede exhibe cartas ou documentos escritos que poñen de manifesto que o Goberno facía caso omiso desa información, indiscutiblemente que a responsabilidade política que nos imputa é a de pura e sinxela neglixencia e de que estamos condeados ó averno da oposición pola nosa incapacidade e non polo froito dalgún desacordo político que é razoable que calquera poidera admitir.

Polo tanto eu no sucesivo pregaría da súa exquisita prudencia no exercicio político que non acusase a quen non é fácil que se defenda na medida en que se vostede invoca cuestións non executadas ou non resoltas por un goberno anterior, indiscutiblemente resulta bastante difícil poder defenderse sen implicar a funcionarios o que sería unha falla de elegancia política na que non queremos cair. Moitas grazas.

SR. FIGUEROA VILA: Só unha matización para dicir que os funcionarios non teñen culpa de nada senón que pola contra as cartas dos funcionarios son de advertencia ós políticos sobre que hai un problema enriba da mesa que hai que resolver.

Polo tanto que quede esa matización moi clara, clarísima, é dicir, hai cartas de funcionarios dirixidas ós Grupos políticos e ós representantes da Corporación onde se di claramente cal é a situación e a contestación dos representates políticos é ningunha.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Alcaldesa, é para lle pedir que rematen con esta batalla de flores -é un dicir- porque non sexa (tómeno a broma porque me inclúo) que nos poidan dicir que facemos debates máis que de flores de capullos. E dixen que eu me incluía para que ninguén se sinta molesto.

Imos votar un tema sobre o que a Sra. Alcaldesa xa dixo que iamos ter unha comisión e por iso coido que deberíamos abreviar no debate.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Sr. Figueroa, pondérese porque nós so presentamos unha moción para que se cumpra un acordo plenario de hai un mes. A moción presentouse o 15 de abril e vostedes anuncian a constitución da Comisión a semana pasada. O mesmo ven de pasar coa moción que acabamos de presentar sobre o Plan Estratéxico.

Non nos dean tanto traballo á oposición e cunha vez que o digamos fáganno para que non teñamos que lles presentar novamente unha moción no Pleno.

Pondérese vostede e fáganos caso á primeira.

A PRESIDENCIA: Sr. Pérez Castrillo, ó longo deste Pleno xa lle dixen todas as vicisitudes que pasou o convenio e polo tanto a convocamos para cando puidemos: o xoves con carácter urxente.

A emenda non ten nada que ver co tema da moción pero a asumimos tamén e, se lles parece, o mesmo día formaranse as dúas comisións.

SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Non quero reiterar o debate pero hai un acordo agora de que se vai constituír a comisión o xoves.

Nós podemos substituír o punto número 1 polo acordo plenario de que o xoves se constituirá a comisión pero tamén manter o punto 2 dado que entendemos que esa comisión debe facer a avaliación, razón pola que é creada.

Mantemos o punto 2 e modificamos o 1 de acordo co que di o Sr. Figueroa.

Por certo, Sr. Figueroa, é loable a súa intervención en defensa do Goberno pero tamén é loable que dende a oposición cumpramos o noso papel. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Sr. Ruíz, ¿chégalle tamén co meu compromiso? Pasamos a votala.

(No momento da votación está ausente o Sr. Arias Moreira).

Emenda formulada polo concelleiro Sr. Ruiz Cenicerós, polo grupo municipal Socialista, durante o curso do debate:

Incluir na comisión de seguimento o estudo e execución dos tres convenios asinados anteriormente coa Zona Franca relativos ó desenvolvemento do novo polígono de Matamá-Valladares, convenio para a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo e o convenio para a remodelación,

revitalización, recuperación e desenvolvemento e relacións urbanísticas, culturais e turísticas da área urbana de Teis-Guixar.

A Sra. Fernández Davila acepta a anterior emenda do Sr. Ruiz Cenicerros, substituindo o punto primeiro da moción que se redacta na forma que figura na parte dispositiva do acordo de conformidade co manifestado durante o curso do debate.

(No momento da votación está ausente o Sr. Arias Moreira)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Convocar para o próximo xoves, día 29 de abril, ás 17 horas, á comisión de seguimento do convenio Consorcio da Zona Franca-Concello de Vigo, incluíndo tamén o estudo e execución dos tres convenios asinados anteriormente coa Zona Franca relativos ó desenvolvemento do novo polígono de Matamá-Valladares, convenio para a ampliación do parque tecnolóxico e loxístico de Vigo e o convenio para a remodelación, revitalización, recuperación e desenvolvemento e relacións urbanísticas, culturais e turísticas da área urbana de Teis-Guixar.

Segundo.- Que se paralícen as actuacións que se están realizando mentres non se reúna a devandita Comisión que decidirá os proxectos prioritarios.

28.- (120).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A ADOPTAR MEDIDAS DE VIXILANCIA E REGULACIÓN DO TRÁFICO NA ZONA DE O PROGRESO.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: A moción que lles presento é moi sinxela e ademais está contestada en parte porque me acaba de pasar un plano o Sr. Coello (moitas grazas, Sr. Coello) a respecto da nova recolocación de sinalización na Zona do Progreso.

O que pretendemos, Sr. Coello e señores do Goberno, é que aquelas zonas que son de uso peatonal así o sexan.

En concreto nesa zona dende o remate das obras que foi aproximadamente a finais do mes de outubro, estamos comprobando como neses espazos que foron deseñados, non para poñer unha tapa de pedra, senón para que servan ós

cidadáns de paseo, están empezando a seren ocupados por automóbiles nun aparcadoiro digamos que de carácter irregular e que crea problemas por unha parte ós cidadáns que por alí paseamos, pero ademais crea problemas para os traballos de carga e descarga do propio mercado do Progreso.

Con este plano que vostede me entrega hoxe (que por certo ten un erro porque fala de María Berdiales sendo Eduardo Iglesias e é conveniente que o corrixa) e entendendo que vostede vai prestar atención a que non se produzan aparcamentos que alí non corresponden porque hai zonas de aparcadoiro e aparcadoiros públicos suficientes. Entendéndose así eu retiro a moción, Sra. Presidenta.

A presente moción retírase da orde do día non sendo sometida a votación.

29.- (121).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A ADOPTAR MEDIDAS DE VIXILANCIA POR OCUPACIÓN DE BEIRARRÚAS NA ZONA DO CONSERVATORIO DE MÚSICA NA FLORIDA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de abril de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Toba Girón, formula a seguinte moción:

“Dende hai meses, os veciños e veciñas da couzada definida polas rúas Felipe Prósperi, Xosé Gil, Irmans Saravia e Camiño dos Pozos, observan como, de vagariño, vaise estendendo o hábito de deixar os automóbiles “aparcados” enriba das beirarrúas.

Esta ocupación das áreas destinadas exclusivamente ó movemento dos peóns polos automóbiles, ademais de expresar o colmo da indisciplina no cumprimento das normas de tráfico, xeran situacións de inseguridade e molestias nos arredores da parroquia de San Antonio de A Florida e do Conservatorio de Música, por ser, evidentemente, puntos de atracción pola súa propia actividade.

Sendo a situación arredor destes dous edificios e dun establecemento hoteleiro cercano ben coñecida e demasiado sofrida xa, sorpréndenos a ausencia permanente de Policía Local e vixilancia na zona, estando radicado alí un centro de educación ó que asisten máis de 500 rapaces e rapazas e estando ante un exemplo de indisciplina sistemático e xerador do máximo risco. O combate contra a dobre fila e outros actos de indisciplina aparécense como absolutamente secundarios ante a pura “ocupación” como zona de aparcadoiro das beirarrúas.

En razón do exposto, o Grupo municipal do BNG propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Instar a esta Alcaldía e ó Concelleiro delegado de Tráfico e Seguridade a adoptar as medidas de vixilancia precisas para impedir a ocupación das áreas de beirarrúa na zona indicada, instando, se fose necesario, os mecanismos de protección (bolardos, etc.) que se necesiten.”

A Comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do día 19 de abril de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Sinálolles nesta moción un problema que se está suscitando nos arredores do novo Conservatorio e da propia parroquia de San Antonio da Florida.

Tamén o Sr. Coello (agradézollo) invítame a repasar un plano que me acaba de entregar e que repasarei.

Pero eu do que lles falo na moción non é en si mesmo da propia estrutura do tráfico que ó meu entender, independentemente de que vou estudar ese plano con coidado, seméllame aparentemente correcta. Eu o que lles presento é que nesa zona (isto é o máximo) se están aparcando os automóviles enriba das beirarrúas, non subindo unha roda ó bordo que iso ata certo punto humanamente, como diría o Sr. Soto, pode ser asumible, senón aparcando totalmente o automóbil enriba das beirarrúas. Isto seméllame o máximo da indisciplina. Por suposto que a dobre fila é un problema pero o que xa é o máximo é que se utilicen as beirarrúas coma zonas de aparcadoiro nun lugar onde hai un centro de educación onde van máis de cincocentos rapaces e rapazas da nosa cidade, lugar onde hai unha parroquia por certo que con bastante afluencia de persoas segundo podo comprobar porque vou moito polo conservatorio.

En suma, só lle pedimos nesta moción, e estou seguro que o Sr. Coello vai aceptala, que se impida a ocupación das áreas que son para os peóns, que se impida definitivamente que os automóviles aparquen enriba das beirarrúas metendo logo a marcha atrás para ver coma saen sen ver nin siquera que acontece detrás.

Pódese impedir por vía de disciplina, de vixilancia ou de colocación de bolardos ou calquera outro sistema físico. En todo caso impídanlo antes de que o teñamos que lamentar.

SR. COELLO BUFILL: Xa se lle deron instrucións concretas ó Xefe da Policía Local para que faga unha vixilancia contundente nestas dúas zonas que comentou o Sr. Toba.

Tamén dicir que na zona da Praza da Miñoa que estiveron percorrendo cos técnicos, xa hai demasiados ferros por riba das beirarrúas.

En concreto alí hai un problema cun hotel pero iso se está a estudar porque me dixeron os técnicos que ten algunha concesión ou algo para poder aparcarse por riba da beirarrúa, é concretamente diante dun hotel que todos coñecemos.

Faremos ese estudo e contestarei persoalmente. Moitas grazas.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Arias Moreira e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, sobre adopción de medidas de vixilancia por ocupación de beirarrúas na zona do Conservatorio de Música na Florida, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAL DO PP, PSdeG-PSOE, BNG E DPG SOBRE RETRIBUCIÓNS ÓS CONCELLEIROS QUE NON OSTENTEN DEDICACIÓN PARCIAL NIN EXCLUSIVA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de abril os voceiros dos grupos municipais formulan a seguinte moción:

"O art. 75.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, textualmente indica:

"Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación que formen parte, na contía sinalada polo Pleno da mesma."

En virtude do exposto propónse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Sinalar a contía das indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación para os concelleiros que non ostenten dedicación exclusiva nin parcial nos importes que se indican na Base 36 de execución do orzamento da anualidade de 2003. Entendendo que en aplicación do previsto no título X da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do goberno local, onde di "Comisión de Goberno" está a referirse a "Xunta de Goberno Local".

Segundo.- En ningún caso o importe das indemnizacións que se perciban polo concepto indicado nun período de 12 meses poderá sobrepasar a cantidade anual percibida polos concelleiros en réxime de dedicación parcial segundo acordo do Concello Pleno adoptado en sesión de data 29 de decembro de 2003, que modificou parcialmente o seu acordo de data 28 de outubro referente á determinación dos cargos con dedicación exclusiva e parcial, publicado no BOP do 11 de novembro.

Terceiro.- Publicar, de conformidade co previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, o presente acordo no BOP e Taboleiro municipal.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención Xeral e Tesourería Municipal."

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Temos unha moción urxente que xa coñecen os Sres. Voceiros. Trata dunha serie de cuestións sobre as retribucións dos Sres. Corporativos.

Que quede claro que non se varían as retribucións, o único é que hai unhas cuestións legais de fondo que hai que corrixir porque senón algúns terían problemas para percibir esas dietas que se asignaron por dedicacións parciais a final de mes.

Está acordado e non hai problema. Non hai variación económica, o único é facer unhas modificacións para nos adaptar a unha serie de situacións legais das que os propios Sr. Secretario e Sra. Interventora teñen coñecemento.

(No momento das votacións están ausentes os Sres. Arias Moreira e Soto Ferreiro).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de

abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a moción sinada polos catro grupos municipais do PP, PSdeG-PSOE, BNG e DPT, sobre retribucións ós concelleiros que non ostentan dedicación parcial nin exclusiva, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

30.- (122).-ROGOS E SUXESTIÓNS.

* ROGO DO CONCELLEIRO SR. ALONSO VAZQUEZ, DE DPG, SOLICITANDO RESPONSTA Á SÚA MOCIÓN DO 26.01.04 RELATIVA Ó CIRCUITO DE VELOCIDADE.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: Ante todo pido disculpas pola miña ignorancia política. Non sabía que había que lle mandar primeiro unha carta cos rogos e preguntas.

O día 26 de xaneiro presentei unha moción sobre o circuito de velocidade que se aprobou por 20 votos a favor. Quería saber sinxelamente a xestión que fixo a Sra. Alcaldesa con respecto a este tema, se hai algo ou nada avanzado ou como está o tema.

A PRESIDENCIA: Se lle parece contestarémolle por escrito.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Non hai ningún problema.

* ROGO DO CONCELLEIRO SR. PEREZ MARIÑO, DO GRUPO DO PSdeG-PSOE, RELATIVO A ACTUACIÓNS RELACIONADAS CO EDIFICIO CAMBÓN.

SR. PÉREZ MARIÑO: Prégolle en nome do Grupo Municipal Socialista que non se realice ningún tipo de actuación previa á convocatoria da comisión creada para os efectos no Pleno anterior que afecte ó edificio Cambón.

* ROGO DO CONCELLEIRO, SR. PEREZ CASTRILLO, RELATIVO Á ENTREGA DE INVITACIÓN ÓS GRUPOS MUNICIPAIS PARA ASISTENCIA A ACTOS OFICIAIS.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Na última semana foi a inauguración dun centro da terceira idade en Bembrive. Non sei se foi por un erro de protocolo ou por un esquecemento pero non foron invitados os Grupos municipais.

Pregaríalle que mirase que puido pasar e que a partir de agora deixe á potestade dos Grupos ir ou non ir a calquera evento que haxa, pero en todo caso que sexamos avisados.

A PRESIDENCIA: Ten razón, a invitación non a cursaba o equipo de Goberno pero dende logo que se lles comunicará a todos os Grupos sobre as invitacións que teña o Goberno.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA SRA. MARTÍNS VILANOVA, DO GRUPO DO BNG, SOBRE CESIÓN DO AUDITORIO MUNICIPAL Ó "CENTRO DE TERAPIAS ALTERNATIVAS KRYON".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de abril de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Vilanova, formula a seguinte pregunta:

"Tendo chegado ás miñas mans un tríptico informativo escrito en lingua castelá, co logotipo do Concello de Vigo e da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, sobre actividades do centro de terapias alternativas Kryon, incluíndo unha conferencia no Auditorio municipal sobre dinámica axial que ten como obxectivo anunciar un taller seminario posterior deste Centro Kryon a un prezo de 120 €.

Tendo en conta que as bases para a utilización do auditorio da Casa do Concello aprobadas pola Comisión de Goberno de data 10 de febreiro de 2003, na base quinta, apartado a.3 di: "Que as actividades se axusten á finalidade sociocultural, educativa ou institucional da programación impulsada polo Concello de Vigo".

No apartado B) "Quedan excluídas as solicitudes de uso que se realicen con ánimo de lucro e as de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo".

Na base novena, punto 3: "A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades será o galego".

Considerando que a actividade de referencia incumpre todos estes apartados pregunto:

Qué criterios se seguiron para proceder á concesión do uso do Auditorio Municipal para o desenvolvemento de tal actividade?"

SRA. MARTINS VILANOVA: A miña pregunta ven a conta por un tríptico que chegou ás miñas mans hai uns días e do que vou informar brevemente do seu contido.

É un tríptico do Centro de Terapias Alternativas Kryón que anuncia unhas actividades como a "de conocer y rescatar a tu niño interior. El niño interior es la armonía de tu vida, tu energía para el éxito, tu ingenio para el dinero, tu imán para el amor". Continua anunciando dentro un taller-seminario: "Maestría en dinámica axial", "cómo situarse en el propio centro y hacer girar la vida en armonía con el éxito y el dinero; para desarrollar el niño interior y las capacidades para el éxito económico; el mandala como imagen dinámica de la mente y del alma". E poderíamos continuar así un pouquiño máis.

Logo inclúe unha programación: "Jueves 1 de abril, conferencia gratuíta. Viernes 2 y lunes 5 consulta personalizada. Precio 100 euros; pedir cita, lugar: Centro Kryón. Sábado 3 y domingo 4 de abril taller-seminario sobre dinámica axial, precio 120 euros, lugar centro Kryón".

Como semella que os deste centro non perden nin tempo nin espazo, polo reverso di que "La conferencia se realizará en el Auditorio Municipal do Concello de Vigo. Organiza Kryón, centro de terapias alternativas, librería, artículos de regalo. Zamora 88". Logotipo do Concello de Vigo, Festas e Animación Sociocultural.

Eu, tendo en conta que as bases para a utilización do auditorio da Casa do Concello, aprobadas pola Comisión de Goberno con data 10 de febreiro, na base 5ª, apartado a), punto 3, di: "Que as actividades se axusten a finalidades socioculturais, educativas ou institucional da programación impulsada polo Concello de Vigo". E no apartado b) di que "Quedan excluídas as solicitudes de uso que se realicen con ánimo de lucro e as de venda directa, indirecta ou de promoción de artigos de consumo". E na base novena do punto 3: "A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión das actividades será o galego".

Considerando que esta actividade de referencia incumpre todos estes apartados a pregunta concreta é ¿Qué criterios se seguiron para proceder á concesión do uso municipal para o desenvolvemento de tal actividade?.

A PRESIDENCIA: Contestareille por escrito porque non sei nin de qué me fala.

* PREGO DA CONCELLEIRA SRA. PORTEIRO GARCIA, DO GRUPO DO PSdeG-PSOE, SOBRE OS CONCERTOS DO XACOBEO.

SRA. PORTEIRO GARCÍA: O noso Grupo ten interese en solicitar de vostede información sobre os anunciados concertos que o Xacobeo realizará na nosa cidade dado que xa estamos rematando o mes de abril e anunciáronse publicamente polo Sr. Conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia. Gustaríanos saber qué concertos van ser, onde se van realizar e en qué datas.

A PRESIDENCIA: Cando por parte da Xunta de Galiza nos digan qué concertos van ser dirémolo a todo o mundo e por suposto a vostedes. Se non hai máis preguntas remata a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta e un minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.

